



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Serie Pleno
Número 142

Sesión plenaria
17 de decembro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG2Y11614p3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto único: Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 (10/PL-000019 doc. núm. 57865)

Publicación do ditame da comisión, BOPG nº 575, do 12.12.2019



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona Rosa Quintana Carballo (P). (Páx. 6.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3^a, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020. (Punto único da orde do día.)

O señor presidente expón o esquema da sesión e comunica a permanencia de emendas para o seu debate. (Páx. 6.)

Presentación do ditame da comisión: Sra. presidenta da Comisión 3^a, Economía, Facenda e Orzamentos (Porritt Lueiro). (Páx. 6.)

Debate conxunto dos estados de gastos

Rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da comisión e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 8.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 17.), Sr. Lago Peñas (GCE) (Páx. 25.), Sra Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 30.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 38.)

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas defendidas polos demais: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 46.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 49.), Sr. Lago Peñas (GCE) (Páx. 52.), Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 55.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 58.)

Debate do articulado

Rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o texto articulado do ditame da comisión e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sr. Casal Vidal (M) (Páx. 61.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 65.), Sra. Torregrosa Sañudo (GCE) (Páx. 70.), Sra. Porritt Lueiro (S) (Páx. 74.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 78.)

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas defendidas polos demais: Sr. Casal Vidal (M) (Páx. 83.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 85.), Sra. Torregrosa Sañudo (GCE) (Páx. 87.), Sra. Porritt Lueiro (S) (Páx. 89.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 90.)

A señora Torregrosa Sañudo (GCE) pide a palabra e expón unha queixa sobre determinadas afirmacións do señor Tellado Filgueira (P), que tamén intervén sobre este asunto. (Páx. 92.)



I Votación dos estados de gastos

Votación das emendas aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais

Votación das emendas 110 á 133 do G. P. Mixto aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais: *rexeitadas por 20 votos a favor, 39 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 94.)

Votación das emendas 32, 82, 83, 84, 85, 86, 94, 99, 100, 108 e 109 do G. P. Mixto aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 94.)

Votación das emendas 158, 162, 166 e 173 do G. P. Mixto aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 94.)

Votación da emenda 195 do G. P. Mixto aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 94.)

Votación conxunta das emendas do G. P. Mixto aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais, agás as emendas deste grupo xa votadas: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 95.)

Votación das emendas 80 á 121, 365 á 368, 179 á 181, 203 á 209, 212 á 217, 220 á 234, 236 e 313 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais: *rexeitadas por 20 votos a favor, 39 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 95.)

Votación conxunta das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais, agás as emendas deste grupo xa votadas: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 95.)

Votación das emendas 18, 27, 167 á 208 e a 244 do G. P. do Grupo Común da Esquerda aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais: *rexeitadas por 20 votos a favor, 39 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 95.)

Votación conxunta das emendas do G. P. do Grupo Común da Esquerda aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais, agás as emendas deste grupo xa votadas: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 96.)

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 96.)



Votación dos orzamentos de todas as seccións e de todas as entidades públicas instrumentais

Votación dos orzamentos da sección 01 (Parlamento de Galicia), da sección 02 (Consello de Contas), da sección 03 (Consello da Cultura Galega) e da sección 20 (Consello Consultivo de Galicia): *aprobados por 39 votos a favor, 14 en contra e 20 abstencións.* (Páx. 97.)

Votación dos orzamentos do Consello Económico e Social e do Consello Galego de Relacións Laborais: *aprobados por 39 votos a favor, 14 en contra e 20 abstencións.* (Páx. 97.)

Votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais, agás os das seccións e entidades votados previamente: *aprobados por 39 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 97.)

II. Votación do texto articulado do ditame

O señor presidente comunica que se vai proceder á votación conxunta das emendas presentadas ao texto articulado do ditame por cada un dos grupos parlamentarios. (Páx. 98.)

Votación conxunta das emendas do G. P. Mixto ao articulado do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Votación conxunta das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao articulado do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Votación conxunta das emendas do G. P. do Grupo Común da Esquerda ao articulado do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao articulado do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Votación do texto articulado do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020: *aprobado por 39 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

Remata a sesión ás tres e corenta e cinco minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a súa inasistencia a este pleno a deputada dona Rosa Quintana, por atoparse en Bruxelas con xestións da súa consellería.

Entramos na orde do día do pleno.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020

O señor PRESIDENTE: O esquema que imos seguir é, primeiro, a presentación do ditame; posteriormente o debate conxunto dos estados de gastos e, despois, o debate ao articulado. Mantéñense vivas emendas presentadas, en concreto, polo Grupo Mixto, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, polo Grupo Común da Esquerda e polo Grupo Parlamentario Socialista.

Presentación do ditame da Comisión

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, para presentar o ditame da Comisión ten a palabra a presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, dona María Teresa Porritt Lueiro.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Porritt Lueiro): Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Presentación do Ditame sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2020.

O proxecto de lei tivo entrada no rexistro do Parlamento o día 19 de outubro de 2019. A Mesa do Parlamento, na reunión do día 19 de outubro de 2019, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

As emendas á totalidade foron cualificadas o 11 de novembro de 2019. Os grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto formularon emendas de devolución global dos orzamentos xerais e dos orzamentos das seccións, así como emendas non devolutivas que transferían créditos sobre aplicacións de diferentes seccións ou modificaban a contía total dos estados de in-



gresos e gastos. Todas as emendas foron desbotadas na sesión do Pleno do 18 de novembro de 2019.

As emendas parciais que se detallan a continuación foron cualificadas o 22 de novembro de 2019. Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, unha emenda ao articulado e seis emendas aos estados numéricos, o que fai un total de sete emendas; polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 75 emendas ao articulado e 624 emendas aos estados numéricos, —un total de 699 emendas—; polo Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, 59 emendas ao articulado e 395 emendas aos estados numéricos —un total de 454—; polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 36 emendas ao articulado e 386 emendas aos estados numéricos, o que fai un total de 422 emendas; polo Grupo Parlamentario Mixto, 38 emendas ao articulado e 244 aos estados numéricos —un total de 282—.

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión do 25 de novembro de 2019, designou os seguintes ponentes: polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, don Pedro Puy Fraga, como titular, e don Miguel Ángel Tellado Filgueira, como suplente; polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona María Teresa Porritt Lueiro, como titular, e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, como suplente; polo Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, dona Julia Torregrosa Sañudo, como titular, e don José Manuel Lago Peña, como suplente; polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Noa Presas Bergantiños, como titular, e dona Olalla Rodil Fernández, como suplente; polo Grupo Parlamentario Mixto, don Francisco Casal Vidal, como titular, e don David Rodríguez Estévez, como suplente.

A sesión da Ponencia tivo lugar o 27 de novembro de 2019, e nela rematouse o informe, que contén as recomendacións que lle fixo á Comisión, consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular. Tamén recomendou a aprobación das números 55 e 61 do Grupo Parlamentario dos Socialistas e da número 48 do Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda.

En relación coas restantes emendas, a Ponencia, por maioría, recomendoulle á Comisión o rexeitamento das presentadas ao articulado polos grupos parlamentarios Mixto, do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Común da Esquerda e dos Socialistas de Galicia.

As emendas aos estados de gastos presentadas por estes grupos quedaron pendentes para a Comisión. A Comisión, reunida os días 5, 9 e 10 de decembro de 2019, aprobou por maioría o informe emitido pola Ponencia e rexeitou as emendas presentadas aos estados de gastos polos grupos parlamentarios da oposición.

O número de emendas mantidas para o presente pleno é o seguinte: polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 73 emendas ao articulado e 624 emendas aos estados numéricos; polo Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, 58 emendas ao articulado e 395 emendas aos estados numéricos; polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 36 emendas ao articulado e 386 emendas aos estados numéricos; polo Grupo Parlamentario Mixto, 38 emendas ao articulado e 244 emendas aos estados numéricos. Polo tanto, quedan pendentes de tramitación polo Pleno 1.854 emendas.



O ditame consta dun texto articulado e duns estados numéricos constituídos polos estados de ingresos, de gastos e financeiros. O orzamento total consolidado ascende a 11.821.575.337 euros. O texto articulado consta dunha exposición de motivos seguida de 62 artigos agrupados en seis títulos, 16 disposicións adicionais, 2 disposicións transitorias, 3 disposicións derradeiras e 7 anexos. O título I refírese á aprobación dos orzamentos e ao réxime de modificación de créditos. O título II regula os gastos de persoal. O título III é o referido ás operacións de endebedamento e ás garantías. O título IV regula a xestión orzamentaria. O título V está dedicado ao financiamento das corporacións locais, e o título VI é o referido ás normas tributarias, que inclúe un único precepto en relación cos criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental e o canon eólico, xa que a meirande parte da regulación tributaria se contén no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que se tramitará no Pleno este mesmo día.

Finalmente determínase o prazo da vixencia da futura lei, así como a súa data de entrada en vigor.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Porritt.

Comezamos, polo tanto, co debate conxunto sobre os estados de gastos.

Debate conxunto dos estados de gastos

O señor PRESIDENTE: En primeiro lugar, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, señor presidente.

Señorías.

«O ser humano ten un problema de dominación. O home domina a natureza, o home domina a muller, os adultos dominan os pequenos e os ricos dominan os pobres. Temos que acabar con isto e comezar a respectar.». Estas palabras, señorías, forman parte das conclusións extraídas por Aura e por María, dúas activistas do movemento galego polo clima que participaron no cumio social que tivo lugar en Madrid contra o cambio climático e no que se extraeron conclusións bastante máis interesantes que aquelas que foron capaces de acordar os países que tiñan a responsabilidade de facer algo para poñer remedio ao cambio climático.

Seguen dicindo Aura e María: «¿Que podemos facer? As conclusións que se poñen en común eran parar todos os novos proxectos de petróleo, gas e carbón, aínda que se presenten baixo a máscara da transición; iniciar unha revolución no transporte, na industria, na construción e no emprego; unha transición enerxética agrícola, forestal e alimentaria; adaptar os territorios ao cambio climático; protexer as poboacións máis vulnerables; crear prácticas e ferramentas para a resiliencia e para a resistencia ao impacto do cambio climático; garantir que a xustiza social estea presente nas solucións propostas —o actual sistema económico,



ademais de causar o cambio climático, tamén causou uns niveis de pobreza extrema, fame e desigualdade económica—».

Señorías, estas conclusións forman parte do presente, dun presente incómodo, dun presente que non nos é alleo a ningunha e a ningún de nós, e que forma parte das emerxencias que está a vivir o noso país. Señorías, as emerxencias que derivan da situación climática, da situación ambiental, non son alleas a Galicia. E, polo tanto, non poden ser alleas tampouco aos orzamentos de Galicia para o ano 2020. A emerxencia climática forma parte do conxunto de emerxencias que vive o noso país, canda a emerxencia social e canda a emerxencia feminista, pero que estes orzamentos parecen non atender. A Xunta parece considerar, e desde a maioría popular —vímolo no debate de totalidade, vémosto agora tamén tras o trámite de debate das emendas en comisión—, que o nivel de barreiras que hai que superar é demasiado elevado e, polo tanto, é mellor renderse. Estes orzamentos seguen representando, despois do trámite e ata este momento, un goberno que asume a derrota política para Galicia fronte ás súas emerxencias, que non cre no seu propio país, que reforza a idea dunha Galicia que se atopa na fin do mundo e que non pode facer nada para remediar o destino que lle foi adxudicado.

Nós, pola contra, desde En Marea si cremos na sociedade galega. E por iso mantemos as nosas emendas aos orzamentos de 2020 presentados pola Xunta de Galicia, uns orzamentos que nós entendemos que non valen neste momento para facer fronte a estas emerxencias. Temos unha situación xa de contracción económica, máis acusada que a media española —e, polo tanto, dentro do noso contexto económico—, cun incremento xa do paro que é superior ao que se produce tamén dentro do contexto estatal. Temos unha situación de decadencia industrial —que non deixará de ser debatida nesta Cámara nos próximos meses— que tampouco ten un reflexo orzamentario para ser combatida e para ser redirixida. Temos unha situación, en definitiva, que, en termos sociolaborais, pode ser definida como unha situación de cada vez menos traballo, cada vez un traballo de peor calidade e que vén acompañada ademais cunha desprotección social e un recorte de servizos públicos de carácter esencial, o cal dá lugar a unha situación de indesexable precariedade vital. Esta precariedade vital, da que temos discutido moitas veces tamén nesta Cámara, dá lugar a que datos como a taxa AROPE sinalen un número de persoas no umbral da pobreza e da exclusión social ben superior ás 600.000 persoas e máis de 34.000 fogares sen ingresos, ou a idea especialmente dramática de que o 1,6 % da poboación se sitúa na carencia material severa no noso país.

Polo tanto, temos unha situación complicada, que se complica cada día máis e á que os orzamentos non dan solución. A decadencia económica, máis precariedade laboral e máis desmantelamento do verdadeiro Estado do benestar, do verdadeiro Estado social —no que a nós nos interesa, da autonomía social—, é o que xera, na nosa opinión, unha situación de múltiple emerxencia.

E isto non significa que estes orzamentos non teñan un plan para Galicia. Téñeno, pero nós pensamos que ese é un plan que non convén á maioría social deste país. Hai unha serie de mantras neoliberais que se volven repetir nestes orzamentos e que non cambiaron durante a tramitación: a redución do peso do gasto público; a baixada dos impostos aos ricos —o



que implica necesariamente contar con menos recursos para poder atender as necesidades sociais — e máis privatizacións e aumento, como consecuencia de todo o anterior, das desigualdade sociais; o mantra da eficiencia económica, que implica abandonar e deixar atrás áreas despoboadas ou envellecidas, ou o peche de servizos públicos de carácter esencial e desatender servizos que non se miden en cartos nin se miden en números senón que se deben medir con persoas e en relación co benestar; unha suposta non intervención na economía e no mercado que leva tamén á despreocupación polas crises industriais e económicas que vive o noso país.

Vivimos, en definitiva, señorías, nunha situación, nun modelo, que só se preocupa por crear as condicións básicas para o esquilmo do territorio e o espolio dos nosos recursos naturais, que vén acompañado, ademais, dunha inxusta política fiscal de ingresos e gastos. Esta política é perfectamente definible como antisocial e plásmase nuns orzamentos que, nun nivel macro, como saben, se realiza mediante importantes concesións ás rendas máis altas e ás grandes corporacións, con baixadas de impostos selectivas para os ricos coas que se prexudica o conxunto da poboación —e todo isto sen compensación de ningún tipo—; e, polo lado do gasto, cunha redución dos orzamentos que golpea servizos públicos e a creación de emprego, polo que resulta imposible remontar o profundo dano xerado polos recortes impostos na última década.

Hai unha rebaixa impositiva para os ricos que implica menos impostos e que implica inxustiza tributaria, falta de redistribución da renda-riqueza. Cada vez que se lles baixa os impostos aos ricos o que se está facendo é deixar no seu peto máis diñeiro, diñeiro que podería ir para redistribuír, para xerar oportunidades de xustiza social, algo que non sucederá despois do trámite achegado ata agora nestes orzamentos.

Quero poñer os tres exemplos básicos. No imposto de sucesións este ano quedan exentos de tributación todas aquelas persoas que herden dun proxenitor ata 1 millón de euros. ¿Isto é xusto? Nós pensamos que non é xusto, porque é unha manifestación de riqueza, e iso supón que aqueles que máis teñen van ter aínda máis en detrimento do conxunto da poboación. O imposto de patrimonio xa se baixou o ano pasado e iso supuxo que as 6.000 persoas máis ricas de Galicia quedasen con máis diñeiro no seu peto. Nós intentamos durante a tramitación destes orzamentos unha modificación legal —que a debatemos nesta Cámara e á que se opuxo a maioría popular— para recuperar o tipo de gravame para que aqueles que máis teñen compartan solidariamente co conxunto da poboación, algo que foi negado pola maioría insolidaria do Partido Popular, e así agora temos menos recursos para facer políticas sociais. E finalmente tamén está a idea de entender que hai determinados beneficios fiscais que supoñen tamén renuncias a ingresos que non son admisibles, e entre eles está a compra de segundas vivendas en lugares de veraneo, como sucede, por exemplo, en Barreiros, como sucede en Perbes, ou como pode suceder en Miño ou na Illa de Arousa, que nós pensamos que non están faltas de investimento de carácter inmobiliario por máis que terme nisto o Partido Popular.

Finalmente, tamén denunciámos que non hai ningún correlativo por parte destes orzamentos no combate, na loita, contra a fraude fiscal. O 22 % do noso produto interior bruto é economía somerxida, fronte á media europea, que é do 18,2 %. E non nos dotamos de instrumentos e de medios persoais ou materiais para combater eficazmente todo isto.



Tampouco nos vale, en termos macroeconómicos —que non resultaron contraditos porque non resultou aprobada de forma significativa ningunha emenda que modifique esta situación—, todo o orzamento que hai para as funcións esenciais de gasto público, no que ten que ver coa sanidade, coa vellez, coa atención sanitaria, coa familia e coas situacións máis graves para o conxunto da cidadanía. Quero recordar que o gasto medio na Unión Europea nestas funcións, particularmente en sanidade e educación, se sitúa no 7 % e no 4,5 %, mentres que no caso galego está no 6 % e no 3,6 %.

E se esta trampa non chegase, temos complementariamente a trampa de orzar pero non executar, que é un clásico. Non repararei demasiado nisto por falta de tempo, pero quero recordar dous exemplos aos que non me resisto. En primeiro lugar —e aquí, co conselleiro de Economía diante—, os orzamentos en I+D, que foron orzados e que non foron executados durante os últimos anos. No período da era Feijóo deixáronse de gastar máis de 240 millóns de euros en partidas de investigación, desenvolvemento e innovación, ¡240 millóns de euros!, cando xa temos uns orzamentos que globalmente están practicamente á metade do investimento en I+D no Estado e non digamos xa respecto da ratio da Unión Europea. E en materia de emprego a situación é verdadeiramente escandalosa. Desde o ano 2011 ata o ano 2018 deixáronse sen executar 245 millóns de euros en políticas activas de emprego. Isto ¿que significa? Isto significa que, incluso dos orzamentos que vaíamos ver aprobados despois do día de hoxe, unha parte importante —e, no caso das funcións que teñen que ver con políticas activas de emprego, aproximadamente un 40 %— será fume, porque non chegará nunca a executarse. Igualmente ocorre no I+D, no que practicamente o 25 % delas serán fume porque non se chegarán tampouco a executar.

Por estas razóns, nós consideramos que estes orzamentos viven á marxe da realidade de Galicia, dunha realidade que está marcada por tres emerxencias.

En primeiro lugar, temos a emerxencia ambiental, aínda que, como vemos, a Xunta non considera darlle a importancia que realmente ten. Se consideramos a situación de gastos actual, basta comprobar canto consignamos en todas aquelas partidas destinadas a actuacións contra o cambio climático e ao gasto destinado a combatelo, que non chega a 450 millóns de euros; é dicir, ao 4,3 % do orzamento total.

Vivimos tamén nunha situación de emerxencia feminista pola desigualdade, que é evidente, entre mulleres e homes —non soamente a nivel salarial senón a outros niveis da vida—. E, sen embargo, os fondos destinados, por exemplo, á protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero resulta ser das partidas que menos se incrementan neste ano, que era supostamente de incremento do gasto público en partidas sociais. Concretamente o aumento é do 1,22 %, moito por baixo do que medra o conxunto dos orzamentos, e pasa de 14,1 a 14,27 millóns de euros. Nos intentamos nas nosas emendas parciais —como agora demostrarei— aumentar estas cantidades e mellorar esta situación. Veremos o que vota o Partido Popular. Este incremento que se amosa neste momento nas contas para nós non é significativo, especialmente cando se ten en conta o que xa foi executado no ano 2018.

A crise industrial, que preconiza a emerxencia social dun paro insoportable —e que funciona, xa está funcionando, como tarxeta de embarque da nova emigración—, non resulta un pro-



blema para a Xunta do Partido Popular, que pasa de 925 millóns a 273 no ano 2018, e que para o ano 2020 volve caer un 16 %. Perdón, desculpen —hai un problema aquí coas cifras—, estábame referindo ao relativo á emerxencia climática. Estaba falando concretamente da crise industrial como preconizante da emerxencia social, e isto é comprobable tamén co contraste entre os orzamentos do 2018 e 2019. A partida destinada ao desenvolvemento empresarial caeu o 1,28 %, co cal dificilmente podemos repoñernos desa decadencia industrial cando minguan os orzamentos.

A terceira das emerxencias é a emerxencia climática, que reclama un cambio de mobilidade de cara a un transporte colectivo e eléctrico —sexa tren, tranvía ou autobús—. Isto tamén se ignora pola Xunta de Galicia, que segue pensando, coma no século XX, que infraestrutura soamente é sinónimo de estradas. Esta é a partida que máis viu reducido o seu orzamento. Dende o 2009 descendeu nun 70 % —agora si está a cifra ben dada—, pasando de 925 millóns a 273 no ano 2018, e que para o 2020 volve caer case nun 16 %.

Con todo o exposto, señorías, os orzamentos de 2020 presentados pola Xunta —que non melloraron en nada durante a tramitación parlamentaria— supoñen unha negación da realidade económica e social na que vivimos. Asumen unha visión derrotista e pesimista do territorio, e desatenden as emerxencias climáticas, sociais e feministas nas que estamos inmersos. Pola contra, fan simplemente do Xacobeo, e dos agasallos fiscais que se manteñen, a solución a calquera mal que vive o noso país. Nós pensamos que esta situación debe de ser desprazada por unha alternativa orzamentaria baseada nos valores que ten a propia sociedade na que vivimos. Galicia é unha sociedade feminista, ecoloxista e solidaria. En definitiva, é xusta e, polo tanto, merece outros orzamentos diferentes acordes cos seus valores. E por iso hoxe presentamos aproximadamente 250 emendas que moven ao redor, dentro de cada partida, de 500 millóns de euros. Mesmo dentro dos límites deste debate orzamentario nós pensamos que permitirían mellorar a atención ás emerxencias do noso país, que o Partido Popular está empeñado en ignorar.

Voume referir agora, no resto da intervención, a partidas concretas; partidas concretas que melloran, concretamente en cada unha das seccións, cada unha destas ratios de emerxencia nas que estamos vivindo e que pensamos que deberían ser atendidas. Polo tanto, estando aínda a tempo, chamámoslos a unha reflexión antes das votacións.

Comezando pola emerxencia feminista, as accións integrais contra a violencia de xénero deberían ser beneficiarias dun incremento de partida, na nosa opinión, así como de recursos habitacionais. O primeiro que necesitan as mulleres que sofren violencia de xénero, unha vez que institucionalizan a súa situación, unha vez que denuncian, é poder saír do entorno de violencia, e polo tanto é necesario destinar recursos e incrementar recursos con este obxectivo. Dáse así tamén cabo ao cumprimento no previsto no Pacto estatal contra a violencia de xénero, e por iso dedicamos dúas partidas con esta finalidade. Tamén hai a necesidade, especialmente intensa, da inserción laboral das mulleres vítimas da violencia de xénero, porque sabemos que detrás da violencia de xénero moitas veces hai unha violencia económica, unha dependencia económica, que limita as posibilidades de saída do lugar onde conviven agresor e vítima, e polo tanto é especialmente necesario levar a cabo esa intervención para a inserción laboral.



Tamén é necesario —e durante este último mes quixemos visibilizalo mediante campañas específicas— sinalar que existen ámbitos de violencia no ámbito deportivo. É dicir, son ámbitos sectoriais que non están aínda adecuadamente tratados. Por iso reflectimos nunha partida o apoio ás federacións deportivas, no movemento do deporte feminino, para visibilizar a violencia de xénero e para visibilizar a loita necesaria contra a violencia de xénero tamén no ámbito da práctica dos deportes.

Non quero renunciar tampouco neste punto a algo que na nosa opinión está a cabalo entre a emerxencia feminista e a emerxencia social. É unha decisión que tivo que ver co ámbito sanitario e co desmantelamento tamén do medio rural. Estoume referindo ao peche do servizo do paridoiro do Hospital de Verín. Señorías, a decisión de pechar o paridoiro do Hospital de Verín —que forzará, xa está forzando, a todas as mulleres da comarca a dar a luz en Ourense, e que incrementa desta maneira, en ocasións, un risco para a súa saúde, a vida e a integridade da nai e mais a do bebé de forma innecesaria— constitúe na opinión de En Marea un acto de violencia institucional contras as mulleres, e un acto de maltrato sanitario, ademais dun acto de estrangulamento do medio rural absolutamente insoportable. Esta decisión —decisión que xa foi polémica dende o inicio e que deu lugar a que, durante os últimos quince días vísemos como a Xunta de Galicia foi de forma errática buscando argumentos para xustificar o inxustificable, que era que nos atopabamos ante o estrangulamento dun servizo público no medio rural e un maltrato ás mulleres por razóns fundamentalmente económicas— ten que ser revertida, e ten que selo xa. Primeiro díxose que aquí había o problema de que os profesionais sanitarios non practicaban o número suficiente de partos e que por esa razón perdían pericia e por iso había que pechar o servizo do paridoiro, porque daría lugar a que as mulleres tivesen máis riscos durante o parto pola falta de pericia dos profesionais. Logo díxose que non era ese o problema, que o problema era que había un baixo número de nacementos e que, polo tanto, non daban as cifras para ter aberto o paridoiro. Despois díxose que non era ningún deses problemas, e que realmente o problema era que non había pediatras.

¿En que quedamos? ¿Que foi o que realmente fundamentou a decisión do peche do servizo de paridoiro e das urxencias pediátricas do Hospital de Verín? Deberían darlle unha explicación, unha explicación definitiva, á cidadanía en relación con este tema, cidadanía que, por certo, se concentra ás portas desta Cámara reivindicando a única solución posible, que é a reapertura inmediata e incondicional do servizo de paridoiro e das urxencias pediátricas no Hospital de Verín. E esa é a única solución que cabe. Todo o demais son, no mellor dos casos e supoñendo que na Xunta de Galicia fosen agora benintencionados e benintencionadas, simples parches para remediar a situación. E digo «simples parches» porque a convocatoria de dúas prazas para o Servizo de Pediatría o que está enmascarando en realidade é que os argumentos utilizados para o peche non eran reais, xa que se pretende chegar unha solución que non é coherente co problema que se dicía que había.

En segundo lugar, non cabe sacar esas dúas prazas co perfil co que as sacaron, de forma temporal e absolutamente precaria, sen que as persoas que concorran a elas saiban se van estar un día alí, outro día en Ourense, outro día no Barco, sen incentivos de ningún tipo na súa propia carreira profesional, etc. Non caben solucións chapuzas a problemas estruturais que ten o noso país, que ten a sanidade no medio rural do noso país. O único que caben son solucións que rematen coa precariedade tamén dos traballadores e das traballadoras dos



servizos públicos sanitarios. E isto, por certo, foi o que dixeron seis sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación coa organización do Servizo de Pediatría e das súas gardas no Hospital do Barco de Valdeorras ao longo do ano 2019. Dixeron que era ilegal a forma na que a Xerencia do Sergas organizaba o Servizo de Pediatría no Barco de Valdeorras, que non era legal que se mandase os temporais e non se mandase os fixos, que non era legal que aos que facían alí as gardas se lles pagase menos. E, polo tanto, obrigou en seis sentenzas, señorías, a reorganizar o servizo para atender os principios de legalidade e de obxectividade para dotar correctamente o servizo. Seguímonos preguntando aínda neste momento se este pronunciamento do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia foi o que despois motivou o peche do servizo de paridoiro de Verín, para intentar aforrar os custos que virían obrigados ao satisfacer a implementación da xurisprudencia do Barco sobre o servizo de Verín. Isto demostraría, e demostra, sen dúbida ningunha, que estamos ante un problema novamente de recortes, de ser cicateros e cicateras co gasto público cando se trata de atender as mulleres, cando se trata de atender os nenos que acaban de nacer, cando se trata de atender os servizos esenciais do rural. E iso, para nós, é inaceptable. E por esa razón espero que vote a favor da nosa emenda neste sentido, porque pensamos que enriquece non soamente os orzamentos senón que, sobre todo, satisfai dereitos fundamentais. Porque a xente que vive en Verín e que vive na súa comarca, que vive no rural ourensán, paga impostos igual ca vostede, que ao mellor vive na cidade. E, polo tanto, non pode haber cidadáns de primeira e de segunda en función dos lugares onde vivan. É necesario un mínimo de equidade no acceso á sanidade. É necesario un mínimo de equidade no acceso aos servizos de carácter esencial. Por iso nós non nos conformamos con esta situación.

Temos dúas partidas concretas que se poderían empregar para reverter esta situación, unha relativa á reposición de cadros de persoal e outra en relación co Plan de saúde da muller. Pódese utilizar calquera das dúas para dotar orzamentariamente de forma inmediata a reposición dos servizos de paridoiro e de urxencias pediátricas. Non esperen máis a isto.

Forma parte tamén do bloque de emerxencia social, señorías, a mellora en xeral da sanidade pública. É necesario desmercantilizar a sanidade pública. Desmercantilizala significa reverter ao público os servizos que foron privatizados ou que están en mans privadas. Porque respecto das privatizacións —á parte de que foi unha constante nos procesos xudiciais e nas condenas penais durante esta última década, ou nas últimas décadas, non na última, nas dúas últimas décadas— xa vimos que tras as privatizacións viñeron non soamente os recortes, non soamente a precariedade laboral de quen prestaba o servizo, senón, ademais, a corrupción política, a corrupción asociada precisamente aos procesos de privatización. Dicimos recortes e precariedade porque, evidentemente, se hai certos recursos públicos e se privatizan os servizos, unha parte deses recursos públicos ten que ir destinada a satisfacer un beneficio empresarial da empresa privada. E ese beneficio empresarial é a custa de recortar calidade do servizo e de precarizar as condicións laborais de quen o presta. Polo tanto, nada mellor que volver ao público para rematar con esta situación.

Por iso prevemos dentro das nosas emendas a reversión ao público do servizo de Povisa. Pensamos que era o momento ideal, e así o denunciámos aquí nesta Cámara. O Partido Popular posicionouse en contra. Nós seguimos porfiando nesta situación para que poida desmercantilizarse un servizo público de carácter esencial.



Tamén levamos a cabo unha proposta de dotación de servizos de ambulancias con soporte vital e de ambulancias medicalizadas para que non se volvan repetir situacións como a da persoa falecida cerca de Lalín esperando a que viñera recollelo unha ambulancia que non chegou a tempo porque non estaba dispoñible. Pensamos que cos recursos dispoñibles é necesario dotar máis medios para que toda a poboación teña un acceso equitativo á sanidade e teña máis oportunidades de sobrevivir ante un accidente de carácter grave. Falamos de cousas de carácter esencial, señorías.

Tamén falamos de reposición de cadros de persoal. O colectivo Enfermeiras Eventuais en Loita despuntou como un colectivo que ata este momento estaba invisibilizado e que era portador do maior índice de precariedade na Administración pública. A precariedade laboral xa non era patrimonio exclusivo da empresa privada, fíxose algo regular na Administración pública —particularmente, na Administración sanitaria—. E é unha obriga de todas e de todos coidar de quen nos coida. Por esa razón, contemos cunha partida cunha dotación específica para mellorar e para dotar de estabilidade esta situación na que viven milleiros de profesionais da enfermería no noso país.

Tamén hai medidas que son básicas. Avanzouse o ano pasado na implementación da hemodinámica as 24 horas en Lugo, pero parece ser que os de Ourense son de terceira rexional e, polo tanto, non teñen acceso ou non teñen dereito a eses servizos. Nós queremos ampliar dereitos sanitarios, e cos orzamentos que hai pódense extraer partidas para implementar a hemodinámica, igual que ampliar novos dereitos, como un plan de saúde bucodental ou o necesario Plan galego de saúde mental que tan deficitario está de dotación pública.

Tamén está a atención específica á endometriose, que nunca merece unha atención sanitaria cunha estratexia ben dotada orzamentariamente e que dá lugar a que moitas mulleres sigan sufrindo unha situación que non deberían estar padecendo de haber unha atención específica, que neste momento non hai.

Tamén contemos unha serie de melloras, un plan global de mellora de atención primaria. Houbo ao longo do último ano, dos anteriores orzamentos a estes, numerosas manifestacións e folgas do sector público, da plataforma SOS Sanidade Pública, do colectivo PAC en pé de Guerra, etc.; é dicir, dun grupo de colectivos sanitarios que non pedían melloras de carácter salarial sequera, que o único que pedían era ter tempo suficiente para atender os pacientes. E ter máis tempo significa que as ratios, os cupos de atención na atención primaria, sexan menores, o cal significa máis profesionais, máis dotación de prazas para atender correctamente o conxunto da poboación. Porque, se non hai un tempo suficiente, ás veces non hai unha boa diagnose e, como consecuencia diso, despois complícanse os problemas que podían ser atallados inicialmente en materia de atención primaria.

Non é o ámbito sanitario o único ao que queríamos referirnos. Quero rematar, non obstante, dentro do bloque de benestar, co necesario desenvolvemento da Lei galega de morte digna. Nós temos presentada unha proposición de lei para a despenalización da eutanasia, pero existe a Lei galega sobre morte digna que está sen desenvolver. Require medios materiais para facelo e, polo tanto, contemos este ano unha partida específica para isto.



Tamén hai que aumentar medios para as unidades de oncoloxía e os hospitais de día en hospitais comarcais. Pensamos que é necesario non soamente humanizar máis a sanidade pública senón tamén garantir mellor a equidade na prestación sanitaria no conxunto do país.

Tamén propugnamos, mediante algunhas emendas, o inicio da construción de residencias públicas para os maiores en lugares onde fan falta, e tamén puntos de encontro familiar, porque pensamos que todo isto redunda no beneficio e no aumento do benestar.

Tamén forma parte da emerxencia social —no ámbito da educación— unha educación para todos. Antes de falar de emprego cómpre falar de educación para a mellor formación de quen van ser os mozos e mozas, traballadores e traballadoras, de mañá, mediante un desenvolvemento do sistema galego de becas universitarias dotado con fondos suficientes para poder atender realmente as necesidades de estudo das familias galegas que os necesiten. E tamén contemos unha partida específica para a recuperación do horario lectivo en primaria e o aumento de mestres —e tamén en secundaria—. A semana pasada houbo unha folga do profesorado, que non reclamaba melloras salariais, reclamaban máis tempo de atención para as titorías, máis tempo de atención para os nenos e nenas para dispensarlles unha educación de maior calidade. Atendámoslos, e atendamos estas emendas que buscan precisamente buscar máis tempo dispoñible para dispensar unha educación de maior calidade, máis individualizada e máis atenta ás necesidades de cada neno e de cada nena.

A educación ten que abranguer tamén, no nivel superior, a innovación. Por iso tamén xuntamos unha serie de axudas predoutorais en «fomento da contratación de I+D+i», e tamén a creación do Centro Superior de Innovación e Deseño Téxtil de Galicia en Arteixo.

Como plan de emprego, como medidas transversais que poden fomentar o emprego no noso país, pensamos que é necesario rematar coa precariedade laboral. Por iso falamos do programa de emprego por conta allea, do programa especial de emprego feminino e de equiparación salarial. Señorías, temos o 29 % de fenda entre mulleres e homes. É necesario superala. É necesario por lei, pero a lei soa non soluciona os problemas. É necesario dotala orzamentariamente para que a estratexia descrita na lei teña despois eficacia real.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Vou rematando, si.

Tamén é necesario un plan de emerxencia de emprego para a xente moza e de erradicación do precariado. A emigración segue sendo un tema recorrente porque segue sendo un problema real na mocidade menor de 35 anos, que son o futuro do noso país. Son, máis ben, o presente do noso país e están facendo o seu presente fóra porque aquí non teñen oportunidades. É necesario que nos comprometamos con eles e con elas e, polo tanto, que atendamos esas necesidades.

Tamén na loita contra a precariedade laboral, á parte das reformas laborais, é necesario reforzar a inspección, é necesario acabar coa sinistralidade e coa mortalidade laboral, que están asociadas ás condicións de precariedade. E lamentablemente Galicia está á cola na situación de mortalidade laboral.



Tamén contemos partidas específicas para que a xente moza emigrada poida retornar e teña oportunidades de inserción laboral.

En materia de vivenda pensamos que non existe realmente política de vivenda na Xunta de Galicia e, polo tanto, desenvolvemos un programa ambicioso para a creación do parque de vivenda pública en réxime de alugueiro, de rehabilitación de vivenda en determinados cascos urbanos e un plan de loita contra os desafuzamentos.

Pensamos, ademais, que é necesario que por vía estatutaria —aínda non recoñecidos— se amplíen dereitos que teñen que ver co dereito non soamente a unha vivenda digna senón ás condicións de vida dignas. Estou falando da suficiencia enerxética para esas condicións de vida digna. E por iso falamos da mellora do illamento de vivendas contra a pobreza enerxética e do financiamento da tarifa social eléctrica.

Tamén falamos da cohesión do medio rural como algo esencial, e falamos de algo que é tan básico como a universalización da banda ancha no medio rural.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Terminou o seu tempo, moitas grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: Remata o meu tempo. Deixo para a seguinte intervención as referencias á emerxencia climática, que constitúen o terceiro dos eixos transversais de acción de En Marea que trufan estas emendas, ao que, polo tanto, me referirei na segunda quenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, moi bo día a todos e a todas.

Mentres hoxe nós estamos aquí neste non sei se debate ou sucesión de monólogos —verémolo ao final do mesmo—, eu quixera resaltar e empezar lembrando que hai veciños e veciñas de Verín que neste momento están viaxando a Santiago de Compostela. (*Aplausos.*) E esta non é unha viaxe de pracer, non é unha viaxe lúdica, non veñen facer o Xacobeo e tampouco a facerlle a ola ao Goberno, senón que veñen porque se está xogando co máis importante que temos as persoas, que é o dereito á saúde. E hoxe veñen dicirlles aos señores e señoras do Partido Popular que non tragan coas súas mentiras, veñen exixir que se restableza xa o servizo da sala de partos e de gardas pediátricas, porque Verín non se pecha. (*Aplausos.*)

E quero aproveitar esta intervención para trasladarlles no meu nome propio e tamén no de todo o BNG o respecto e toda a admiración e todo o apoio, porque a loita que están levando



a adiante os veciños e as veciñas de Verín e de toda a súa comarca é un exemplo de dignidade, de unidade, de defensa dos dereitos sociais; e tamén un berro en defensa dun rural que non quere desaparecer mentres vemos como a Xunta de Galiza, esa que dixo que esta ía ser a lexislatura do rural, o que está facendo é desmantelar servizos básicos como o de sanidade. E xa estamos vendo tamén quen pon en risco a saúde das mulleres e os dereitos da infancia. Quen os pon en risco é o Partido Popular cos seus recortes na sanidade pública. *(Aplausos.)*

E temos un exemplo que non podo pasar por alto neste momento: os graves feitos que vimos a semana pasada cando se constata que ter que ir até Ourense para parir pode supoñer que moitas mulleres teñan que volver parir na carretera, cando ante ese feito hai persoal médico que actúa con responsabilidade e que di: Non, este parto non pode producirse nunha estrada, ten que producirse nun hospital porque aquí temos un paritorio. E non podemos, desde logo, deixar de pasar por alto este feito tan grave: que, despois dun parto que se produce con normalidade, despois de ir a un xulgado para que haxa un pediatra, a decisión que se toma é quitarlle a esa nai o seu fillo dos brazos xusto despois de nacer, trasladalo só nunha ambulancia para Ourense, trasladala a ela despois, tela dúas horas, ¡dúas horas!, sentada nunha silla cunha hemorragia, e que nos digan que non pasa nada. ¡É que isto non é normal! *(Aplausos.)* Xa lles anuncio que nós pedimos unha investigación porque estamos falando duns feitos moi graves, e non se pode normalizar unha violencia que se exerce desde o sistema contra as mulleres. Nós, desde logo, non imos normalizar uns feitos tan graves.

Polo tanto, eu creo que tamén hoxe sería importante que aproveitaran esta xornada de mañá para reflexionar sobre cal vai ser a posición de voto que vai ter o Partido Popular ante a demanda que está facendo toda a comarca de Verín. E nós queremos pedirles que reflexionen, que non usen a maioría absoluta como un rodillo parlamentario e que escoiten o que unanimemente está pedindo toda a comarca de Verín. Con independencia das súas cores políticas, están dicindo que é un erro o peche do paritorio e a supresión das gardas pediátricas; e que, polo tanto, recoñezan o seu erro e rectifiquen. Nós pedímoslles que non permitan que unha situación como a que vimos a semana pasada se volva repetir de novo no futuro.

Podo dicirlles que nin a min nin a ningunha das persoas que estamos nesta sala —estou segura— nos gustaría ter que vivir unha situación como a que tivo que vivir unha muller, o seu compañeiro e o seu fillo a semana pasada en Verín. E evitar que esta situación se poida repetir tamén depende do botón que apertemos esta semana, mañá mesmo, cando reclamemos que se rectifique esa decisión de pechar o paritorio de Verín. *(Aplausos.)* Desde logo, nós pedímoslles que non miren para outro lado, que deixen de lado os intereses partidistas, que defendan o dereito á saúde das mulleres, os dereitos da infancia; que defendan os propios protocolos do Sergas e da actuación que reclama a Organización Mundial da Saúde en relación cos partos e que, polo tanto, se recuperen os servizos; que non sigan aquí con máis mentiras, con máis difamacións, atacando os profesionais, e que rectifiquen, que demostren que respectan a xente deste país e que escoiten. Desde logo, demostren maior sensibilidade que a que están demostrando neste momento, porque é intolerable o que está pasando con Verín. Desde logo, ¡todo o apoio e toda a solidariedade do BNG! *(Aplausos.)*

Entramos de cheo no debate destes orzamentos. E o certo é que chegamos aquí coa impresión de que isto, máis ca un debate, foi un paradigma do «non-debate», un exemplo de ata que



punto o Partido Popular converte este Parlamento nun apéndice do Goberno, nunha caixa baleira de contido. Pois, desde logo, o que non vemos é vontade real nin de diálogo nin de compartir diagnoses nin, sobre todo, de poñer sobre a mesa solucións que permitan que haxa unha rectificación naqueles ámbitos nos que vemos que o país necesita outro tipo de políticas.

E lamentamos que o Partido Popular non teña ningún tipo de vontade en chegar a acordos. ¿Que pensaría calquera cidadán deste país se tivera oportunidade realmente de saber como se desenvolven os debates neste Parlamento, no que levamos aquí dous meses debatendo unha lei importante, como é a Lei de orzamentos, que tivo emendas de devolución, que tivo emendas transversais, que tivo emendas parciais, onde houbo reunións de ponencia, reunións de comisión, onde houbo debates no Pleno, agora tamén debates en comisión, e que o resultado final de todo ese debate é que o Partido Popular non acepta cambiar nin unha soa cuestión dos orzamentos a non ser que veña das filas do propio Partido Popular, non acepta nin unha soa emenda da oposición no que se refire aos estados de gastos? Pois ben, estou convencida que o que pensaría é que non sabe para o que estamos neste Parlamento, que se converte unha institución democrática na que se representa a pluralidade que existe na sociedade galega nun apéndice que non é capaz de chegar a acordos e no que non hai vontade por mover absolutamente nada.

Nós, desde logo, enfrontamos este debate con ánimo construtivo, sabendo cales eran os límites pero tamén coa convicción de que se podían mellorar estes orzamentos. E o que atopamos foi un muro de soberbia política do Partido Popular, que non acepta nin unha soa emenda do BNG, nin nas transversais nin tampouco nas parciais, a pesar de que é evidente que hai moitas cousas que mellorar destes orzamentos. A mellor evidencia de que había moitas cousas que mellorar era que ata o propio Partido Popular os ten que emendar. Pero non as aceptan porque, en definitiva, vostedes queren facer ver que teñen a única verdade revelada e que, fóra do que di o Partido Popular, non hai ningunha proposta que teña sentido. E eu creo que iso non lle entra na cabeza a ningunha persoa de ben neste país.

Polo tanto, nós imos manter o noso voto en contra ante uns orzamentos que o que retratan é un goberno fracasado, que non ten ideas nin proxecto de futuro, que nos deixa unha Galiza moito peor que a de hai dez anos e que, en vez de querer recoñecer os seus erros, teima en continuar cunha liña na que o país está en peores condicións para enfrontar os retos que temos por diante. Temos ante nós uns orzamentos que retratan un goberno que non ten ideas para enfrontar a crise industrial, no que non hai ningún tipo de impulso estratéxico nin para a innovación nin para a ciencia nin co peche dos nosos sectores produtivos. Continúa a deterioración dos servizos públicos. Non se aposta por cambiar unha política sanitaria errada que estamos vendo que ten gravísimas consecuencias para un dereito fundamental como é o dereito á saúde das persoas. Ou tampouco teñen medidas efectivas nin para enfrontar a crise demográfica nin para abordar a desigualdade social, nin tampouco o grave problema que se está producindo na nosa sociedade coa deterioración da nosa lingua e cultura. E xa moito menos se albisca nestes orzamentos ningunha medida que indique que a Xunta de Galiza vai tomar en serio o tema do cambio climático, porque mesmo as propias emendas que presenta o Partido Popular —por exemplo, neste caso, no ámbito da emerxencia climática— retratan cal é a importancia real que vostedes lle dan a este tema. Son



uns orzamentos nos que non se recolle nada sobre este asunto, e a gran aportación que fai o Partido Popular cunha emenda é 40.000 euros para un estudo. Este é o rigor e esta é a seriedade coa que afrontan un problema da dimensión desa emerxencia climática.

Nós intentamos con toda humildade poder facer aportacións que servisen para mellorar estes orzamentos. Presentamos 386 emendas parciais que querían poñer en marcha unha axenda en defensa dos dereitos sociais, unha axenda para poñer Galiza a producir, unha axenda para defender dereitos e liberdades, unha axenda para defender a sanidade, a educación e os servizos públicos que son a garantía do exercicio dos dereitos. Pero o que atopamos foi un Partido Popular que só sabe dicir «non», que vota «non» a un plan de mellora da atención primaria, un plan para reducir as listas de espera, ou para dotar de ambulancia medicalizada con soporte vital avanzado comarcas como Lalín, como a do baixo Miño ou como Valdeorras; un PP que vota «non» a un plan de emprego xuvenil e de loita contra a precariedade; un PP que vota «non» a acabar co espolio enerxético da electricidade e que poidamos avanzar cara a unha tarifa eléctrica galega, unha tarifa para as electrointensivas que permita que os traballadores de Alcoa ou Ferroatlántica poidan comer o turrón tranquilos. O PP vota «non» a un convenio para a transición xusta nas Pontes. O PP vota «non» para destinar máis fondos á ciencia, á innovación, para que poidamos desenvolver unha carreira investigadora sen precariedade no noso país. O PP vota «non» a construír máis escolas infantís, centros de día e residencias públicas. O PP vota «non» a destinalle máis fondos á loita contra a violencia machista. O PP vota «non» á creación dun tren galego de cercanías ou vota «non» a medidas para ordenar o noso monte e loitar contra os incendios forestais.

E podería seguir así repetindo as 386 veces en que o Partido Popular vota «non» a todas e cada unha das propostas que facemos, e que nos demostra que vén a este debate con soberbia e a utilizar a súa maioría absoluta de maneira absolutista, confundindo o debate cun rodillo e, desde logo, demostrando a súa incapacidade para poder chegar a acordos en aspectos que realmente sirvan para encarrear algunhas das cuestións que están neste momento preocupando a cidadanía. E, normalmente, cando un actúa así, desa maneira, é porque non ten argumentos reais para poder defender estes orzamentos. Non quere entrar no fondo porque sabe que a proposta de orzamentos que nos presenta o Goberno é, máis que contas, un conto plagado de mentiras e propaganda. É un conto que empezou cun capítulo, que agora xa non o repiten tanto: o de que era algo excepcional presentar os orzamentos. Parecía que a Xunta estaba facendo un feito único —único non sei se no mundo mundial—, que era que un goberno que ten maioría absoluta presente os orzamentos. E logo viamos que a presentación de orzamentos estaba en total normalidade co que está pasando no resto do Estado español, onde simplemente hai dúas comunidades autónomas —por certo, gobernadas polo Partido Popular— que decidiron non presentar os orzamentos.

O segundo conto no que nos insisten reiteradamente é o de que Galiza está mellor que hai dez anos grazas aos milagres e obras do Goberno do Partido Popular. Sen embargo, como xa dicíamos no debate de toma en consideración destes orzamentos —e non foron capaces de rebatelo desde as filas do Partido Popular—, se nós atemos a indicadores que teñen que ver coa calidade de vida, co benestar, coas rendas dispoñibles, o que estamos vendo é que realmente nestes dez anos se produciu un retroceso e que empeoraron as condicións de vida dos galegos e das galegas. Aí temos o feito de que temos menos emprego que hai dez anos, aí



temos o feito de que temos un nivel de ocupación moi baixo e cuns datos que están maqui-llados porque en Galiza temos unha taxa de actividade moi baixa, e tamén polo feito —que vostedes negan— de que hai un problema gravísimo de migración, con máis de 200.000 persoas emigradas nunha década. Temos tamén aí un feito que debería de preocuparnos a todos e a todas, e é o de como cada vez o emprego é moitísimo máis precario. Hoxe ter emprego para moita xente non significa garantías de poder ter unha vida digna, e hai unha nova categoría social que son os traballadores e as traballadoras pobres. Algo, por certo, que ata sinalan informes que imaxino que non vai poñer en cuestión o Partido Popular, como o último informe FOESSA, que fala de que en Galiza o 12,3 % das persoas que traballan se atopan en exclusión social; e o 3,6 %, en pobreza severa.

E mentres isto pasa, ¿cal é a razón? A razón non é que non teñamos máis riqueza, a razón é que esa riqueza está cada vez peor distribuída. E, de feito, o que comprobamos é como as rendas do traballo non paran de baixar mentres as rendas do capital son cada vez maiores. E hai un feito que é excepcional no noso país, e é o feito de que precisamente as rendas empresariais representan máis do que representan as rendas do traballo. Este é un exemplo clarísimo de como o que se está producindo é realmente un roubo aos traballadores e traballadoras deste país, (*Aplausos.*) porque o que se está é privilexiando a acumulación de capital en moi poucas mans.

Polo tanto, nós o que cremos é que, fronte a esta situación, hai que ir ás causas e hai que actuar. E o propio informe FOESSA sinalaba as causas dunha maneira moi clara. Decía que a crise financeira, a perda de emprego e as políticas de austeridade experimentadas na última década foron as que impulsaron este crecemento desigual e as que están implementando estas desigualdades sociais. Polo tanto, para actuar sería necesario cambiar a política fiscal, e tamén cambiar a política económica que está facendo este goberno. E haberá que atender esa mocidade. Por certo, esta mesma semana —creo que era onte precisamente— abría un xornal como *Faro de Vigo* dicíndonos que o primeiro salario dun galego cae aos 800 euros, 100 menos que antes da crise. Haberá que actuar para que a mocidade teña oportunidades e salarios dignos e non siga perdendo poder adquisitivo. Haberá que actuar fronte ás desigualdades que fan que cada vez máis mulleres teñan unha situación precaria no mercado laboral, tamén haberá que loitar contra esas desigualdades sociais. E está claro que Galiza chega tarde a moitos dos trens que se están producindo no noso entorno. Sería o momento non só de abrir un debate sobre a necesidade de transformar a risga nun salario público de inserción laboral e social que nos permita eficazmente loitar contra a pobreza.

O terceiro capítulo deste conto dos orzamentos do PP é que grazas ás medidas económicas que conteñen os orzamentos imos ser capaces de que a recesión da que todo o mundo está falando non toque a Galiza. E aquí a única proposta económica que ten o Partido Popular redúcese ao Xacobeo 2021. Hai un milagre que retratan estes orzamentos: o milagre é que, mentres todos os organismos internacionais din que imos ir a unha desaceleración da economía que pode ser unha antesala dunha nova recesión, a Xunta di que nós somos unha illa e que nada absolutamente do que pasa ao noso redor vai afectar o noso país grazas a ese impulso do Xacobeo. E obvian falar daqueles problemas que estamos tendo neste momento e que afectan ao que ten que ser o músculo económico de calquera país, como é a súa produción industrial, e de cales son os instrumentos para poder intervir na economía. E aí



vemos que hai unha responsabilidade moi importante do Partido Popular, porque permitiu que hoxe Galiza estea en peores condicións para poder afrontar unha crise económica. O Partido Popular é responsable do esfarelamento do sistema financeiro galego, o Partido Popular é responsable nesta década da perda de galeguidade de empresas importantes en sectores económicos clave. (*Aplausos.*) O Partido Popular é responsable do dismantelamento industrial que se está producindo neste país. No que levamos de ano vimos como pechaban empresas como Isowat ou como Poligal. En R temos mil postos de traballo en risco; en Unifon, 400 empregos en Ourense. E a Xunta de Galiza está *missing*, coma se non fosen con ela os problemas económicos deste país.

Temos tamén unha grave crise do sector naval, por moito que se empeñen en intentar tapar as súas responsabilidades. Hai crise en Ferrol, onde o PP ten a súa parte tamén de responsabilidade porque durante moito tempo prometían as fragatas pero estaban retrasando a súa contratación polos intereses espurios de Morenés (*Aplausos.*) —non esquecemos a historia porque temos memoria—. E tamén teñen responsabilidades en Vigo, onde deixaron caer Vulcano e onde Barreras segue nunha situación de incerteza en relación con cal vai ser o seu futuro, e non poden poñerse de perfil. Por iso nós facemos propostas nestes ámbitos que queren que en Galiza fagamos unha aposta seria polo desenvolvemento industrial e por atender as emerxencias que temos neste momento. E aí propoñemos que haxa unha rede de desenvolvemento da industria auxiliar da automoción nas comarcas de Ourense. No naval hai promesas que levan vostedes facendo durante moitísimos anos e que non cumpren, como o centro de reparacións do naval de Vigo ou un complexo integral da construción naval na ría de Ferrol. É necesario tamén que haxa medidas concretas naquelas comarcas que están tendo un nivel de desemprego maior —poderíamos falar de Ferrol, podemos falar da Costa da Morte—, pero tamén nos preocupa a desaceleración económica que se está producindo na comarca de Vigo e que necesitaría actuacións por parte do Goberno —desde logo, máis alá das luces de nadal, pois pensamos que competir nese ámbito non vai solucionar os problemas que ten Vigo—. E, desde logo, tamén entendemos que a Xunta de Galiza ten que mollarse na posta en marcha dun proceso de transición xusta para As Pontes. O que non pode ser é que, ante un reto tan importante, o único que se busque é como botar balóns fóra e que nestes orzamentos non haxa unha dotación que permita afrontar con garantías un proceso que non é sinxelo, que nós cremos que require moito debate e desde logo implicación por parte de todas as administracións. Pero tampouco entendemos como o Partido Popular vai votar en contra dunha emenda do BNG para que haxa un convenio de transición xusta para As Pontes e para que a propia Administración galega tamén poña recursos ao servizo do desenvolvemento dunha nova estratexia económica nesa comarca.

Ben, chegamos a este punto e o que vemos é que estes contos do Partido Popular, estes orzamentos baleiros de contido, non teñen estratexia fronte ás deslocalizacións, non teñen estratexia fronte á crise industrial, non teñen estratexia tampouco para apoiar os pequenos e medianos autónomos ou o sector do comercio —que estamos vendo como pechan moitos comercios cada día no noso país—. (*Aplausos.*) Tampouco para abordar unha transición enerxética xusta e moito menos para poñer en marcha un cambio nun aspecto que nós pensamos que é clave para o futuro do noso país, que é converter a ciencia e a innovación nun elemento de desenvolvemento en Galiza.



E aquí, claro, o Partido Popular pode facer toda a propaganda que queira, pero os datos son moi claros. E vemos como o que fixo a Xunta durante estes dez anos foi situar Galiza en peores condicións no terreo da innovación e no terreo da ciencia. De feito, hoxe temos un menor gasto en I+D+i en relación co noso PIB do que había hai dez anos. Durante este período desaparecieron a metade das empresas innovadoras e seguimos tendo investigadores e investigadoras que, por amor á ciencia, seguen apostando por traballar neste país pero que, desde logo, están nunha situación de precariedade que non garante o desenvolvemento dunha carreira investigadora e que, nunha parte moi importante, o que está provocando é que vexamos como eses investigadores e investigadoras acaban traballando fóra do noso país.

E nós cremos que é importante facerlle fronte a esta situación. Propuxemos no debate do estado da nación galega un pacto pola ciencia e a innovación, e o Partido Popular votou «non». Propuxemos destinar máis fondos a I+D+i na emenda transversal, e o Partido Popular tamén vota «non». E hoxe chegamos aquí con emendas que queren abordar ámbitos que nós consideramos clave, como por exemplo acabar coa precariedade desenvolvendo a carreira investigadora ou facer unha aposta por captar talento. E temos exemplos de como se pode facer e de como se pode facer con éxito. Aí está o ICREA, aí está o Ikerbasque. Trátase de desenvolver políticas adaptadas á nosa realidade pero que aprendan desas experiencias de éxito. Teñen a oportunidade de votar «si» e de darlles unha oportunidade tamén aos investigadores e ás investigadoras no noso país, que hai moitos e, ademais, con moitísima calidade.

E pasamos xa ao quinto capítulo deste conto dos orzamentos, que é esa teoría que levamos escoitando durante dez anos de que a Xunta de Galicia practica a política social máis social xa non do mundo mundial, aquí xa diría da galaxia. Non hai un goberno en toda a galaxia que defenda tanto os dereitos sociais. Sen embargo, o que vemos é xusto o contrario. O que vemos é como estes dez anos supuxeron unha deterioración importantísima da sanidade, como seguimos tendo uns servizos sociais en precario, como hai dereitos fundamentais, como o da vivenda, que son papel mollado e como a Xunta de Galiza non actúa. E, desde logo, vemos como non hai actuacións que nos permitan darlle a volta a unha situación que é coñecida e que, como me queda moi pouco tempo, tampouco vou incidir máis nela.

Nós, modestamente, cremos que se pode cambiar moito a política social que fai este goberno. E o que non vale é seguir repetindo o mesmo mantra para xustificar recortes e privatizacións dos servizos públicos, que é o que está facendo a Xunta de Galiza. Por iso facemos propostas como a de que haxa un plan de mellora da atención primaria, para que realmente se contrate máis persoal en atención primaria, para que poida haber servizos multidisciplinares que axuden a descargar os profesionais de primaria. É importante que se aplique a perspectiva de xénero na sanidade do noso país, porque segue habendo problemas na atención sanitaria ás mulleres. Hai unha demanda de creación dunha unidade de endometriose, hai que mellorar tamén as condicións das matronas; é dicir, hai un traballo moi importante que facer neste ámbito que necesita recursos públicos, como os que nós propoñemos que se incorporen a través das nosas emendas. Cremos que sería un acto moi importante que a Xunta, que o Partido Popular, neste momento, aceptase emendas neste ámbito, no que estamos propoñendo un plan de choque contra as listas de espera, que se poña en marcha un plan de atención á saúde mental e á prevención do suicidio, que se aposte realmente por uns mellores servizos de emerxencias sanitarias —e eu creo que hai que resaltar, despois de todo o que



pasou neste país, que o Partido Popular non debería volver votar en contra dunha ambulancia con soporte vital avanzado para Lalín e que hai outras comarcas que tamén a necesitan, como o baixo Miño, Valdeorras, Bergantiños ou A Barbanza—. (*Aplausos.*) Ao mesmo tempo, é urxente rescatar a sanidade pública de Vigo dos procesos de privatización e reforzar os hospitais comarcais.

O mesmo poderíamos dicir co que está pasando en educación, onde vemos como seguimos con recortes de profesorado. Seguimos con profesores e profesoras que teñen menos tempo para poder preparar as súas aulas. E sería necesario ir a un cambio polo que realmente, despois de todos estes anos de recortes, se blinde o ensino como dereito fundamental e se faga unha aposta pola universidade pública como un espazo de formación e mais tamén de creación de coñecemento e de motor de desenvolvemento social.

Nas nosas emendas o que propoñemos é recuperar o horario lectivo, como están pedindo profesores e profesoras; algo, por certo, que xa se fixo en Navarra, en Euskadi, en Cantabria, en Canarias, en Andalucía, en Asturias e en Extremadura. Pódese facer, é única e exclusivamente unha cuestión de vontade política.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Queremos que se recupere o préstamo universal de libros de texto. Queremos que se avance cara á xestión directa de comedores escolares e tamén queremos unha universidade que deixe de estar en precario. Por iso pedimos unha mellora do plan de financiamento para este ano 2020 de 35 millóns de euros.

E, por último, pois non quería deixar de referirme a dous aspectos que para nós son moi importantes. Un é a necesidade de facer un maior esforzo na loita contra as violencias machistas. Estamos vendo que esas violencias non cesan, que os recursos non son suficientes e que se necesitaría unha dotación maior para poder desenvolver a Lei galega contra a violencia de xénero. Facemos esa aposta nas nosas emendas. Cremos que, despois de todo o que leva pasado neste país e do grave problema social que significa a violencia machista, sería importante que, como mínimo aquí, tivésemos algún acordo. E, por último, o último capítulo deste conto vai das súas mentiras para xustificar os ataques ao galego, á lingua propia deste país, e tamén á nosa cultura. Fíxense se é grave que o Consello de Europa segue deixando en evidencia que a Xunta de Galiza está practicando unha política contraria á normalización da lingua galega. (*Aplausos.*) Ata llelo din desde as institucións europeas, onde alertan de que están incumprindo o marco da Carta europea das linguas. E nós o que propoñemos son máis recursos precisamente para a normalización da nosa lingua.

Nós, en definitiva, intentamos corrixir parcialmente, coas emendas, algunhas cuestións que consideramos importantes. Lamentamos que este trámite de orzamentos sexa unha oportunidade perdida para poder corrixir aquelas cuestións nas que vemos que hai deficiencias. O país necesitaría tamén acordos para poder afrontar os retos que temos por diante, e o feito é que este debate o que nos deixa é máis preocupados e preocupadas porque temos un goberno esgotado que ademais é incapaz de dialogar e de dar un xiro de temón ante todo aquilo que está funcionando mal.



Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Común da Esquerda, o señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Bos días.

Pechamos hoxe o debate do orzamento, un debate con argumentos recorrentes, circular e case en bucle, que nos devolve hoxe ao punto de partida; un punto de partida que non é outubro de 2019, cando o conselleiro nos presentou o Proxecto de orzamentos para o 2020, senón que nos devolve a 2016, cando empezaba a andar a lexislatura e se presentaba o primeiro orzamento.

Trátase, polo tanto, dun debate estendido durante catro anos, reiterativo, sometido á imposición da maioría aplastante do Partido Popular, que, obcecado na lóxica dos recortes e da austeridade compulsiva, rexeitou todas as propostas do noso grupo e do resto da oposición.

Porén, esta estratexia neoliberal que leva aplicando Feijóo nos dez anos de goberno péchase cun balance demoledor. O gasto en termos reais está 2.000 millóns de euros por debaixo do que había cando ocupou o poder, e a débeda pública aumentou en 7.500 millóns de euros, un suspenso total na xestión das contas públicas. Menos ingresos, menos gasto e máis débeda, ese é o desastroso resultado dunha estratexia fracasada que deixa unha gravosa herdanza en termos de benestar social que terá que resolver o próximo goberno.

Nesta lexislatura, que se aproxima á súa fin, o discurso obsesivo do Partido Popular é o de baixar impostos. Hoxe na Coruña vin un valo enorme na saída da cidade e onde se fai propaganda desta baixada de impostos. En especial é unha baixada de impostos sobre as figuras tributarias que gravan a riqueza e os grandes patrimonios.

Déixenme que faga unha reflexión aquí. Para o Partido Popular dá igual cal é a fase do ciclo económico, dá igual a evolución da recadación, non lles importa que existan necesidades sociais insatisfeitas, ou mesmo que por falta de ingresos se teña que acudir ao endebedamento. Dálle igual, para o Partido Popular sempre hai marxe para baixar os impostos; iso si, os impostos aos máis ricos. Fano unha e outra vez. O único que cambia é a forma de recortar o gasto. Nos anos máis duros da dobre recesión que sufriu a economía e a sociedade galega, os recortes eran en termos nominais. Na fase actual —seis anos de expansión económica— os recortes son en termos reais, porque o orzamento medra por debaixo do PIB nominal.

Isto é o que explica que o peso do orzamento sobre o PIB siga baixando a pesar de que 2020 será o sexto ano da fase alcista do ciclo económico. Pasamos de xestionar nos orzamentos públicos o 18,6 % do PIB á previsión para o 2020 do 14,9 %. Pasamos do axuste duro ao axuste fino, porque en seis anos de expansión económica non se avanzou nada na recuperación dos recortes aplicados nos anos máis duros da crise. Ao revés, seguimos cavando no fondo do pozo.



As emendas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda defenden un modelo alternativo de orzamentos e de política fiscal que vai xusto na dirección contraria, na de aumentar os ingresos.

Non vou ter vergonza de dicilo aquí: si, queremos subir os impostos, porque necesitamos máis ingresos; necesitámoslos para recuperarnos da deterioración que sufriron os servizos públicos, a protección social, o investimento, as políticas de igualdade, as de emprego ou a política industrial, só por citar algunha das áreas que sufriron maiores recortes. Dígoos sen vergonza: si, queremos gravar máis as grandes fortunas, os grandes patrimonios, as rendas do capital, para que de verdade paguen o que lles corresponde, nin máis nin menos.

Dígoos sen vergonza. Queremos subirlles os impostos aos que máis teñen, porque queremos que se cumpra o establecido no artigo 31 desa Constitución española que levan sempre na boca, salvo cando se trata de dereitos sociais. Como non o coñecen, eu voules repetir o que di o artigo 31 da Constitución española: «Todos contribuirán ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e de progresividade...».

Podería rematar aquí a miña intervención, creo que o agradecería a Cámara, porque esta é a síntese das nosas propostas, das nosas emendas, pero tamén porque xa sabemos cal vai ser o resultado final deste debate. Pero, como Sísifo, volvemos un ano máis, nun trámite máis, a cumprir coa nosa obriga de explicar as nosas propostas; con desesperanza, non o oculto, porque o Partido Popular xa ten rexeitado os intentos de todos os grupos parlamentarios da oposición para reorientar os orzamentos de 2020 coa idea de deixar atrás definitivamente as políticas de recortes aplicadas polos gobernos Feijóo dende a súa chegada á presidencia da Xunta.

A maioría aplastante do Partido Popular rexeitou todas as emendas á totalidade dos catro grupos da oposición, que, con fórmulas diferentes, compartiamos unha idea común: incrementar o nivel de ingresos e gastos para propiciar un cambio de rumbo da política orzamentaria da Xunta. Un cambio necesario, porque os indicadores económicos sinalan que se está esgotando o impulso expansivo das políticas monetarias e que xa estamos no tempo de que a política fiscal asuma o protagonismo para combater a desaceleración do crecemento económico. Necesario e urxente, porque no noso país existen síntomas diferenciais moi preocupantes que recomentan acelerar ese cambio de rumbo antes de que o barco volva varar.

A economía galega está sufrindo a desaceleración que afecta á economía española e á europea. No terceiro trimestre do ano 2019, o PIB creceu o 1,7 % en taxa media anual, fronte ao 2 % da media española; un diferencial negativo para nós de 3 décimas, que debería preocuparnos.

Pero a maior preocupación é a senda de desaceleración que sufrimos dende hai dous anos. No ano 2016 a economía galega medraba o 3,5 %, no 2017, o 3,3 %, no 2018 só foi o 2,5 % e agora estamos nun exiguo 1,7 %, apenas a metade.

Sendo este escenario preocupante de desaceleración, debemos preguntarnos que alternativas, que propostas hai nos orzamentos do 2020 para combater a desaceleración. A resposta



é ningunha, unha resposta moi preocupante, porque a Xunta diagnostica o problema pero non fai nada para combater a desaceleración. Por iso dicimos que son orzamentos de resignación, porque cambiou a fase do ciclo económico, pero as contas públicas, os instrumentos e os programas que se inclúen nos orzamentos de 2020 son exactamente os mesmos que nos anos anteriores, cando a economía —volvo dicir— estaba crecendo por riba do 3 %.

Por iso, os orzamentos para o 2020 non son continuístas como di o Goberno, son rutineiros, porque, ante un evidente cambio na fase do ciclo económico, os orzamentos do 2020 se limitan a aplicar o incremento porcentual correspondente aos mesmos programas e ás mesmas partidas do ano 2019.

Por iso dicimos que a Xunta actúa de forma irresponsable, porque non é quen de presentar os orzamentos que sirvan para impulsar a actividade económica, e polo tanto acepta de forma resignada que nos instalemos nunha fase de crecemento débil, baixo a ameaza da improbable pero posible volta á recesión; recesión na que xa está a industria galega. A industria galega leva tres trimestres seguidos con taxas negativas; toda a industria, non só a enerxética e a electrointensiva, tamén a manufactureira. A industria galega está en valores negativos dende que empezou no 2019, converténdose nun dos factores claves da desaceleración da actividade económica.

A situación industrial de Galicia é moi preocupante pola evolución do último ano, polo que vén sucedendo na última década e polas ameazas no futuro inmediato. Non estamos diante dun problema conxuntural, senón estrutural. É unha tendencia de fondo, un proceso de desindustrialización sostido no tempo, porque hoxe hai 22.000 empregos menos que no 2009, cando Feijóo ocupou o poder, e 50.000 empregos industriais menos que antes da recesión.

É certo que é un problema compartido co conxunto do Estado, pero tamén ten especial gravidade no noso país, porque un de cada tres empregos industriais que se perderon en toda a crise eran dunha empresa situada no noso país. É unha ameaza que non cesa, porque cada día hai que aumentar a listaxe de empresas —moi importantes da industria galega— ameazadas de peche.

Moitas veces o Partido Popular nesta tribuna nos fai a listaxe das empresas que non sei por que din que o Grupo Común da Esquerda quere pechar, e con esa listaxe agocha a lista real das empresas que pechan e que despiden persoas. Voules dar tres nomes que saíron a semana pasada: Isidro de la Cal, no sector da industria alimentaria, Emesa na metalurxia e Muebles Hermida. ¿Por que en vez de dicir todo aquilo de que nós queremos pechar non se dedican a impedir que pechen de verdade as empresas industriais do noso país, que, como estas tres que citei aquí, nada teñen que ver cos problemas do custo enerxético?

¿Que resposta hai nos orzamentos da Xunta a esta crise industrial? Ningunha. Un dato serve para poñer en evidencia a falta de política industrial activa: o orzamento de turismo —jatencción a este dato!— medra o dobre que o orzamento de todo o sector industrial galego. Ese é o modelo de país ao que nos quere levar a Xunta de Galicia.

Dicímolo unha vez máis: os orzamentos presentados polo Goberno de Feijóo non son os que Galicia necesita para o ano 2020, non o son, porque dan continuidade ás políticas de recortes



practicadas durante estes dez anos, porque seguen facendo o mesmo que nos anos anteriores, como se nada cambiase na economía galega; unha rutina burocrática que os leva a facer caso omiso dos indicadores que sinalan que podemos estar a piques de entrar nunha nova fase recesiva.

A estrutura do debate orzamentario ofrécenos esta segunda oportunidade para poñer en evidencia que, por máis que o Partido Popular se afane en sinalar as discrepancias, todos os grupos da oposición coincidimos na necesidade de mudar dunha vez o rumbo das políticas orzamentarias en Galicia, porque só así poderemos empezar a cambiar a situación dos servizos públicos fundamentais; un cambio na estratexia orzamentaria que pasa necesariamente por frear a perda de peso do público na economía, por incrementar os recursos da Administración autonómica para financiar políticas públicas e por aumentar de verdade o gasto social, e non só como consecuencia do incremento salarial dos empregados públicos pactado polos sindicatos e o Goberno central.

Unha peza básica, obviamente, desta estratexia, é cambiar radicalmente as políticas fiscais, que están deseñadas exclusivamente para beneficiar os máis ricos. As dúas características básicas dun sistema fiscal son a suficiencia e a equidade, que se recaden os ingresos necesarios para financiar os servizos públicos e a protección social e que contribúan máis os que máis teñen. O sistema fiscal español sempre tivo eivas na suficiencia e na equidade, pero a crise e as decisións tributarias da última década agravaron todo aínda máis.

Os tipos impositivos en España son similares á media europea, pero a recadación fiscal está 7 puntos de PIB por debaixo. Os que pagamos facémolo ao mesmo nivel que a media europea, pero hai moitos que non pagan, ou que non pagan o que deberían de pagar. Son case 90.000 millóns de euros que deixamos de ingresar cada ano por culpa da fraude, da elusión fiscal e da enxeñaría fiscal. Son prácticas reprobables que todo o mundo sabe onde se concentran.

Un informe da Axencia Tributaria do ano 2017 puxo en evidencia que o tipo efectivo medio sobre beneficios contables das grandes empresas que consolidan balances no imposto de sociedades foi de apenas o 6 %. O 6 % págano os grupos que consolidan balances, os grupos do Ibex 35 sobre os seus beneficios, mentres que un asalariado paga de media tres veces máis. As empresas deben de pagar o 25 % dos seus beneficios, pero a banca, a banca española, só pagou o 3 %, e as grandes empresas da construción directamente eludiron o imposto de sociedades, xa que o seu tipo efectivo foi un ridículo 0,6 %. Hai un dato que serve para seguir a pista desta inaceptable desfiscalización dos beneficios das grandes compañías: 30 das 35 empresas do Ibex 35 teñen filiais en paraísos fiscais; 850 empregas interpostas para eludir a contribución fiscal.

A propia OCDE mostra a súa preocupación pola elusión fiscal das grandes empresas multinacionais, que utilizan os prezos de transferencia e outros instrumentos para erosionar a base fiscal e para desprazar os seus beneficios a países de baixa fiscalidade.

Un recente e novidoso informe da Axencia Tributaria pon en evidencia como as empresas multinacionais españolas —as galegas tamén— practican con fruición este mecanismo.



Estes son datos oficiais. As 134 grandes empresas multinacionais que hai en España tribu- taron en sociedades a un tipo efectivo medio do 12 %; unha desfiscalización dos beneficios empresariais que chega ao extremo insultante de que 27 empresas españolas que gañaron máis de 25.000 millóns de euros no exercicio tributaron a un tipo efectivo do 0,3 %, 83 veces menos do tipo nominal do imposto de sociedades. ¡Así imos!

Deserción fiscal das grandes empresas, pero tamén das rendas do capital, de tal forma que o que se chama imposto sobre a renda na realidade é un imposto sobre salarios e sobre pen- sións. En Galicia no ano 2017 o 85 % da recadación fiscal do IRPF ten a súa orixe nas rendas do traballo, que son menos da metade do total, pero que soportan case toda a carga fiscal.

Elusión e desigualdades fiscais, porque unha persoa que ingrese 60.000 euros por rendas de capital tributa o 22 %, pero se as ingresa polo seu traballo o tipo marxinal chega ao 45 %. Desigualdade fiscal que agrava a desigualdade social, porque dende o 2010, cando empezou a austeridade —os recortes, polo tanto, para a maioría—, o número de millonarios en Es- paña se incrementou o 500 % ata chegar a 952.000 persoas.

Máis ricos pagando menos impostos, porque hai unha estratexia para acabar —e vou volver dicilo—, unha estratexia para acabar coas figuras tributarias que gravan a riqueza, nomea- damente o imposto sobre o patrimonio e o imposto de sucesións.

Denunciamos que o Goberno galego segue o camiño emprendido polo Partido Popular en España, que ten na vangarda a Comunidade Autónoma de Madrid, que xa eliminou estes impostos. E agora, en Andalucía, o Partido Popular, Ciudadanos e Vox van nese mesmo ca- miño. En Galicia tamén, tal e como demostran as dúas medidas estrela da política fiscal da Xunta dos últimos anos. A primeira é a rebaixa da tarifa do imposto sobre patrimonio, adop- tada o ano pasado, pero que ten os efectos recadatorios no ano 2020. A segunda é o incre- mento das reducións subxectivas no imposto de sucesións dos 400.000 euros actuais a un millón de euros por cada un dos herdeiros; unha modificación que equivale na práctica ao establecemento dun mínimo exento dun millón de euros por cada un dos beneficiarios e que fará que boa parte da riqueza acumulada deixe de tributar, como xa aconteceu coa modifi- cación do imposto do patrimonio a partir do ano 2011.

Cando no ano 2011 o Goberno central procedeu á regulación temporal do imposto do patri- monio, a Xunta exerceu a súa capacidade normativa. ¿Para que? Para elevar o mínimo exento de 108.000 a 700.000 euros, excluída a vivenda habitual. Isto provocou que os declarantes con cotas a ingresar polo imposto pasasen de 53.000 persoas no 2007 a 6.000 no 2011 e que a cota a ingresar baixara de 81.000 millóns de euros a 51 millóns de euros. Para que se en- tenda mellor, a Xunta aplicou un cambio normativo polo cal preto do 90 % dos contribuíntes galegos que pagaban polo imposto do patrimonio deixasen de facelo.

As persoas que herdán ata dous millóns de euros ou que teñen patrimonios superiores a 700.000 euros son o segmento da poboación galega á que van destinadas as rebaixas fiscais aprobadas durante estes anos pola Xunta; unha política fiscal deseñada á medida do 0,2 % da poboación do noso país.



Na nosa emenda á totalidade dos orzamentos para o 2020 demostramos que é posible construír un modelo fiscal radicalmente distinto ao que está a defender o Partido Popular, unha alternativa fiscal pensada para o conxunto da sociedade galega e non para ese 0,2 % de privilexiados; unha alternativa que redistribúa as cargas fiscais dun xeito máis equilibrado en relación coa súa capacidade económica. Son medidas fiscais tan xustas como necesarias para mellorar os ingresos da comunidade autónoma coa finalidade de aplicar unha política económica que impulse o crecemento e o transforme en desenvolvemento económico e social; un crecemento económico baseado na economía produtiva, que traslade a maior riqueza a un maior benestar da cidadanía, que combata a desigualdade, a precariedade, a pobreza e a exclusión social. Un orzamento dotado cos recursos necesarios para garantir un crecemento inclusivo que non deixe a ninguén á marxe e, polo tanto, sexa máis xusto e máis sólido.

Vou rematando.

Na nosa emenda á totalidade puxemos de manifesto o desastroso balance destes dez anos de presidencia Feijóo para a economía galega, mesmo para as contas públicas. Demostramos que o Estado de gastos proposto no Proxecto de orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2020 está lonxe de recuperar os niveis de recursos dispoñibles para as políticas públicas previas á crise económica e á austeridade compulsiva. Puxemos en evidencia que estes orzamentos son insuficientes para recuperar o terreo perdido durante estes dez anos de austericidio, e amosamos que é posible construír unha alternativa fiscal que aporte os recursos necesarios para a recuperación dos servizos públicos e da protección social.

Lamentablemente, ningún, nin un só dos nosos argumentos, foron tomados en consideración pola maioría do Partido Popular, polo que votaremos en contra do Proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020.

E remato xa. Outros orzamentos non só son posibles, son necesarios, son imprescindibles, hai que facelos, pero a condición inevitable e necesaria para que, efectivamente, se poidan facer outros orzamentos é cambiar de goberno, e nese esforzo está o Grupo Común da Esquerda para que estes sexan os últimos orzamentos presentados polo Partido Popular, pola dereita conservadora, que tanto dano lle ten feito ao noso país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Antes de continuar coa rolda que lle correspondería ao Grupo Parlamentario Socialista, saudamos os alumnos dos ciclos de Administración e Finanzas e de Xestión Administrativa do centro A Cancela, das Neves. Benvidos e benvidas ao Parlamento.

E agora si ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Bos días aos nosos invitados.



Bos días, señor conselleiro.

A Galiza na que vivimos necesita dunha Xunta de Galicia capaz de abordar os retos e as crises do noso país. Hoxe os galegos e as galegas sabemos que dez anos despois da chegada de Núñez Feijóo á Xunta de Galicia o noso país perdeu poboación. Ten unha poboación máis avellentada, ten menos xente traballando, con máis desigualdade, cun sector agrogandeiro con enormes dificultades, cun sector pesqueiro sen reemprazo xeracional, cun sector industrial en crise, cun medio rural abandonado, cun retroceso no Estado de benestar e nos servizos públicos e cunha sanidade na UCI. *(Aplausos.)*

Hoxe os galegos máis novos saben que as oportunidades de futuro no seu país son menos das que necesitan para poder desenvolver as súas capacidades, a súa formación e o seu proxecto vital. Galicia necesita un proxecto revitalizador e de futuro fronte á inacción e o esgotamento dun goberno incapaz de encarar os retos de futuro do noso país.

Señor conselleiro, estes son os últimos orzamentos dun proxecto esgotado, uns orzamentos de continuidade, de inacción, de falla de iniciativa. Cando un goberno non ten proxecto, non pode facer uns orzamentos á altura do seu país, e ese é o problema. Ese é un problema que se traslada a todos os galegos e a todas as galegas. Vostedes poñen en valor a importancia da continuidade e da estabilidade, pero a realidade, señor conselleiro, é que se trata da continuidade do fracaso.

Son uns orzamentos de continuidade do fracaso en política industrial do Goberno Feijóo, danlles as costas ás necesidades da industria do país. Carecen da planificación industrial, non contemplan o necesario impulso para o emprego, para a innovación e para a xeración de valor engadido. Son os orzamentos da continuidade, do abandono do medio rural, sen medidas para revitalizar o noso rural, cunha Galicia cada vez máis baleira e con maiores desequilibrios territoriais. Son os orzamentos da continuidade, na desatención e na confrontación da Xunta de Galicia, do Partido Popular, coas cidades galegas, danlles as costas ás áreas urbanas, non cumpren os seus compromisos nin en investimentos, nin en servizos, nin en promoción económica. É un goberno que castiga as cidades, precisamente alí onde o Partido Popular suspende electoralmente de xeito continuo. *(Aplausos.)*

Son os orzamentos da continuidade na precarización dos servizos públicos. A pesar do seu discurso de compromiso co público, a realidade é que deixan esmorecer cada vez máis os servizos públicos, nomeadamente, a sanidade, a educación e a dependencia.

Este goberno é un lastre para o noso país, e estes orzamentos son a plasmación dun proxecto esgotado e dun goberno fracasado.

Os socialistas, pola contra, estamos comprometidos con Galicia, co noso país, co seu territorio, coa súa xente e coa súa diversidade. Por iso, temos que rexeitar, señor conselleiro, uns orzamentos que non plasman ese compromiso con Galicia. Corresponderalle ao novo goberno que saia das urnas nas vindeiras eleccións cumprir co país, cousa que vostedes non fixeron durante unha década perdida.



Señor conselleiro, imos votar non porque o Partido Popular dende o seu pedestal mira de reollo as propostas da oposición, obviando que somos unha sociedade plural, menospreza o labor da oposición e a nosa contribución.

Señor conselleiro, levamos dous meses de debate parlamentario para aprobar estas contas e vostedes non moveron nin unha soa coma dos seus plantexamentos iniciais. Vostedes veñen aquí a este debate tentando convencernos de que son os mellores orzamentos para os galegos e para as galegas para o ano 2020, partindo dunha postura inamovible dende o principio; unha mostra máis da súa arrogancia, da arrogancia do Partido Popular, (*Aplausos.*) da súa falla de diálogo. Unha postura bastante difícil de explicar, porque non permite ter en conta nin unha soa das 624 emendas presentadas polos socialistas de Galicia a maiores da emenda transversal, cun posicionamento durante os distintos debates no seo da comisión 3ª, sobre cada unha das seccións, co que votaron non en bloque sen ningún intento de negociación.

Contésteme, señor conselleiro: ¿o PP da Xunta de Galicia entende que só vostedes representan o cen por cento dos galegos e das galegas do noso país? ¿O PP da Xunta de Galicia non cre que somos unha sociedade plural con distinta sensibilidade e con distintas necesidades? ¿Ou é que non cren na democracia representada neste Parlamento?

Señor conselleiro, os socialistas presentamos 624 emendas que mellorarían substancialmente os orzamentos presentados por vostedes; 624 emendas que contribuirían a construír unha Galicia máis igualitaria, a reverter a sangría demográfica, a impulsar o asentamento no rural, a crear máis emprego e de maior calidade, a impulsar o crecemento económico e os nosos sectores produtivos, a paliar as consecuencias da crise industrial, a recuperar a calidade dos servizos públicos, a poñer en marcha políticas reais e efectivas en materia de venda, a poñer en marcha políticas para a mocidade e a poñer máis recursos para acabar coa lacra da violencia machista.

En definitiva, señor conselleiro, nós, os socialistas, presentamos emendas que axudarían a conquistar unha Galicia na que poidamos vivir todas e todos aqueles que desexen desenvolver no noso país —Galicia— o seu proxecto vital. (*Aplausos.*)

A sangría demográfica, señor conselleiro, é un dos problemas máis importantes do noso país, por iso, os socialistas votaremos non a uns orzamentos que non afondan nas solucións aos problemas reais para reverter esta situación.

Os datos, señor conselleiro, os datos. Os datos contradín esa política de publicidade e propaganda á que nos teñen acostumados, esa lexislatura do rural que nos anunciaba o presidente Feijóo no seu discurso de investidura nesta décima lexislatura, ese repetido mantra de que Galicia é o mellor lugar para nacer. ¡Que mágoa, señor conselleiro, que eses anuncios non teñan sido acompañados por medidas eficaces e orzamentos suficientes para facer realidade ese discurso! Os datos, señor conselleiro, os datos demográficos do noso país son a constatación do fracaso do Goberno do Partido Popular en política demográfica. En dez anos de Goberno Feijóo somos 97.000 persoas menos, pero é que soamente nesta décima lexislatura, señor conselleiro, perdemos case 20.000 persoas, ¡case 20.000



persoas! e case 70.000 persoas menores de 40 anos menos nesta décima lexislatura; é dicir, en só tres anos.

O saldo vexetativo de Galicia, señor conselleiro —datos INE—, dinos que das cifras definitivas para o 2018 somos a comunidade autónoma con peor evolución de todas, e tamén nos din que nos datos provisionais para o primeiro semestre deste ano seguimos encabezando a peor evolución de todas as comunidades autónomas. O indicador de fecundidade para Galicia, señor conselleiro, tamén nos di que o número de fillos por muller en Galicia é de 1,05, só detrás de Canarias e de Asturias. Este dato, 1,05 fillos por muller, dista moito de cumprir co obxectivo noveno do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 aprobado por vostedes, que fala de implantar un paquete de medidas para revitalizar demograficamente o noso territorio, achegándonos a 1,59 fillos por muller; un 1,05 a realidade, 1,59 o que vostedes poñían nese Plan estratéxico.

Señor conselleiro, as mulleres galegas manifestan que queren ter fillos, pero as condicións económicas e sociais en Galicia non lles permiten cumprir ese desexo. O plan para fixar poboación no rural, así como o Plan Retorna 2020 aprobado pola Xunta de Galicia nesta lexislatura e anunciado a bombo e platillo, téñense demostrado como medidas ineficaces e baleiras de contido, que non afondan na solución aos problemas reais para reverter esta sangría demográfica galega.

É unha Xunta de Galicia que, despois de dez anos de goberno ininterrompido do Partido Popular e con caídas importantes de poboación ano tras ano, acaba de iniciar o trámite para aprobar a Lei de impulso demográfico; unha lei prometida por vostedes, e cando queda menos dun ano para que remate esta lexislatura aínda non iniciou o trámite parlamentario para a súa aprobación. Polo tanto, no mellor dos casos, esta lei estará aprobada cando estea a piques de rematar esta X lexislatura.

E, pola contra, vostedes votaron non ás emendas presentadas polos socialistas, votaron non a incrementar en 17 millóns de euros programas para o impulso á dinamización demográfica, para o desenvolvemento empresarial contra o despoboamento e para axudar a emigrantes retornados. O emprego, señor conselleiro, é a segunda gran preocupación da cidadanía e o primeiro gran fracaso da xestión da Xunta de Galicia, que na súa previsión macroeconómica para 2020 nos promete seguir fracasando. Por iso os socialistas votaremos non. *(Aplausos.)*

O emprego, señor conselleiro, é a política demográfica máis importante. O emprego permite asentar poboación e desenvolver o proxecto vital de cada persoa. O emprego permite dar dignidade á vida e favorece o dinamismo da economía. Os datos, señor conselleiro, novamente nos colocan nunha realidade complicada.

A economía galega medrou durante estes últimos anos máis ou menos ao mesmo ritmo que o conxunto da economía española, pero en Galicia creamos emprego a menor ritmo que en España. Os datos EPA do terceiro trimestre de 2019 dinnos que o número de ocupados en Galicia é de 50.500 persoas ocupadas menos que no terceiro trimestre de 2009 —50.500 ocupados menos, non máis!—, e deses 4.400 son do sector da industria.



Tamén nos din os datos EPA que o número de parados en Galicia baixou a metade que no conxunto do Estado, exactamente baixamos en 10,92 %, fronte á baixada do número de parados no 22,01 % para o conxunto do Estado.

E se facemos o cómputo en termos de horas traballadas, os datos oficiais dinnos que en 2007 ou en 2008 estabamos por riba de 2.300 millóns de horas traballadas. E hoxe, once anos despois, estamos por debaixo de 2.000 millóns de horas traballadas. É dicir, señor conselleiro, hoxe estamos no 83 % das horas traballadas das que se traballaban no ano 2007 e/ou no ano 2008.

A cantidade e a calidade do emprego é unha fenda gravísima no crecemento económico galego en relación co español. Pero o problema, señor conselleiro, non é soamente cuantitativo, o problema tamén é cualitativo: a precariedade e os baixos salarios. A maioría dos contratos asinados en Galicia son temporais. O grupo de idade de entre 16 e 24 anos tivo no ano 2018 unha taxa de temporalidade do 71,4 %. A brecha salarial segue tendo un sesgo de xénero. E se miramos o salario, señor conselleiro, en 2018 o 47 % das persoas asalariadas tiñan un soldo inferior aos 1.100 euros.

Esta é a situación, señor conselleiro. E sobre esta realidade pedímoslle á nosa mocidade que se esforce en estudar, que constrúa un futuro, que teña fillos e ademais que resolva os nosos problemas demográficos.

E, ademais, mire, señor conselleiro, con estes datos que non son novos, estes datos que vimos arrastrando ano tras ano, a Xunta de Galicia do señor Núñez Feijóo, nas partidas de promoción do emprego e institucións do mercado de traballo, deixa sen executar nesta X lexislatura en tres anos máis de 376 millóns de euros.

Vostedes, pola contra, votan non ás emendas presentadas polos socialistas; votan non a incrementar en 90 millóns de euros as partidas para pactos territoriais polo emprego nas catro provinciais; votan non en programas para a mellora do fomento da empregabilidade e en plans de emprego para os parados de longa duración, emprego feminino e xente moza sen titulación, para o programa Retorna, para o Plan de adaptación á transición industrial, para formación para as persoas desempregadas, para axudas especiais para os traballadores nun ERE ou para plans de emprego en centros especiais de emprego para persoas con discapacidade ou obradoiros de emprego.

Señor conselleiro, o benestar social é a segunda política demográfica en importancia, e a vivenda. Señor conselleiro, é o segundo problema para poder desenvolver un proxecto vital e, polo tanto, para procurar o asentamento poboacional. O 95 % dos galegos e das galegas aseguran que o custo do mantemento das súas vivendas, o alugueiro ou as subministracións son unha preocupación no seu mes a mes, no seu día a día. E o balance de xestión da Xunta de Galicia do Partido Popular novamente nos deixa a constatación de que as políticas para as persoas, fundamentalmente para as persoas que máis necesitan da política, son testemuñais.

En política de vivenda, competencia exclusiva da Xunta de Galicia, nesta lexislatura a Xunta de Galicia deixa sen executar 55 millóns de euros. A política de vivenda destes case once



anos de goberno do Partido Popular pode resumirse en: abandono dos incentivos, parálise total na promoción directa de vivendas e incapacidade para cubrir a demanda das 14.500 familias solicitantes. E mentres os alugueiros continúan subindo e a mocidade atopa máis dificultades para poder emanciparse.

Estes orzamentos afondan no fracaso en materia de vivenda: créditos inservibles que non rematan nin coa desidia amosada para a construción de vivenda de protección pública nin para as axudas ao alugueiro. Abandonan á súa sorte a mocidade que se quere emancipar, abandonan as familias que viven en condicións precarias e abandonan os que dormen pensando en que poden perder o seu fogar. Esa é a resposta deste goberno para estas necesidades.

E ante isto, ante esta situación, ante esta realidade, este goberno da Xunta de Galicia para 2020 só prevé 26 vivendas, o que non supón sequera nin o 0,2 % das 14.500 que se requiren, cando o Goberno galego comprometeu a construción, rehabilitación ou adquisición de 600 vivendas ao ano. E nas axudas ao alugueiro o Goberno galego deixa fóra ao 80 % dos demandantes, que medran a razón de 5 persoas/día nos últimos anos, abandonando así os colectivos máis vulnerables da sociedade galega.

Señor conselleiro, hoxe temos 205.000 persoas en Galicia residindo nunha vivenda insegura e 149.000 nunha vivenda inadecuada. Mentres, a Xunta de Galicia pensa facer fronte aos problemas de infravivenda de 47.400 fogares con 200.000 euros; é dicir, 4 euros por fogar. *(Aplausos.)*

Ante esta realidade, señor conselleiro, vostedes tamén votan non ás nosas emendas, votan non a unhas emendas que permitirían acadar o obxectivo de incrementar a disposición de vivendas, así como o acceso ao alugueiro para a totalidade dos demandantes actuais. Votan non a solucionar este problema dos galegos e das galegas; votan non a once millóns e medio para a construción de vivendas de promoción pública; votan non a 24 millóns para apoio á mocidade e ás familias para alugueiro de vivendas e votan non a incrementar a dotación para infravivenda.

Outra das grandes políticas demográficas, señor conselleiro, é a atención aos nenos e ás nenas. Precisamos traballar, ter a seguridade dun teito onde vivir, pero tamén necesitamos que os nosos cativos estean en centros axeitados, accesibles economicamente, con persoal cualificado que garanta a súa atención e o seu correcto desenvolvemento persoal. E a Xunta de Galicia segue redirixindo recursos públicos aos centros de educación infantil privados, subindo o Bono Concilia e incrementando partidas para o mantemento destes centros privados en 1,4 millóns de euros. E mentres tanto nos centros públicos seguen medrando as listas de agarda.

A gran promesa electoral do señor Núñez Feijóo de abrir escolas infantís en polígonos industriais quedou convertida nun novo fiasco deste goberno, cun 70 % de orzamento sen executar e coa redución das partidas de 2017 a menos da metade en 2020.

O benestar dos nosos maiores, señor conselleiro, das persoas que axudaron a construír a Galicia que hoxe temos, tamén debora ser unha prioridade das políticas demográficas do



noso país. As familias tamén precisamos ter lugares que nos alivien da angustia do coidado dos nosos maiores en centros axeitados, accesibles economicamente, atendidos por persoal cualificado e o máis preto posible do noso lugar de residencia. Fronte a isto, para 2020 desaparecen dos orzamentos da Xunta de Galicia os investimentos para novas residenciais de maiores e fían todo á doazón do señor Amancio Ortega. Facer residencias en todas as grandes cidades é outra das promesas incumpridas polo Goberno Feijóo. A realidade, señor conselleiro, é que en dez anos do seu goberno non puxeron en marcha nin unha soa residencia de xestión pública, ¡nin unha! (*Aplausos.*) O que supón, señor conselleiro, que a política social seguirá en servizos mínimos e na senda da consolidación da precariedade laboral das traballadoras dos centros de atención directa dependentes da Consellería de Política Social.

Pero vostedes tamén votaron non ás nosas emendas. Votaron non a 17 millóns de euros das emendas presentadas polos socialistas, que permitirían avanzar na universalización da escolarización infantil de 0 a 3 anos, con carácter gratuíto, comezando por quen máis o necesita, así como na construción de escolas infantís e na rehabilitación daquelas que o precisen.

Votaron non tamén a 16 millóns de euros para a construción de residencias de maiores e para a construción de melloras en centros de día.

Os datos, señor conselleiro. Novamente os datos da EPA nos din que temos en Galicia, no terceiro trimestre de 2019, 50.100 fogares con todos os seus membros en paro; 27.400 fogares sen ingresos, 128.000 fogares con menos de 370 euros de ingresos mensuais; 511.000 persoas vivindo en fogares en condicións de insalubridade. E, fronte a esta realidade, o Goberno Feijóo nos seus orzamentos para 2020 continúa mermando as partidas para as pensións non contributivas. O presidente Feijóo criticaba como insuficiente a partida orzada polo presidente Emilio Pérez Touriño de 10 millóns de euros, pero resulta que once anos despois, señor conselleiro, e cando as necesidades incrementaron —non baixaron, incrementaron—, os orzamentos da Xunta de Galicia do Partido Popular dedícanlle pouco máis de sete millóns de euros.

Para a loita contra a pobreza presentan uns orzamentos para ir tirando, insuficientes para loitar contra este grave problema persoal e social, sen poñer os medios suficientes para darlles unha nova oportunidade ás familias que peor o están pasando. Vostedes votan non a 10 millóns de euros para a posta en marcha da renda mínima e para un plan de choque con destino aos fogares sen ningún ingreso. Vostedes votan non.

Señor conselleiro, imos votar non tamén pola precarización dos servizos públicos. En sanidade son uns orzamentos continuístas que obvian a deterioración da sanidade pública, nomeadamente a atención primaria ou as listas de agarda, sen nin sequera afrontar os cambios que o propio goberno afirmou que levaría adiante. Vostedes optan por unha sanidade *low cost*.

Resulta chamativo que a rectificación sanitaria do Goberno galego careza nestes orzamentos dos recursos necesarios para cumprir coas propostas acordadas cos responsables da sanidade pública: establecer un máximo de consultas, melloras laborais e planificación do relevo xeracional.



Á vista dos orzamentos para o próximo ano, soamente pode concluírse que lles teñen tomado o pelo ás organizacións sindicais ou profesionais. Os orzamentos da sanidade non inclúen unha transformación do modelo nin unha aposta real pola sanidade pública. Contabilizan de forma equivocada as 400 novas prazas anunciadas e inclúen nelas 72 postos de formación, moi por debaixo das máis de 800 xubilacións que se van rexistrar no próximo ano e que non están no orzamento. Así, se se fan ben as contas e se resta o persoal en formación e o Fondo de Continxencia, en realidade a suba de persoal non existe.

E logo da campaña que fixeron contra o Goberno central, a Xunta non vai aproveitar o maior número de prazas MIR habilitadas da historia, condenando o persoal sanitario a unha contratación inestable e precaria. Vostedes votaron non ás emendas presentadas polos socialistas, votaron non á dotación orzamentaria necesaria para afrontar os problemas do sistema, a ampliar a plantilla de recursos humanos e a estabilizar o persoal, a reformular o modelo de atención primaria e a asumir as necesidades asistenciais en todo o territorio, garantindo a igualdade de acceso á sanidade pública. E, se non, saia fóra e váiallelo dicir a todas as mulleres e homes tamén que se veñen manifestar en contra do peche do paritorio de Verín. (*Aplausos.*) É unha mostra máis do seu desmantelamento dos servizos públicos, do seu desmantelamento do rural.

En educación. A Xunta confirma con estes orzamentos que os docentes continuarán sen recuperar os seus horarios lectivos, mentres as aportacións ao sistema universitario continúan estancadas. Non hai o máis mínimo indicio de que o ensino no medio rural poida contar con profesorado suficiente. Seguimos moi por debaixo doutras comunidades autónomas en programas plurilingües solventes. Non hai un compromiso sólido en prevención do abandono escolar, outro dos obxectivos do Plan estratéxico galego 2015–2020. Converten nun problema crónico a debilidade económica das tres universidades públicas e aínda así apoian con entusiasmo unha nova universidade privada en Galicia.

Presentan estancamento no investimento en I+D+i en Galicia, que perde 3 millóns de euros que son absorbidos polo edificio Fontán da Cidade da Cultura, o que suporá un gasto total por riba dos 15 millóns de euros para un edificio que ninguén pediu, cando os que están ao lado seguen estando sen moito contido.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señor conselleiro —remato xa, señor presidente—, seguirei na miña segunda intervención falándolle da falta, da inexistencia de política industrial durante estes dez anos. Pero recórdolle que votamos non porque vostedes non apostan polo territorio, non apostan polas persoas, non apostan pola diversidade, buscan a precarización dos servizos públicos e están a favor dos servizos privados.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy Fraga.



O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Pechamos hoxe, efectivamente, o longo ciclo parlamentario de tramitación dos orzamentos; un ciclo que se desenvolve en varias fases, e creo que non é malo recordar hoxe que rematamos coa aprobación dos orzamentos.

En primeiro lugar, como saben, debatemos o teito de gasto; fixémoslo os días 8 e 9 de outubro. A oposición votou en contra. Nós defendiamos que era un teito de gasto prudente axeitar as previsións macro, cun crecemento dos ingresos do 3,5 no IRPF e no IVE, do 2,9 nos especiais, do 4,6 en patrimonio e sucesións e do 9 % en impostos de transmisións patrimoniais. Aquí díxosenos que faciamos crecer máis o que viña de fóra e non o que dependía de nós. Estas cifras demostran que non. E, ademais, que incluía 30 millóns de euros de liquidacións positivas do ano 2018 —exercicio que xa está pechado—, descontados, por suposto, os 85 millóns das liquidacións negativas que seguimos a pagar dos anos 2008 e 2009 e que se descontan das liquidacións positivas do vindeiro ano.

Entendemos que era un teito de gasto razoable. Vostedes rexeitárono. O PSOE dicía que faltaba rigor naquelas cifras. O Grupo Común da Esquerda e o Bloque, simplemente porque están en contra do teito de gasto. E pouco despois dese debate, concretamente o 23 de outubro, a Airef causou un problema a este argumento, porque ela fixo un informe específico sobre as previsións macroeconómicas da Xunta de Galicia previas á presentación dos orzamentos que dicía literalmente que eran prudentes e que en todo o que se refería ao crecemento do PIB e á creación do emprego cumprían con todos os requisitos que eran aplicables nos marcos orzamentarios dos estados membros da Unión Europea.

Houbo eses días outro cambio, que foi que coñecemos o pacto PSOE-Podemos, o famoso «pacto da aperta», que vai crear —parece— un goberno progresista de coalición. No seu décimo punto dicía: «*El Gobierno impulsará políticas sociales y nuevos derechos con arreglo a los acuerdos de responsabilidad fiscal de España con Europa*». A Airef dinos que cumprimos os acordos, precisamente os requisitos de estabilidade que marca Europa. Aquí non houbo ningún cambio por parte de ninguén, nin dos que dicían que faltaba rigor nas contas nin, por suposto, daqueles que denunciaban con vehemencia os pactos de estabilidade europeos pero aos que parece que para entrar no Goberno de coalición non lles importa asinar que hai que cumprilos. Este é un pouco o remate do primeiro paso.

O segundo paso comezou pouco despois, o día 18 de novembro, co debate de totalidade. Aquí novamente os tres grupos da oposición rexeitaron as contas que traía o Goberno porque medraban pouco, cando o fan en 300 millóns de euros, acadando por vez primeira un gasto non financeiro de 10.149 millóns de euros despois de moito tempo. Aquí o que se nos dixo entón —e hoxe repítese tamén sen ningunha solución de continuidade, como se nos dixo en comisión— é que gastamos pouco porque non chegamos nin sequera a gastar o que gastabamos no ano 2009, ano no que o gasto non financeiro era de 10.538 millóns, pero que estaba financiado con 1.600 millóns de liquidacións negativas que aínda estamos a devolver e 600 millóns de euros adicionais de débeda que non van nas contas do ano 2020. En resumo, 2.200



millóns de euros que está Galicia a deber e a pagar por distintos mecanismos; o que nos daría, sen esas cifras, un orzamento no ano 2009 de 8.300 millóns de euros de gasto non financeiro, deflactado, 9.976; é dicir, 750 millóns de euros se excluimos o que estamos a pagar en débeda e que non vai nos orzamentos do 2020, que é a diferenza entre facer unhas contas razoables e outras que deixan problemas para os que veñen detrás.

A verdade é que eu xa teño dito que o que fagan en referencia aos anos 2008 e 2009 simplemente significa que a esquerda non aprendeu nada da crise. Non se dan conta de que entramos nunha etapa na que o Goberno tivo que poñer en marcha o pago a provedores porque non se pagaba aos provedores. Estaban as facturas en caixóns nas comunidades autónomas, varias autonomías quedaron fóra dos mercados, particularmente Cataluña, houbo que facer o Fondo de Liquidez Autonómica e houbo que rescatar boa parte do noso sistema financeiro. Todo iso levou a paro, recesión, caída de ingresos e ao país ao bordo da intervención. A min iso lévame a pensar que poñer calquera exemplo de actuación financeira por parte da esquerda no ano 2009 aos orzamentos de Galicia, que abundaron nestes problemas, é simplemente non ter aprendido nada da crise, que é o peor exemplo que se pode poñer para enxuizar os orzamentos do ano 2020.

Aquel debate de totalidade tamén evidenciou, vía emendas, que a oposición segue a construír castelos fiscais no aire. Como dicía hai un momento, os orzamentos incrementáanse para o 2020, con relación ao 2019, en 300 millóns de euros e a oposición o que pide é que incrementemos o gasto; moi lonxe, por suposto, do que dicía o señor Lago que deberíamos estar gastando para manter o gasto público en relación co PIB, que case chega aos 2.000 millóns de euros.

O Partido Socialista de Galicia este ano pídenos que gastemos 226 millóns de euros máis, e a verdade é que o ano anterior nos pedía 293; é dicir, este ano para 2020 emendan unha crecida do gasto menor que a do ano 2019. ¿Por que menos? Pois porque o ano pasado nos pedían que nos endebedáramos en 138 millóns de euros e este ano piden que non nos endebedemos en nada. ¿Cal é a diferenza? Pois, obviamente, que goberna o señor Sánchez e non o señor Rajoy e, polo tanto, hai que pedirlle á Xunta que se endebede máis. É máis, unha das emendas que transaccionamos co Grupo Socialista na Lei de orzamentos —que debaterán despois os portavoces— era precisamente para reafirmar o noso compromiso de cumprimento cos obxectivos de débeda e de déficit.

O Grupo Común En Marea o ano pasado quería que incrementásemos en 400 millóns de euros; este ano pide 560 millóns de euros. ¿Onde está a diferenza? Nos fondos do sistema. O ano pasado dicían que incrementásemos 238 millóns as transferencias do sistema de financiamento autonómico, e este ano non se sabe moi ben por que son 410 millóns de euros. Practicamente nada en política fiscal e todo no sistema.

E finalmente o Bloque, de 190 o ano pasado a 232 este ano, en 2020, e aquí o que hai é enxeñería fiscal. Por exemplo, no imposto sobre grandes superficies, no que o ano pasado se ía incrementar a recadación en 30 millóns de euros, este ano prevén 61,8 millóns de euros; é dicir, que máis que se duplicaron nun ano as áreas comerciais en Galicia ou non se ten claro exactamente con que tipo se vai gravar estas áreas comerciais. O imposto de vivendas



baleiras pasa de 36 a 45 millóns e o de bebidas azucradas de 11 a 15 millóns. O ano pasado xa dicíamos que iso daba 8 euros de imposto por litro de bebida azucrada; este ano — iso debería ser pouco— subiría a 10.

En resumo, evidentemente, o Partido Socialista cambiou as súas emendas no debate de totalidade, reconducidos ás estabilidades de que gobernan en Madrid. Xa esqueceron aquilo de que había que repartir a débeda doutras maneiras. O Grupo Común da Esquerda non debía de contar con gobernar e anuncia que nos van dar moitas máis transferencias das que o sistema prevé e que Airef di que son razoables de acordo coas previsións macroeconómicas e o Bloque Nacionalista Galego segue no seu voluntarismo fiscal.

O problema é que despois dese debate de totalidade, que foi o 18 de novembro, o 4 de decembro houbo un novo informe da Airef —organismo que analiza a viabilidade das contas autonómicas—. ¿Que di este informe? Di que é factible o cumprimento do obxectivo de estabilidade; polo tanto, que as contas que se presentaron aquí estaban ben feitas, que os ingresos soben un 5 e os gastos un 3. Di que hai un risco moderado de incumprimento da regra do gasto, pero di que no ano 2019 non vai haber superávit porque o Goberno de España non lles transfere ás comunidades autónomas — concretamente a Galicia— 200 millóns de euros do IVE que lle debe do ano 2017. Iso é o que di o informe da Airef. E, en terceiro lugar, di que o cumprimento dos obxectivos de débeda fai que Galicia teña un risco de sostibilidade lixeiramente baixo. É dicir, as contas da Xunta que vostedes criticaban, que dicían que se podían pintar ingresos, que podía dar máis recursos o sistema, segundo a Airef son unhas contas que van permitir cumprir con todos os requisitos de estabilidade.

Novamente, as previsións da Xunta resultaron axeitadas e non as da oposición, fose o incremento de gasto de 226 millóns de euros, como pedía máis modestamente o PSOE, ou de 560, que máis xenerosamente propoñía o Grupo Común da Esquerda; iso si, pintando ingresos irrealis.

E, finalmente, entramos na terceira fase, que son as emendas aos estados de gastos. E cando iniciamos este debate iniciámosto cunha crítica xeral, que se repetiu en varias ocasións ao longo dos debates, e é que este é un debate político e non un debate técnico. Certamente, o debate orzamentario é un debate político alí onde os haxa, pero tamén é un debate económico, porque hai que analizar cales son os efectos das propostas fiscais que nos dá a oposición e hai que ter en conta, por exemplo, o efecto contractivo dunha suba impositiva, ou hai que ter en conta, por exemplo, o efecto que produce algo que grava o capital, cando no país do lado, na comunidade do lado, non se grava ese mesmo capital. E a mobilidade é factible, a xente pode emigrar a unha xurisdición para non pagar un tributo, cando o do lado é grauíto.

É tamén un debate xurídico, e por iso tamén rexeitamos algunhas emendas, porque contradicían a lexislación básica. Practicamente todas as que nos presentou o Bloque en materia de emprego público eran contrarias á lexislación básica, e xuridicamente nós, evidentemente, iso non o iamos aceptar, como non podemos aceptar tampouco dende unha base xurídica — aínda que aí tamén recoñezo que podemos discrepar ideoloxicamente— a supresión dos módulos da concertada.



Ou, por exemplo, tamén están as consecuencias xurídicas. Unha emenda do PSOE o que nos propoñía era suprimir a exposición de motivos da Lei de orzamentos, sen ningún texto alternativo, cando toda lóxica e toda boa técnica lexislativa o que nos di é que a exposición de motivos é un elemento interpretativo das normas xurídicas de importante valor, e que, por tanto, debe de incluírse en todas elas.

Pero tamén é un debate técnico-contable, e incluso este debate tamén ten unha perspectiva sociolóxica. Isto é o que son os orzamentos, son política, pero tamén economía, dereito, técnica contable e tamén teñen moito que ver coa socioloxía.

Certamente, nós facemos deste debate algo que é político, pero tendo en conta todos os demais criterios, particularmente os criterios técnicos. Eu son dos que estou convencido de que enfrontar unha decisión ou un voluntarismo político contra os coñecementos técnicos é unha vía clara ao fracaso, e ese e non outro é o fracaso dos populismos, que antepoñen a vontade política á realidade sobre a que a vontade pode actuar. É certo que a demagogia pode resultar moi atractiva, pero os seus efectos normalmente son moi destrutivos. Neste caso estamos falando de aspectos técnico-orzamentarios ou contables, que implican que cando se fan emendas no ámbito técnico-contable hai que ser moi claro e moi preciso. Porque o que está facendo a oposición — e por iso o rexeitamos — é, con fins políticos, utilizar artificios contables, cousa que foi manifestada ao longo de todos os debates que mantivemos en comisión. Porque vostedes utilizan artificios contables para esconder as consecuencias políticas e económicas do seu modelo; en definitiva, para facer propaganda e non dicir exactamente a que se renuncia cando se propón incrementar un gasto.

Isto para nós resulta un debate pouco honesto, porque usan constantemente ilusións financeiras, ocultando quen pagaría ou financiaría o novo gasto que propoñen, cousa que é moi importante porque na política trátase de elixir, e falo do concepto de «ilusión financeira» no concepto clásico da socioloxía financeira italiana, de Amilcare Puviani, que, por certo, foi dado a coñecer entre nós por quen foi presidente do Tribunal Constitucional, o profesor Rodríguez Bereijo, entre a doutrina académica anglosaxona, polo que foi o meu mestre James Buchanan.

Pois no debate de totalidade non foron honestos porque inventaron novos ingresos sen ningún custo político, porque non custa nada poñer nos orzamentos que vas ter 400 millóns de euros que che vai mandar Madrid — que Madrid non che vai mandar —, ou pintar recadación ou facer como hoxe unha referencia ao imposto de sociedades, que todos sabemos que non é un imposto autonómico. É que non é honesto dicir que se suprimen beneficios fiscais, pero non dicir se o que se quere suprimir son as axudas á natalidade, á familia numerosa, ao acollemento, ao coidado de fillos menores, ao alugueiro de xente nova, á compra de vivenda por discapacitados xoves, etc. Non é honesto facer este tipo de emendas. Iso foi o que nos fixeron no debate de totalidade.

Ou incluso, cando son honestos, como cando, por exemplo, din que non se debe de aceptar a baixada dalgúns impostos, incorren noutra forma interesante de demagogia, que é en dicir que todas as rebaixas fiscais que fai o Grupo Popular se corresponden para favorecer os ricos. Esquecen, evidentemente, todo o que se fixo, por exemplo, o pacto co Partido Socialista para



subir o imposto do patrimonio no peor da crise; esquecen, por suposto, que a primeira rebaixa fiscal importante que fixo o Grupo Parlamentario Popular foi baixarlle o imposto sobre a renda ao 80 % das rendas máis baixas, moi por debaixo do que nos propoñía o Grupo Alternativa Galega de Esquerda para os tramos de menor renda; esquecen, en definitiva, todo o que levamos feito ao longo desta lexislatura.

E dinnos que non aceptamos, por soberbia, as emendas que nos presentan ao estado de gastos. A señora Pontón aludía á memoria. Eu, como ela sei que a ten, podería recordar que no ano 2008, cando se debateu o orzamento para o ano 2009, non aceptaron nin unha soa das 850 emendas que presentou o Partido Popular. Nós aceptamos tres, e transaccionamos unha na Lei de orzamentos. Nin sequera iso aceptaron vostedes, nun momento en que o Partido Popular era o grupo maioritario da Cámara, por certo.

Ou, como di a señora Rodríguez Rumbo, somos arrogantes, esquecendo o pacto sobre o imposto sobre o patrimonio, os pactos que tivemos con vostedes no proceso orzamentario para o control e a transparencia das contratacións e colaboracións público-privadas ou os pactos que tivemos para a transparencia, incluídos neste orzamento nas emendas que lle aceptamos na Lei de orzamentos.

E fálanos de demografía. Di que somos arrogantes en demografía, cando hai constituído un observatorio de dinamización demográfica, no que participou o Grupo Socialista, e cuxas conclusións foron apoiadas polo Grupo Socialista, ao que volveu a lei que vai entrar na Cámara, de impulso demográfico, e ao que vostedes non lle fixeron ningunha obxección. Aínda estamos a tempo de que no trámite parlamentario vostedes aporten cousas para a demografía, pero, certamente, a un grupo maioritario, para combater a crise demográfica, que faga todo isto, dificilmente se lle pode dicir que é arrogante, porque vostedes nos traen unhas emendas, que, lonxe de ser malas pola súa finalidade, son malas porque o que están a facer é desvestir un santo sen chegar a vestir outro, como agora paso a demostrar.

Porque, efectivamente, nas emendas parciais é onde teñen menos marxe para facer ilusións financeiras, con todo, fan moitas ilusións financeiras. Hai dous grupos, o Grupo Común da Esquerda e o Grupo Mixto, que presentan emendas de crecemento de gasto de moitas partidas sen especificar que partidas se reducen. Isto é fantástico: eu incremento o gasto, vou dicindo polos pobos e vilas que quero gastar máis, ou vou vendo colectivos aos que lles digo que lles vou dedicar máis diñeiro, pero non digo de onde saco os cartos, a que vila llos saco ou a quen prexudico porque diminúo o seu gasto. *(Aplausos.)*

E o Bloque e o PSdeG, que si mencionan as partidas de onde saen os cartos, utilizan outros mecanismos de ilusión financeira, por exemplo, financiar novos proxectos con cargo á redución de partidas impopulares: gasto corrente, altos cargos, publicidade..., cando a realidade é que cando gobernaban vostedes baixaron un 20 % o gasto en persoal eventual, o material de oficina e gastos protocolarios baixou máis dun 50 % e a publicidade baixou o 60 %. Iso cando gobernaban vostedes. Logo van dicir: aprendemos a lección. Pero é que tam pouco. ¿Vostedes cren que é crible que poidamos reducir máis este tipo de gastos e cando chegan ao Goberno de España —que vostedes votaron todos, menos o Bloque, que aínda non estaba— o primeiro que fai o presidente Sánchez é subir un 15 % o gasto en altos cargos e



un 30 % o gasto en persoal eventual? Isto é dicir: imos gastar, reducindo aquilo que xa non se pode reducir. Polo tanto, é xerar unha ilusión financeira. *(Aplausos.)*

Como é xerar ilusión financeira as súas emendas, que reducen as transferencias á concertada, sexa en educación ou sexa en sanidade. Comentaba no último pleno o señor Torrado que non podiamos comparar a contía da partida inicial para a actividade concertada no Sergas, porque ao longo do ano había variacións, e ten razón; o que hai é que ir ver que di o Consello de Contas, e dámoslles os datos. O último ano fiscalizado deste goberno en gastos en concertada do Sergas foi de 202 millóns de euros, e o último ano fiscalizado do Bipartito foi de 220 millóns de euros. Podemos deflactalo tamén, pero é evidente que vostedes gastaron moito máis en sanidade concertada do que está a gastar o actual Goberno. *(Aplausos.)*

O mesmo se podería dicir da educación. Pero isto non é o grave, o grave é onde está a ilusión financeira. E é que vostedes o que fan é retirar fondos do ensino concertado para levalos ao financiamento universitario e quedar ben coa comunidade universitaria, e os fondos que lle retiran á sanidade concertada non os levan á sanidade pública, lévanos a ambulancias e a obras, que aquí é onde está o deshonesto. Os rapaces que van á concertada non van ir á pública, non hai que incrementar ou reducir o gasto na concertada ou o gasto na educación pública. A xente que está hospitalizada na concertada vai entrar nos hospitais públicos, pero vostedes non incrementan o gasto dos hospitais públicos, incrementan outras cousas que non teñen nada que ver co gasto que se aforra. Isto, evidentemente, é facer trampa, é crear ilusións financeiras e é non ser honesto cando se presentan as emendas.

Como tampouco o é —terceira cuestión— retirar fondos de transferencias de entes sen aclarar que gastos deixarían de facer eses entes. Vostedes sistematicamente deixan patente que non están preparados para gobernar, ou polo menos que non son capaces de presentar uns orzamentos serios, cando lle sacan cartos e fan transferencias á Axencia Galega de Infraestruturas, transferencias á Antega, transferencias ao Consorcio de Benestar e transferencias ao Instituto Galego de Vivenda —ninguén se pode ofender por isto, porque é unha transferencia—. ¿Cal é o problema? O problema é que esas partidas teñen un correlato de gasto nos entes aos que van esas transferencias. Pero aí os grupos da oposición non din nada, renuncian a elixir que estrada deixa de facer a Axencia de Infraestruturas, renuncian a dicir que programa de dixitalización descarta a Antega, renuncian a dicir que escola infantil paraliza o Consorcio de Benestar, ao que lle quitan transferencias; ou, por exemplo, cando lle sacan cartos ao Cixtec, que lle adican á fraude fiscal, o que están facendo é quitarlle os cartos ao organismo que dá toda a información para perseguir a fraude fiscal. Esta é —insisto— unha forma de crear ilusión financeira coas emendas e unha forma pouco seria de emendar.

Pero hai outro mecanismo que tamén utilizaron os grupos da oposición, que é retirar fondos das partidas cos nomes máis ambiguos, por exemplo: investimento de reposición, actuacións ambientais... Ninguén vai criticar que se quite mantemento e investimento de reposición —e se se chaman transferencias as das empresas privadas, evidentemente, aquí é máis fácil dicir que se sacan—. O que ocultan son as consecuencias. Por exemplo, o PSdeG, que está tan concienciado co cambio climático, estaría retirando fondos nas obras de eficiencia enerxética que está a facer a Xunta en todos os seus edificios. Ou o BNG, que está tan preocupado polo sistema de emerxencias de Galicia, retira fondos que financian a rede dixital que os equipos de emerxencias uti-



lizan para comunicarse. Ou o mesmo grupo nacionalista, sempre tan defensor da I+D+i, estaría recortando as partidas que financian as axudas de innovación para as peme ou para a modernización dixital do pequeno comercio.

Se saen as memorias dos orzamentos, verán que esas partidas son para iso, pero o que pasa é que non lles importa, porque do que se trata é de facer publicidade e propaganda coas emendas aos estados de gasto. É máis, hai aínda outra cuestión que quero salientar. Todos os grupos aquí, pleno tras pleno, din que a Xunta é caciquil na repartición de fondos por falta de concorrència competitiva nos investimentos dos concellos. ¿E que fan vostedes nas súas emendas? Reducen as partidas globais que financian as convocatorias de axuda para investimentos en escolas infantís, forestais, contra os lumes, obras de interese municipal, e utilizan eses cartos que retiran desas partidas para novas partidas que si teñen nome e apelidos: do proxecto do concello, fondos a dedo sen concorrència... É posible que, evidentemente, mentres estamos debatendo en comisión, vostedes vaian por todas as vilas, todos os pobos e todos os lugares dicindo que o PP non quere aprobar esas emendas, (*Aplausos.*) e a nós iso parécenos moi pouco honesto.

Este exercicio de ilusión financeira, que é evitar o custo político de visibilizar os programas e investimentos concretos que vostedes suprimirían para financiar outros e esconder as consecuencias reais dalgunhas das decisións políticas que conlevan as súas emendas, eu creo que descualifica no seu conxunto e fai imposible que o Grupo Popular poida apoiar algunha das súas emendas.

Hei de dicir, por ser sincero e por honrar a verdade, que non sempre pasa. Hai, por exemplo, unha emenda onde si se cumpre isto. O Bloque Nacionalista Galego, por exemplo, presenta emendas á sección de cultura e turismo, nas que opta por descapitalizar todas as partidas relacionadas co turismo e co Xacobeo para financiar novas políticas en materia cultural. Nós discrepamos con esa dirección da política turística e cultural. Cremos que o Xacobeo é unha grande oportunidade para Galicia e para a súa economía, pero polo menos aí son honestos e din o que hai que facer. É unha mágoa que haxa poucos exemplos de emendas honestas e que case todas sexan unha verdadeira creación de ilusión financeira.

En resumo, na primeira fase fixéronnos unha ficción de previsións macro que a Airef dixo que eran ficticias. Nunha segunda fase fixéronnos unha ficción coas previsións de ingreso, e a Airef volveu confirmar que eran ficticias. E agora, na terceira fase, estamos na ficción do uso incorrecto dos recursos. É dicir, o que fixeron vostedes coas emendas é populismo e electoralismo en vea; iso é o que son estas emendas (*Aplausos.*), populismo e electoralismo en vea que, ademais, se acrecenta polo ton populista que adoptan moitas das súas orientacións no debate orzamentario. Primeiro, están constantemente desacreditando as intencións do rival político. Hai un libro de Pierre Cahuc y André Zylberberg —dous economistas franceses— que se chama *Negacionismo económico*, e di unha cousa: os negacionistas económicos —que son moi perigosos porque poden conducir un país á ruína— sempre utilizan un argumento, que é desfacer un argumento económico-técnico dicindo que o que pretenden é favorecer os ricos. Eu recoméndolles que lean este libro porque están vostedes moitas veces no populismo negacionista desde o punto de vista económico.



Nós podemos pensar que vostedes están equivocados, que é bo potenciar o Xacobeo. Vostedes cren que non. Aquí hai un problema de erro. Eu o que non penso cando vostedes me emendan o Xacobeo é que o que queren é afundir o país ou que queren maltratar a xente, que é o que vostedes están insinuando constantemente cando nós facemos algunha proposta política.

O segundo elemento populista é a propaganda; é dicir, isto de ir polas vilas sen dicir a quen se lle saca para dicir que se queren facer cousas é claramente populismo; é demagogia. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Con independencia de que sexan obxectivos loables, aínda que non todos o son... Eu, a verdade, o obxectivo que se mencionou neste debate, que debaterán outros portavoces ao longo do pleno, de meter o tema de Verín no debate orzamentario cando, se hai unha cousa que está clara, é que non hai un problema orzamentario en pediatría en Verín, pois é facer populismo, e ademais perigoso. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

E tampouco é honesto —é populismo, é electoralista e é demagórico— ignorar os datos e a evidencia. Aquí estase dicindo que nos estamos cargando o gasto social. Eu vou dar as cifras —xa as dei, pero repítoas—: sanidade: 2009, 3.700 millóns; 2020, 4.107; gasto per cápita: 1.360; ano 2020, 1.527 —sobe o gasto en sanidade—. Educación: 2.400 millóns; 2.465 este ano. Gasto por poboación en idade de educación (2-24 anos), 4.387 no 2009; 5.000 no ano 2020. Acción social e promoción social: gasto no 2009, 570; gasto no 2020, 821 millóns de euros. É dicir, pasamos per cápita de 205 a 305 euros por habitante. ¿En I+D+i? 142, e agora é 183; daquela gastábase per cápita 51, hoxe vaise gastar, no exercicio do 2020, 68.

Como tamén é demagogia, eu lamento que nin sequera se dean ben as cifras. Díxose aquí que se incrementara a pobreza severa, e fíxose referencia a distintos informes: taxa de risco da pobreza de acordo co INE, Galicia baixa desde o ano 2008. O índice de pobreza, a taxa de risco de pobreza, baixa en cinco comunidades —segundo o INE—; e Galicia é a segunda na que máis baixa a taxa de risco de pobreza. Mencionouse a taxa Arope de pobreza severa. En 2008 estabamos no 3 %, no 2018 estamos no 1,6 %; é a segunda con menos pobreza severa de todas as comunidades autónomas. Non se pode dicir, por moito que haxa que seguir pelexando contra a pobreza, contra a exclusión, que estamos peor que cando vostedes gobernaban; ao revés, estamos mellor. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor PUY FRAGA: Pois ben, fronte a estas emendas exemplo —insisto— de demagogia popular, certamente houbo pouco que facer, pero iso non quere dicir, por non aceptalas, que non teñamos uns orzamentos que medran, uns orzamentos que melloran o gasto social, uns orzamentos que dan certeza aos axentes económicos, que garanten que sigamos crescendo, creando emprego, e con iso garantindo a sostibilidade do benestar en Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas defendidas polos demais grupos.



Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bo día de novo, señorías.

Resulta curioso, paradoxal incluso, ver o Partido Popular falar aquí de negacionismo, e, para empezar, do negacionismo do problema que existe co peche do paritorio do Hospital de Verín. Pois claro que hai un problema, e non se pode negar que hai un problema derivado desa situación. Un negacionismo social dun problema que consiste en que se suprime un servizo que é esencial para a comunidade e que se aforran cartos con esa decisión. E, ademais, é o negacionismo doutra evidencia, e é que hai seis sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que condenan o Sergas precisamente pola ilegal organización do Servizo de Urgencias Pediátricas do Barco de Valdeorras, que era transportable directamente tamén á situación do Hospital de Verín. Polo tanto, suporía un reaxuste orzamentario do Sergas en relación tamén con ese hospital. Entón, claro que falamos tamén dun problema orzamentario.

Do que non falamos, desde logo, é de que o problema fose técnico, porque, como os criterios do propio presidente da Xunta de Galicia foron evolucionando durante eses quince días, é evidente que os motivos eran falaces e, polo tanto, o negacionismo dos problemas non vai dar lugar a que a xente se sinta amparada. O único que pode amparar a poboación, non soamente da comarca de Verín senón do conxunto da cidadanía de Galicia, é que repoñan de forma inmediata e incondicional o servizo de paritorio e das urgencias pediátricas neste hospital comarcal e que se comprometan a non seguir desmantelando a sanidade pública, especialmente no que se refire á sanidade comarcal nos distintos hospitais do noso país.

E hai un negacionismo social, pero á parte tamén hai un negacionismo climático, ou polo menos non hai un reflexo orzamentario da adecuación da loita contra o cambio climático que tería que producirse, sobre todo agora que fracasou o Cumio mundial do clima. A Xunta de Galicia debera tomar medidas específicas tamén para facer fronte, como sociedade avanzada, por medio do seu goberno, á loita contra o cambio climático, e non o fan. As emendas que propuña En Marea —e constituían o terceiro bloque que deixei antes por expoñer da emerxencia climática que hai no noso país— forman parte tamén do noso conxunto de propostas. En primeiro lugar, o impulso da Estratexia galega do cambio climático, cunha dotación orzamentaria maior para este combate. E a dialéctica dunha economía verde con respaldo orzamentario e que ten un carácter transversal, desde a promoción do comercio, dos produtos locais, a espazos comerciais de carácter municipal e a mercados excedentes de emprendemento. En materia de I+D, o desenvolvemento da economía verde, a creación do centro de I+D+i, de novos materiais a partir de elementos reciclados e en proceso de reciclaxe en Cerceda.

Facemos toda unha serie de propostas —vounas pasar moi por riba— que teñen que ver coa transición sostible e que teñen que ver coa dinamización económica como compensación ás comarcas das Pontes e de Cerceda como consecuencia do peche das centrais de carbón: a creación do Centro de Recursos para o Desenvolvemento Sostible de Galicia nas Pontes; a creación do Centro de Ecoempresas das Pontes; o viveiro de empresas renovables; o impulso á eólica mariña, de todo o *hub* que debería converter Ferrolterra nun referente de carácter mundial; o plan piloto de reforma enerxética de fogares nos concellos das Pontes e de Cer-



ceda; o desenvolvemento do Mapa de transición sostible de Galicia, etc. Estas medidas son para nós esenciais para poder levar a cabo e tomar en serio algo que o Goberno galego non fixo nos últimos dez anos a pesar de que se sabía de sobra que isto ía acontecer.

Tamén en clave de economía sostible temos unha serie de emendas en materia de pesca, tanto para a modernización como para a incorporación de novas promocións de xente ao mar como para o desenvolvemento de técnicas de estratexia sostible. Tamén unha idea de economía sostible no espazo rural: o Plan estratéxico de mellora da industria do moble. Nós pensamos que é mellor menos Suecia e máis Galicia á hora de amoblar as nosas casas. E, polo tanto, apostamos polo desenvolvemento dun sector que debería ser punteiro, non soamente a nivel galego, senón a nivel europeo.

O transporte é unha das claves da loita contra o cambio climático e, polo tanto, unha mobilidade sostible é esencial e é algo que botamos en falta nestes orzamentos. Falamos dunha mobilidade sostible na área urbana de Pontevedra e da exploración directa para o establecemento dun sistema de tranvías que conecte toda a conurbación, da mellora do transporte público no Salnés, do transporte metropolitano na cidade de Ourense e na contorna e dun orzamento adecuado para as intermodais, do Plan de desenvolvemento do transporte público eléctrico ou do estudo da implementación doutras formas de transporte. Alá onde non dea para os trens de cercanías, que poidan ser desenvolvidos os sistemas de tranvías, como o propio desenvolvemento das áreas urbanas e metropolitanas de calquera cidade europea ou de calquera área urbana europea. Tamén no ferrocarril de mercadorías, a posta en servizo e a dotación do porto seco de Monforte dunha vez por todas.

En materia de medio ambiente, falamos da recuperación de solos fronte ás desfeitas ambientais permitidas pola Xunta de Galicia, particularmente de solos degradados na comarca de Valdeorras, e do saneamento e das melloras ambientais en rías como a do Burgo, a de Arousa ou a de Ferrol, etc. É dicir, son actuacións que, a pesar das limitacións nesta fase do debate, pensamos que poden mellorar substancialmente a sostibilidade do noso país.

Tamén pensamos que, en certa maneira, vivimos nunha situación de emerxencia democrática, e iso obríganos a loitar especialmente contra a corrupción, contra a fraude fiscal e contra a evasión fiscal das grandes fortunas. E por iso prevemos un programa específico de formación na Escola Galega de Administración Pública para loitar contra a corrupción, para mellorar e apoiar as accións que se están a desenvolver e que se continuarán a desenvolver con máis intensidade por parte da Fiscalía Anticorrupción, unha vez que se implementen as dúas fiscalías nas provincias da Coruña e de Pontevedra —como anunciou o fiscal xefe que estaba estudando xa o Consello Fiscal—. En segundo lugar, o incremento do orzamento da Axencia Tributaria para mellorar a loita contra a fraude fiscal, que ademais é un investimento con retorno, porque ese investimento despois dá lugar a que ingresen cartos nas arcas públicas que neste momento non están e que deberan de estar. Polo tanto, é algo que deberamos de atender. Son desas emendas que pensamos que serían positivas incluso para as arcas da propia Administración.

E tamén como emerxencia democrática cualificamos a necesidade de información e de sensibilización sobre a igualdade e a diversidade afectivo-sexual, sobre todo pola ofensiva tanto



homófoba como transfóbica que está neste momento levando a cabo a extrema dereita e que se coa cada vez en máis espazos. É necesario contrarrestala mediante campañas de sensibilización en igualdade, algo que, na nosa opinión, non está facendo adecuadamente a Xunta de Galicia.

Tamén de emerxencia democrática no ámbito lingüístico debemos de cualificar a situación na que se atopa a nosa lingua, por exemplo na Administración de Xustiza. Aprobamos hai case dous anos na Comisión 1ª a galeguización do Programa da Administración de Xustiza e seguimos esperando por el. Ben, pois aquí acadamos unha proposta de dotación orzamentaria, ademais de aproveitar para pedir a derogación do Decreto do mal chamado plurilingüismo, que o único que é é unha norma que está facilitando a desaparición da lingua galega como uso de lingua vehicular, sobre todo na ensinanza e, polo tanto, a minoración do seu uso por parte das capas máis novas da sociedade.

En materia de cultura, tampouco queremos deixar de sinalar o despropósito que supuxo a petición de que o cuartel de San Fernando, en Lugo, sexa utilizado como parador e non sexa o museo da romanización que require esta cidade.

Señorías, estas tres emerxencias ás que acabo de facer referencia e organizadas nestes tres bloques poden ser atendidas por vía de emenda nestes orzamentos. Vimos que a posición do Partido Popular é absolutamente refractaria, e por esa razón nós pensamos que, por ignorar estas emerxencias —a emerxencia feminista, a emerxencia social e a emerxencia climática—, hai unha sociedade civil —por esta razón— que a estas horas se manifesta ás portas do Parlamento por unhas políticas que considera, desde logo, machistas; unhas políticas que entenden que supoñen violencia institucional contra as mulleres polo peche de servizos esenciais. Non é soamente o estrangulamento do medio rural, é a negación de servizos esenciais, é a creación de situacións de risco para as mulleres e os seus nenos que antes non existían. Créase un risco antes inexistente porque se suprime un servizo antes existente. Polo tanto, nós non facemos negacionismo social, nós facemos unha asunción dunha realidade que vostedes non fan. Teñen que ser conscientes das súas decisións, teñen que ser conscientes de que esas decisións causan sufrimento, causaron sufrimento e poden causar máis sufrimento aínda. Non esperemos a que volvan suceder novas traxedias ou a que sucedan feitos que ninguén quere para que repoñan servizos que non deberon de suprimir.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vaia rematando, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Si, vou rematando. Por esta razón hoxe a xente maniféstase aquí diante do Parlamento. É xente —permítanme dicilo— que votou o Partido Popular nas eleccións de 2016 —verán incluso cargos públicos aí fóra do Partido Popular— e que o único que lles piden é que rectifiquen. ¿Non era que rectificar era de sabios e de sabias? Pois se é unha decisión que ademais ten un custo económico relativamente baixo debiera ser especialmente fácil, pero sabemos que non o van facer, e así o anunciaron. Este é o ramo dunha lexislatura de políticas antisociais e de políticas inxustas; de políticas que son antigalegas na medida en que van en contra da maioría social. Nós pensamos que por iso, por vivir de costas á xente e ás súas necesidades, por vivir illado o presidente no Monte Pío sen escoitar o clamor da sociedade, por estas razóns estes serán os derradeiros orzamentos da era Feijóo.



Nós apoiaremos as emendas dos demais grupos parlamentarios, e, en relación coas nosas, pediremos a votación separada de tres grupos do conxunto xeral.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: Unhas teñen que ver coa sanidade pública, particularmente para a reposición dos servizos da sanidade pública en Verín; outras en relación coa atención á diversidade funcional en Ourense...;

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villares. Rematou o seu tempo.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...e un terceiro bloque de propostas separadas que teñen que ver coa emerxencia climática.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para fixar a súa posición, ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MODELO: O señor Puy —non sei se hoxe case chamarlle profesor Puy— fíxonos aquí... (*Murmurios.*) Non sei se os señores do Partido Popular, a señora Prado, quere intervir neste momento. ¿Alguén? (*Murmurios.*) Eu déixoos. Se o presidente e o seu grupo lles cede a palabra, non teño ningún problema. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: ¿Perdón? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Si? Todos escoitamos con respecto, pero nas bancadas do Partido Popular está claro que esa palabra non a conxugan demasiado. (*Murmurios.*)

Dicía que o señor Puy hoxe, na súa versión profesor Puy —xa teño dito aquí que fun alumna del, ou sexa que non sei por que se molestan tanto—, falounos de fases. Na última fase vino case protagonizando unha película que é bastante antiga, pero foi moi coñecida no seu momento, trátase de *Encuentros en la tercera fase*. Vino abducido pola propaganda e a manipulación do propio Goberno, a verdade, señor Puy, (*Aplausos.*) e bastante frouxo na súa argumentación.

Agora dinos que falar de Verín é facer populismo. Ou sexa, falar dun problema que estamos vendo que pon en risco os dereitos das mulleres, que pon en risco os dereitos da infancia, é facer populismo. Non, señorías, é defender os intereses dos galegos e das galegas, (*Aplausos.*) da xente do rural, e non agachar a cabeza cando temos a moita xente que está protestando aí fóra porque están realmente preocupados e preocupadas polas súas vidas. E se calquera de vostedes fora a nai ou o pai que lle pasou esta semana pasada o que lle pasou, seguro que non dicían que isto era populismo, dirían que é un exercicio de responsabilidade fronte aos



recortes do Partido Popular. Señores e señoras do PP, non nos van calar, e imos seguir defendendo que non se pode pechar o Hospital de Verín en todos e cada un dos foros.

Facémolo hoxe tamén, entre outras cousas, porque ¡claro que ten que ver a política orzamentaria cos recortes na sanidade pública que se están producindo! ¡Claro que teñen que ver as decisións que tomou o Partido Popular de precarizar cada vez máis as condicións laborais tamén na sanidade pública, o que explica que hoxe teñamos os problemas que temos! Polo tanto, se non teñen argumentos, polo menos non entren no debate dunha forma tan ofensiva. E non para nós, para toda a xente que está aí fóra protestando, para todos os veciños e veciñas de Verín que levan semanas protestando, que levan máis de dez días pechados nun hospital e que non están facendo populismo, senón que están defendendo o seu dereito á saúde. Iso é o que están facendo no hospital. *(Aplausos.)*

Díxonos tamén o señor Puy que a esquerda non aprendeu nada na crise. Eu voulle dicir que aprendemos moito. O primeiro que aprendemos é que a crise foi a escusa perfecta para levar adiante unha estafa social; unha estafa que se utilizou *(Aplausos.)* para centralizar e que se está utilizando para crear unha sociedade cada vez máis desigual.

Eu falei dos datos oficiais que demostran, ademais, como esa crise económica en Galiza está provocando unha desigualdade maior. Vemos como cada vez as rendas dos traballadores e das traballadoras pesan menos e as rendas vinculadas co capital pesan máis. E se ben ese desequilibrio se está producindo en todo o Estado, é moito máis agudizado tal e como se está facendo en Galiza. Imaxino que vendo os niveis de pobreza que temos no noso país, os niveis de emigración, os niveis de desigualdade e de precariedade, isto debía ser un motivo central no cambio de política económica da Xunta e tamén no cambio de política fiscal. Porque ¡claro que lle están facendo agasallos ás rendas máis ricas! ¿Que é, se non, o que acaban de facer co imposto de sucesións? Sinceramente, o que non poden é vir aquí negar a realidade, senón, polo menos, ser honestos e dicir: defendemos unha política na que cremos, efectivamente, que os ricos teñen que pagar menos, porque iso é o que está defendendo e facendo o Partido Popular desde que chegou á Xunta. *(Aplausos.)* Sexan honestos e deixen de utilizar a propaganda.

É certo que vostede, nalgunha parte, non sei se dunha forma consciente ou inconsciente, si que tivo algo de sinceridade. Entón, díxonos que votaba en contra das emendas do BNG porque ían para recuperar dereitos na función pública ou porque nós queríamos defender a educación pública fronte á blindaxe da concertada. Pois ¡claro que si!, nós témolo moi claro. Creamos no público, cremos que hai que recuperar dereitos e imos dar todos eses debates nos orzamentos.

Onde de verdade me parece que non estivo moi atinado —e vaime permitir este comentario— foi na xustificación de por que non se aprobaban as emendas, e vaise a unha cuestión de tipo técnico. Eu creo que tecnicamente todas estas emendas están ben feitas, entre outras cousas porque, tal e como exige o propio Regulamento da Cámara, non poderían ser aprobadas pola Mesa se tecnicamente non estivesen acordos co que se establece para poder facer esas emendas. Ademais —e creo que non lle vou descubrir nada novo—, existe unha posibilidade que é a transacción, e se vostedes non están de acordo de onde se fai a rebaixa pero



si que están de acordo con que hai que cambiar e hai que incluír algunhas das propostas que nós facemos, sempre estamos dispostos e dispostas a cambiar o lugar de onde se fan as rebaixas. O problema, señor Puy, é que sabe que esa é unha escusa de mal pagador e que o Partido Popular vén única e exclusivamente aquí pasar o rodillo parlamentario, e como non teñen argumentos, teñen que recorrer a este tipo de cuestións.

Voume centrar só en dous aspectos que me parece que son importantes. Vostede di que nós mentimos cando dicimos que hai recortes nos servizos públicos esenciais como pode ser a sanidade ou como pode ser a educación. Claro, é certo, un vai ás cifras e di: hoxe, no conxunto global da sanidade —xa está aí o seu portavoz en sanidade pasándolle notas, está ben— hai... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*
Señor Trenor, silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: ¿Podo seguir? O que vostedes non din é que na sanidade, en atención primaria, hoxe temos menos recursos que hai dez anos —concretamente 140 millóns de euros menos— e un recorte acumulado de 2.000 millóns de euros. ¿E isto que está provocando? Pois está provocando que temos na sanidade, na base do sistema sanitario, un problema gravísimo que está denunciando a sociedade e que hai pouco tempo acabamos de ver. Médicos e médicas de atención primaria non fan folga por deporte nin porque si, senón porque lles faltan recursos, medios e hai unha deterioración constante *(Aplausos.)*. Tamén temos a sociedade mobilizada, e non só en Verín, porque queren cargarse o seu hospital comarcal, senón tamén en moitos outros sitios. Hai pouco tivemos unha mobilización en Soutomaior, un sitio onde están saturados os cupos, onde se están cancelando citas de atención primaria, onde hai listas de espera que non son asumibles, e por moito que lle dea á cabeza o portavoz de sanidade do Partido Popular, a realidade está aí, e a sociedade non protesta por deporte, protesta porque hai problemas e non tragan a propaganda do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Polo tanto, o que vemos é que na base do sistema segue habendo problemas. Vostede sabe que a metade do incremento de sanidade vai directamente para os incrementos salariais do persoal que traballa na Administración pública e que outra parte moi importante dese incremento está derivado de que aumentou moitísimo o gasto farmacéutico da sanidade. Polo tanto, non é certo que estea habendo máis recursos reais na sanidade pública ou que estes orzamentos vaian darlles problemas a aqueles elementos onde se está vendo que se deteriorou dunha forma máis forte a sanidade.

Outro tanto poderíamos dicir de educación. Houbo 2.000 millóns de euros de recorte en dez anos. Elimináronse naquelas cuestións que tiñan...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...máis que ver coa atención á xente que ten problemas de audición e linguaxe ou doutro tipo de especialidades; vemos como un elemento clave en calquera sistema educativo como son as universidades hoxe teñen menos recursos que hai dez anos.



Os problemas están aí, queiran velos vostedes ou non. E o grave é que estes orzamentos o que nos demostran é que o Partido Popular non ten unha axenda de futuro en liña cos retos que ten este país, que o PP non ten visión, non ten iniciativa, non ten ilusión, e única e exclusivamente enfocan isto desde a pervivencia ou desde a supervivencia do Partido Popular no goberno, cun discurso desconectado da realidade social, cuns tecnicismos que sinceramente creo que non se sosteñen desde o punto de vista do debate, que é un síntoma máis de ata que punto non teñen nada que ofrecerlles...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...aos galegos e ás galegas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pontón.

Dámoslles a benvida aos alumnos de 1º de bacharelato do IES Xelmírez, de Santiago.

Polo Grupo Común da Esquerda, para fixar a súa posición sobre as emendas, ten a palabra o señor Lago Peñas.

O señor LAGO PEÑAS: Brevemente. Sobre o posicionamento das emendas dos grupos da oposición, votaremos a favor. E sobre o Partido Popular, ímonos posicionar polo que dixo hoxe o seu portavoz aquí, non imos eludir ese debate, especialmente no referido ás críticas explícitas e implícitas que fixo ao posicionamento do Grupo Común da Esquerda, que anotei basicamente en cinco elementos.

Na primeira, acúsasenos a Unidas Podemos, señor Pedro Puy, de conformar unha negociación para formar un goberno de esquerdas no Estado español que aceptaba o marco orzamentario da Unión Europea. A obsesión que ten o Partido Popular cos recortes lévao a non entender a lóxica do que establece a Unión Europea. Porque a Unión Europea do que fala é dunha cifra de déficit, non de gasto. A Unión Europea non di en ningún caso que hai que recortar o gasto, di que hai que equilibrar ata certo punto o desequilibrio das contas públicas, o déficit; e esa é a esencia da nosa intervención hoxe pola mañá.

É posible equilibrar as contas, reducir os desequilibrios, se se aumentan os ingresos, se se aumentan os impostos, pero o Partido Popular ten unha obcecación: a única forma de equilibrar é recortar o gasto. ¡Confúndense! É posible un marco orzamentario que avance no equilibrio das contas públicas incrementando os ingresos. Estao dicindo Merkel, que quere implantar unha taxa sobre a especulación financeira. Estao dicindo o conxunto da Unión Europea, que está plantexando o establecemento da taxa Google. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E é un posicionamento que nós defendemos aquí, a necesidade de incrementar os ingresos.

Nese sentido —témolo dito aquí moitas veces—, se non se incrementan os ingresos, a solución, a alternativa, a consecuencia é máis recortes e máis débeda. E aquí o Partido Popular ten poucas leccións que dar de xestión eficiente das contas públicas, porque co seu goberno hoxe temos 2.000 millóns de euros menos de gasto público e 7.500 millóns de euros máis de débeda.



A segunda crítica que facía o portavoz do Partido Popular é que só propoñemos emendas ou estimacións de ingresos por un importe de 563 millóns de euros, cando o que dicimos —como acabo de reiterar agora— é que o recorte do gasto é de 2.000 millóns, en comparación coa cifra de recursos públicos antes de que empezaran a recesión e a austeridade.

¡Claro que si, señor Puy!, pero iso xa llo expliquei o ano pasado. A ninguén se lle ocorre pensar que nun só exercicio é posible recuperar eses 2.000 millóns de euros. A ninguén se lle ocorre plantexar iso, e nós non o dicimos. Nós dicimos que hai que empezar un proceso de recuperación de ingresos que, ao longo dunha lexislatura, permita recuperar e permita volver dotar os servizos públicos e a protección social do nivel de recursos que tiñan antes da recesión. Nós non temos un fetichismo co ano 2009, daría igual que a comparación a fixésemos co 2008 ou co 2007, sempre que se utilizara a actualización segundo a evolución da inflación.

Hai un terceiro comentario que me sorprende que se faga tan lixeiramente, e é dicir que nós inventamos que é posible incrementar a aportación do sistema de financiamento autonómico en 428 millóns de euros, que é unha cifra que inventamos. Nos últimos cinco anos, en todos os exercicios houbo un erro —que eu digo que foi premeditado— na estimación dos ingresos; menos ingresos que permiten xustificar os recortes. O señor Puy sábeo. No ano 2018, os recursos realmente obtidos foron 428 millóns de euros máis que os inicialmente estimados cando se fixo o orzamento. Nos últimos cinco anos, a media da desviación é de 388 millóns de euros.

¡Claro que unha estimación rigorosa dos ingresos, tal e como di a Airef, permitiría unha maior cifra! E nós dicimos que este é xusto o ano que hai que facelo, por dous motivos.

O primeiro, porque non teñen o límite establecido polo Goberno central. Xa que é Goberno en funcións, non estableceu cales van ser as contías dos anticipos a conta, e A Xunta ten a responsabilidade e a liberdade de definir esa contía.

E o segundo é que a economía galega está nunha fase de desaceleración que necesita un orzamento expansivo, que necesita combater os riscos da caída na recesión, polo tanto, non podemos esperar a ter 400 millóns de euros no 2022, cando se liquide o orzamento do 2020, necesitamos agora, ¡xa!

Hai outra cuestión. Non entendín ben por que se critica que nós falemos do imposto de sociedades. Vou dicir dúas cousas sobre isto.

A primeira é que todos os grandes impostos, agás o imposto de sociedades, recuperaron o nivel de ingresos que tiñan antes da recesión. O IVE recada o mesmo, o IRPF tamén, pero o imposto de sociedades é o gran burato negro que hai na fiscalidade española. E claro que o que se recada por imposto de sociedades ten translación directa ao noso país, ¡claro! Non ao modelo de financiamento autonómico, obviamente, pero, por exemplo, ¿con que se financia o investimento en ferrocarril? ¿Como se pode separar na caixa común dos impostos o que entra por imposto de sociedades, e que o Estado gasta en infraestrutura ferroviaria, e dicir que iso non ten nada que ver coas obras do AVE, por poñer un exemplo, ou coas obras que debería haber entre Coruña e Ferrol, se non se ten en conta a recadación do imposto de sociedades?



Aínda máis. Como o investimento da Administración xeral do Estado determina a contía do Fondo de compensación interterritorial, habería unha aportación directa e explícita ás contas públicas galegas se houberse unha maior recadación no imposto de sociedades, e, polo tanto, un maior investimento.

E logo vou rematar co meu favorito. Señor Puy, vostede non pode facer comparacións en cantidades sen ter en conta a variación dos prezos. Vostede non o pode facer porque, como ben dixo Ana Pontón, vostede é profesor. Vostede hai un momento comparou o que se gastaba en sanidade no ano 2009 co que se gasta en sanidade no orzamento para o 2020 e fíxoo outra vez en termos nominais, e iso é un truco burdo que vostede non se pode permitir.

Voulle dar eu as cifras. O gasto social no ano 2020 comparado co ano 2009, cando se ten en conta a variación dos prezos, é 900 millóns de euros menos, coa seguinte distribución: 300 millóns de euros menos en educación, 218 millóns de euros menos en sanidade, 209 millóns de euros en políticas de emprego e 162 millóns de euros menos en políticas de vivenda. E aquí déixeme que volva recordar un concepto que explicamos nun debate anterior.

O orzamento da Xunta está agora mesmo 2.000 millóns de euros por debaixo, ese é o recorte para o ano 2020. Pero no ano 2013, por exemplo, o recorte era de 3.500 millóns de euros, e prodúcese ese recorte cada ano.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vaia rematando, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: Cando sumamos a década de axustes de austeridade, a cifra é abraiante. Aquí, no noso país, nos servizos públicos, na protección social, no investimento, na cultura e na lingua deixáronse de investir 26.000 millóns de euros. Esa é a gravísima herdanza que gobernos de dereita, que gobernos do Partido Popular, nos van deixar.

Remato. Temos un balance de dez anos de gobernos de dereita que foi negativo en termos de crecemento, en termos de emprego, en termos de gasto público, en termos de débeda. Vostedes podían ser... — non sei como dicir — modestos e dicir: bueno, vale, o resultado non é moi bo, pero porque a situación da economía mundial...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: ...foi terrible e non nos quedou máis remedio que facer isto. Pero non o fan, porque, en realidade, vostedes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor LAGO PEÑAS: ...están ao servizo dese proxecto: utilizar a crise económica para provocar un cambio de modelo social en favor dos ricos e en contra da xente traballadora. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lago.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.



A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Unha mágoa que non estea agora o señor Puy, pero pódennlle vostedes trasladar as miñas verbas. Non estou cuestionando que non estea, simplemente é que me ía dirixir a el. Non se preocupen, non se alporicen...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...estean vostedes tranquilos. Eu xa sei que se poñen nerviosos porque non encaixan ben as críticas da oposición, pero é o que ten, estamos no Parlamento. Vostedes non son os donos do Parlamento galego. (*Aplausos.*) Vostedes forman parte deste parlamento, pero, desde logo, non son os donos do Parlamento.

Queríalle dicir ao señor Puy, pero tamén llelo digo a vostedes e ao señor conselleiro, que me reafirmo na miña exposición e no fracaso da Xunta de Galicia en política demográfica.

Vostedes levan gobernando once anos ininterrompidos, nos que perdemos poboación de maneira alarmante ano tras ano. E fronte a isto, vostede, señor Puy, vén dicirnos que teñen feito moito porque teñen as conclusións do Observatorio demográfico de Galicia. ¡Home, señor Puy, aínda que teñan as conclusións despois de dez anos de goberno do Partido Popular...! Ademais, voulles recordar unha cousa que parece bastante obvia. As conclusións non solucionan os problemas, as conclusións teñen que poñelas en funcionamento, e para iso fan falla orzamentos. (*Aplausos.*) E esa falla de orzamentos, precisamente para implementar esas conclusións, é o que demandamos os socialistas para poder reverter esa sangría demográfica.

Vostedes teñen un documento, póñano en marcha, ¡póñano en marcha! Dóteno orzamentariamente, fagan o que teñan que facer e non sigan facendo que fan, que é o que levan facendo toda esta lexislatura.

Voulle dicir algo máis ao señor Puy, tamén llo poden trasladar e tamén se poden alporizar. A sanidade pública non é populismo, é política, ¡claro que é política! E da política que se aplique na sanidade pública vai depender o tipo de servizo público que imos ter os cidadáns e as cidadás deste país. E, polo tanto, ¡claro que temos que falar neste Parlamento sobre a precarización dos servizos públicos e a desatención do rural! Demagogia e populismo son os anuncios de publicidade e propaganda aos que nos ten acostumados a Xunta de Galicia, baleiros de contido e sen cartos. E xa saben aquilo de que onde non hai cartos o que hai son contos.

Seguimos. Señor conselleiro, imos votar non e voulle seguir argumentando o noso voto en contra. Supoño que isto non será populismo nin demagogia, ¿verdade que non?, porque lle traio datos. Non lle gustarán, pero son datos, datos oficiais.

Imos votar en contra destes orzamentos porque inciden na inexistencia de política industrial durante dez anos de Goberno da Xunta de Galicia do Partido Popular, ineficaz para atender a actual crise industrial. As contas do Goberno galego para o próximo ano desatenden a po-



lítica industrial, cunha redución xeneralizada nas partidas máis importantes, demostrando a súa incapacidade para executar os orzamentos previstos en anos anteriores.

Nestes orzamentos 2020, en plena crise industrial derivada da descarbonización, reducen os recursos necesarios para axudar á transición enerxética e apoiar as comarcas afectadas pola crise industrial. Renuncian a apostar pola modernización económica e polo emprego industrial. Reducen as partidas que máis poderían axudar ao tecido económico-industrial en pleno contexto de dificultades económicas previstas polo *brexit*, a guerra arancelaria entre Estados Unidos e China e o endurecemento da transición industrial fixada pola Unión Europea. Unha política industrial, a da Xunta de Galicia, con moitas máis sombras que luces. Unha política industrial que situou a Galicia no posto 197 sobre 268 territorios europeos, dezaseis postos menos que hai tres anos, ocupando a décima posición de todas as comunidades autónomas españolas.

A Xunta de Galicia presenta uns orzamentos insuficientes, continuístas e sen unha aposta real polo emprego e pola industria do noso país. Sen un modelo enerxético propio para afrontar a crise industrial provocada pola descarbonización, que levou ás empresas a anunciar o peche anticipado da central térmica de Meirama e da central térmica das Pontes. Sen planificación para afrontar a situación destas empresas; unha situación que a Xunta de Galicia non pode dicir que descoñecía, xa que se trata das dúas centrais máis contaminantes.

O Goberno galego aínda non publicou as directrices enerxéticas de Galicia, que foron presentadas nesta Cámara en abril de 2018. E non sabemos onde están eses 12.000 empregos que anunciaron como consecuencia do seu plan á transición intelixente para o novo modelo sustentable. Agora, a Xunta de Galicia dedícase a atacar o Goberno central en lugar de negociar con Naturgy, coa que comparte accionariado en varias empresas, o cumprimento do compromiso de investir 100 millóns de euros en Meirama. Fan unha crítica virulenta ao goberno de Pedro Sánchez mentres calaban cando gobernaba Rajoy e o ano 2012 anulou 72 millóns de euros para a recuperación das comarcas de Cerceda e As Pontes. E vostedes, a Xunta de Galicia, non incluíron estes concellos galegos nas axudas para apoiar as localidades mineiras en 2014.

Ese é o seu saldo, eses son os seus resultados. Os datos, novamente os datos, señor conselleiro. A industria perdeu nestes dez anos 4.400 ocupados. Hai menos en 2019 dos que había na industria en 2009. O índice de produción industrial no mes de outubro en Galicia, de media no que vai de ano, presenta unha taxa negativa dun -5,5, sendo a segunda comunidade autónoma coa peor evolución de todas as comunidades autónomas. As exportacións, no que vai de ano, datos Comex, xaneiro-setembro de 2019, tamén nos din que a taxa de variación anual diminuíu un 6,1 %, negativa, só detrás de Ceuta, Melilla e as Illas Baleares. En 2018, en Galicia constituíranse 509 sociedades menos que as constituídas en 2016. O Goberno galego fracasa á hora de captar investimento privado, co que a súa actuación se limita a seguir o crecemento de España, mentres exportamos traballo cualificado e capital galego; cun goberno incapaz de incrementar o emprego nin a produtividade, facendo imposible gañar competitividade e, polo tanto, impulsar as exportacións a outros mercados. Fronte a esa realidade, a Xunta de Galicia presenta uns orzamentos que non introducen medidas suficientes no relativo á promoción e apoio aos sectores produtivos fundamentais.



Vostedes votaron 'non' a 88 emendas presentadas polos socialistas que mobilizaban, xunto coa emenda transversal, un total de 188 millóns de euros, para incrementar as actuacións para favorecer a dinamización dos sectores produtivos e industriais, particularmente no ámbito das empresas en especial dificultade. Un plan para unha transición enerxética xusta, coa participación da Xunta de Galicia en programas conxuntos das comarcas afectadas; 6 millóns de euros aos que vostedes votaron 'non'. Un plan para reforzo das industrias electrotintensivas; 6 millóns de euros aos que vostedes votaron 'non'. Un plan de formación en sectores metal-mecánicos ao que vostedes votaron 'non'.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Un plan de actuación de viabilidade para empresas en crise ao que vostedes votaron 'non'. Un plan para a dinamización do solo empresarial ou para a captación de investimentos ao que vostedes votaron 'non'. E un plan de xestión para o desenvolvemento empresarial no rural, nese que queren desmantelar, ao que vostedes tamén votaron 'non'.

Non apostan polo pequeno comercio, non apostan polo impulso dos sectores produtivos e non apoian a recuperación e impulso en materia de I+D+i co obxectivo de recuperar os niveis de financiamento público que si había no 2009, baixo o mandato de Emilio Pérez Touriño.

En igualdade, o desinterese do Goberno galego é total. Queda absolutamente patente nestes orzamentos que a loita contra a violencia machista non é unha prioridade para este goberno. Hai un incremento baseado simplemente no aumento das aportacións do Pacto de Estado contra a violencia de xénero; 8 millóns a maiores que supoñen a posta en marcha de medidas que, en todo caso, seguen a ser insuficientes.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa, señor presidente.

Non nos cansaremos de dicilo: o impulso económico ten que ser maior, moito maior, e a Xunta non pode escudarse e agocharse tras a implicación do Estado para non empurrar na mesma dirección.

Xa non me queda moito tempo, creo que xa non me queda practicamente ningún, pero soamente quero facer unha última puntualización.

En materia de infraestruturas é unha mágoa que un goberno que leva practicamente once anos gobernando, e unha conselleira de Infraestruturas que converte a súa comparecencia en comisión para presentar os orzamentos 2020 nun mitin político do PP contra o Goberno central, co único obxectivo de agochar que esta consellería minguante é a que menos medra de todos os orzamentos no vindeiro ano... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo. Señora Rodríguez Rumbo, terminou o seu tempo, por favor. Sabe que hoxe o pleno vén... Terminou o seu tempo, señora Rodríguez Rumbo. Moitas grazas. (*Aplausos.*)



Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Rumbo, eu falaba da demografía porque vostede a puxo como exemplo de que a maioría soberbia non negocia coa oposición en materia de demografía. E precisamente a demografía é un tema suficientemente complexo como para que todos sexamos bastante humildes, vexamos como evoluciona a poboación nas provincias, nos concellos, no conxunto da comunidade e no conxunto de España e vexamos se somos capaces de mellorar as propostas que xa se están desenvolvendo e de engadirilles algo que permita esa recuperación demográfica.

En todo caso, tamén lle quero recordar que nos criticaron a aposta polo rural, e din que non investimos suficiente no rural, cando o Grupo Socialista, nas emendas transversais, nos pediu retirar 7,9 millóns de euros da Consellería do Medio Rural. Polo tanto, eu trataría de ter coidado. Igual que foi unha pena que non nos aclarara esa frase coa que comezou a súa primeira intervención. Dixo literalmente que quen non pode facer uns orzamentos á altura non pode dirixir o país. Supoño que non estaría pensando no señor Sánchez, que non foi capaz de facer ningún orzamento. *(Aplausos.)* ¡Digo eu!

Señora Pontón, eu estou encantado de que me chame profesor. Como sabe, hai moitos países nos que, cando un chega ao doutoramento, é profesor. A partir dese día deixa de ser señor e xa é en todas partes profesor-doutor, algo que nesta Cámara nestes momentos só compartiríamos dúas persoas. Desde logo, é algo que a min me parece moi ben, síntome honrado. Ademais, síntome honrado de que sexa vostede quen me recorde que fun profesor, porque quere dicir que, como profesor, no que atinxe a impulsar o espírito crítico dos meus alumnos, con vostede realmente triunfei. *(Aplausos.)*

Dito isto, tamén teño que dicir que, afortunadamente, teño moitos máis alumnos que tamén asimilaron os meus coñecementos de economía e que militan e están no Grupo Parlamentario Popular. *(Aplausos.)*

Falaban aquí de terxiversación. O único que eu non dixen é que a xente que se está manifestando é populista. Iso non o dixen, e vostede si que o fixo. Espero que fora un erro e non con mala fe. O que eu dixen foi que vostede tiña un discurso claramente populista, e iso mantéño. É máis, deille unha cita de referencia de como se pode detectar, cando se fala no ámbito económico, un populista. Din uns profesores franceses —se le o libro, verá que non son en absoluto neoliberais nin nada parecido— que cando se fala de que calquera medida económica que se adopta sen ter en conta o que opinan os técnicos o que pasa é que é facerlles o xogo aos ricos e ás multinacionais, é unha forma clara de detectar que estamos ante un negacionismo económico. Iso é simplemente o que eu dixen, e creo que co comentario das emendas que fixen antes é suficiente.

Vostede di que eu fixen un discurso cheo de tecnicismos. ¡Se preguntar, cando vostede quere facer unha carretera, a quen lle saca os cartos e que carretera deixa de facer, iso é técnico...! ¡Se cando dicimos que imos gastar tanto en apoio a este colectivo, se vostede lle saca os car-



tos e llos dá a outro, pedirlle que polo menos nos diga cal vai ser o que tal...! Ou cando lles dicimos se queren quitar as axudas, os beneficios fiscais, e lle pido que me especifique se é ás mulleres que teñen necesidades ou ás familias numerosas, e vostede non mo explica... Bueno, ¡eu creo que isto non é moi técnico, isto é simplemente pedirllas unha explicación!

Certamente, nas súas intervencións demostra que vostede cre no público, do que non estou tan seguro é de que crea no Estado de dereito, porque eu lle dixen que as emendas que rexeitamos eran porque contradicían a lexislación básica do Estado. A vostedes dálle igual, a nós non. Vostede cre no público baixo toda condición. Nós cremos no público respectando o Estado de dereito, por iso, cando hai normativa estatal básica, respectámola.

Fan populismo, e moitas veces fano con temas nos que non se debía facer, nomeadamente a cuestión de Verín. Por traer o tema á cuestión orzamentaria, hai dous grupos que non emendaron nada con relación ao Hospital de Verín, que son o Grupo Mixto e o Grupo Socialista, ningún destes dous grupos emendan especificamente co Hospital de Verín; e hai dúas emendas do Grupo Mixto por 1 millón de euros e do BNG por 2 millóns de euros. Eu voules dicir só unha cousa: imos ter un debate sobre o Hospital de Verín neste pleno, se aceptan a emenda que fala do que hai que facer no Hospital de Verín que presenta o Partido Popular, os 2 millóns de euros van quedar moi curtos co que vai facer o Partido Popular e o Goberno do Partido Popular no Hospital de Verín. *(Aplausos.)*

Señor Lago, eu xa sei que vostede quere que deflacte, eu deflacto. Ano 2009, gasto sanitario per cápita, 1.360 euros. Ano 2020, deflactado, 1.497. É máis, ¿non? Deflactado. Educación. Gasto en educación por habitante, de 2 a 24 anos, 4.387 no ano 2009; 4.717 no 2020. Tamén é máis, 4.717 é máis que 4.387, aquí e en todas partes, ¿non? E igual con I+D+i, acción social e promoción social.

Di que temos obsesión cos recortes. ¡Home, pois incrementar en 1.400 millóns de euros os orzamentos desde o ano 2016 é unha obsesión moi curiosa«. Parece que debemos de estar obsesionados para recortar e o primeiro que facemos é inflar os orzamentos para despois poder recortar, porque a nós o que nos gusta é recortar. É un discurso absurdo.

Vostede non debería cuestionar cal é a nosa filosofía, entre outras cousas porque, cando di que se deixou de gastar durante o período da crise, vostede é perfectamente consciente de como se desmoronaron as bases fiscais, e vostede é consciente de que o Partido Popular asumiu o custo político de subir os impostos para que non se desmoronasen de todo; fixémoslo en Galicia e fixémoslo en España. E, aínda por riba, vennos dicir que realmente subimos os impostos e combatemos a crise que vostedes nos deixaron, pero era porque tiñamos ganas de recortar. Mire, a verdade é que ese argumento non se entende por ningún lado. *(Aplausos.)*

Dixo outra cousa curiosa: que non incluír o cen por cento dos pagos a conta —cousa que o sistema non permite, e vostede debería saber que hai que incluír o 95 %— é premeditado. Mire, eu sempre botei a culpa dos 1.600 millóns de euros do ano 2009 á incompetencia —recoñecida polo ministro Solbes— do que pasou no ano 2009 no Goberno de España. Agora, vostede está a dicir cousas peores, ¡é premeditado mandar menos recursos! ¿Sería premeditado, entón, mandarnos os 1.600 millóns de euros de máis para fastidiar a



economía galega? Bueno, non imos ir por aí porque xa estamos outra vez no populismo de pensar teorías conspiranoicas e demais.

Vostede mencionou o informe da Airef. A Airef non di que Galicia poida recadar máis, o que di é o seguinte: «Se considera factible que la Comunidad Autónoma de Galicia cumpla el objetivo de estabilidad de 2020 o alcance el déficit del 0,1 previsto en su proyecto, si bien con un nivel inferior de ingresos y gastos al planteado en el proyecto autonómico». O que está dicindo a Airef é que é ambicioso este orzamento, que vai custar chegar a ese nivel de ingresos. E vostede o que di é que a Airef nos di que podemos ter moitos máis ingresos. Pois non, este é o informe da Airef.

Señorías, quedan dous minutos. Vostedes dixeron todo o que votamos que non coas súas emendas. Eu quero recordar a que imos votar que si.

Imos votar que si a uns orzamentos que dan estabilidade ao país; que, efectivamente, nos dan continuidade na saída da crise. Nos últimos dez anos, Galicia creceu en PIB per cápita un 9,7; España, un 6,5. Nos últimos catro anos, o PIB creceu o 2,7; en España, o 2,5. O paro caeu en Galicia o 21,7; en España, o 17 %. Conseguimos chegar outra vez a superar o millón de afiliados na Seguridade Social; hai cen mil afiliados máis á Seguridade Social. E a previsión para o 2020 incluída nos orzamentos, que a Airef di que é razoable, é que cheguemos a reducir o paro por baixo do 10 %. Os índices de pobreza, como xa mencionei antes, están mellor que antes da crise, mellor que hai menos pobres. Os temas de igualdade, de Gini etc. demostran que a igualdade en Galicia é moi superior á media europea e moi superior á media española, que está peor que a media europea.

Para non ter estratexia, creo que non está demasiado mal, e o feito é que estes orzamentos continúan nesa liña. Nós imos apoiar estes orzamentos, efectivamente, porque con eles, e pese a que estamos nun mundo incerto, con perspectivas complicadas no comercio internacional, con perspectivas complicadas por un *brexit* que non sabemos como vai ir e con perspectivas complicadas a nivel nacional porque non sabemos que orzamentos ou que Goberno vai haber, polo menos, nese mundo incerto, e pese a todas as dificultades, aquí temos uns orzamentos para seguir medrando, creando emprego, garantindo servizos públicos, minimizando e reducindo o endebedamento, e todo iso, efectivamente, dentro dun plan, do Plan estratéxico para Galicia ano 2030, que onte mesmo comezou a preparar o seu traballo.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Debate do articulado

O señor PRESIDENTE: Continuamos agora co debate do articulado, neste caso, coa rolda dos grupos parlamentarios para explicar a posición sobre o ditame da comisión e defender as emendas, se é o caso.

Comezamos polo Grupo Parlamentario Mixto.



Neste caso, ten a palabra o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Bo día.

Quero primeiro saudar a todas as persoas de Verín que non están aquí porque están fóra, cos que están todas as miñas compañeiras e compañeiros de grupo.

Señor Puy, eu non sabía que vostede era demagogo, porque dicir que non presentamos ningunha emenda polo paritorio de Verín cando vostedes pecharon o paritorio de Verín despois de que se rematara o prazo para presentar emendas parece un pouco... (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Pois foron adiviños! Eu, a verdade, polo menos, non son un experto en sanidade, pero non adiviñaba que ían facer esa barbaridade antes de que pechara o prazo de presentar emendas.

Bueno, a realidade é que, ao mellor, era o mesmo que presentáramos emendas. Seguro que as emendas que di que si se presentaron se rexeitaron. A nós rexeitáronnos as 282 emendas, tanto as do articulado da lei, que eran 38, como as dos estados de gasto das seccións do orzamento, 244. Pois probablemente se tiveramos tempo de adiviñar que ían vostedes facer esa barbaridade de pechar o paritorio sería a 245, e tamén a rexeitarían.

A verdade é que podería ser comprensible todo este rexeitamento global, xa que as nosas emendas, efectivamente, son unha proposta por unha Galicia máis xusta, que pensa de verdade na súa veciñanza real, nas súas problemáticas urxentes e no seu futuro de progreso, e non como pasa co seu burocratizado orzamento, raquítrico, falta de ambición e obxectivos concretos, que dá a espalda a todas as emerxencias da cidadanía. Para vostedes —está claro— non existen estas emerxencias nesa Arcadia feliz que nos venden continuamente nesa estratexia política de roldas de prensa permanentes.

Pois non, señoras e señores deputados do Partido Popular, as mentiras reiteradas —iso si, moi ben vendidas pola televisión pública que vostedes controlan con man de ferro e por todos os medios privados, moi ben aderezados de dádivas polo seu goberno—... O único ao que se dedican con esas políticas e con esas roldas de prensa é a buscar culpables alleos a todo o que nos pasa. Todo é culpa de xente de fóra —fundamentalmente do Goberno do Estado, tamén doutros—, ou tamén teñen o recurso á fatalidade, coma se os problemas e as inxustizas en Galiza foran un fenómeno meteorolóxico ou un castigo divino.

Péchase, por exemplo —do que estabamos falando—, o paritorio de Verín porque non nacen nenas e nenos e porque non hai pediatras, e así o explicou claramente o presidente da Xunta: que se non queren nacer os nenos e nenas, que se os pediatras non queren, que se non hai xente, que se non hai mozas nin mozos que queiran ser pediatras en Galicia... Pero a realidade é que vostedes quedan aí, e non se plantexan por que, e un orzamento ten que ir ás causas. (*Murmurios.*) ¿Cales son as causas de que non nazan nenas e nenos en Verín ou de que non haxa pediatras que queiran ir traballar a Verín ou de que simplemente non haxa pediatras en toda Galicia? ¿Terá algo que ver coas políticas e, polo tanto, cos orzamentos dos últimos dez anos do Partido Popular tanto no Goberno do Estado como na Xunta de Galicia? ¿Terá algo que ver? ¿É que ninguén pensou que as pediatras se xubilan? Parece ser que en dez anos nin-



guén o pensou. Pois deberían vostedes de saber que 4 de cada 10 pediatras teñen máis de 55 anos. Ou sexa, que se de casualidade seguen gobernando nalgún sitio —en Galicia e no Estado parece que non, pero ao mellor quizais en Madrid, en Andalucía e noutros lados onde están agora no Goberno— poderían pensar que os pediatras se xubilan.

E tamén marchan de Galicia. ¿Saben vostedes a estatística —e non a poden negar, porque incluso os medios máis cercanos a vostedes o publicaron a mediados do ano pasado— de que cada semana marchan 10 facultativos especializados, fundamentalmente de pediatría e de medicina de familia? ¡Cada semana! Iso dá uns 550 ao ano.

Tamén hai outro dato que se refire nesa estatística: que moitos deses pediatras prefiren traballar na privada que na pública. ¿E por que? Vaíamos outra vez ás causas. ¿Por que? ¿Fano porque teñen noxo da sanidade pública? Non o creo, porque son xente verdadeiramente con principios, como se ve en todos os que traballan na sanidade pública. ¿Non terá algo que ver coas condicións das médicas e dos médicos que cobren substitucións, a maneira máis habitual de acceder á profesión? Gardas de ata 17 horas, algúns cotizando só de luns a venres e sen ter dereito a vacacións pagadas. ¿Como, nesta situación, non se van plantexar marchar ao estranxeiro, marchar a outras comunidades ou pasar á privada?

Estas circunstancias levaron a moitas doutoras e doutores a ir á privada ou a facer as maletas para traballar no estranxeiro. E se tomar a decisión de marchar é moi complicada e moi difícil, a de voltar —polo que vemos cada vez que se lles entrevista nos medios de comunicación— é aínda moito máis difícil, porque as súas propias familias lles din: non se che ocorra voltar, que as condicións aquí non son asumibles para un profesional como son todos estes. E isto é só un exemplo —que se podería estender a todas as partidas— de como estes orzamentos fan unha Galicia máis inxusta, unha Galicia cun negro futuro.

O noso voceiro, Luis Villares, xa fixo unha revisión política xeral sobre todo o orzamento, e eu vou centrarme de maneira limitada no tempo en cousas concretas, nas propostas alternativas. O señor Puy quería propostas alternativas. En Marea sempre propón cousas alternativas, despois normalmente pensan que son ocorrencias. Bueno, pois imos ver cales, de todas estas, lles parecen ocorrencias.

A realidade é que o investimento público en Galicia con respecto ao PIB medrou 3.000 millóns de euros con respecto ao que había hai dez anos. Esta é unha realidade indubidable. É evidente, como xa se comentou noutros momentos do debate, que recuperar eses 3.000 millóns nun orzamento é imposible. En Marea fixo un cálculo, pensamos que bastante prudente, a pesar de que ao señor Puy lle parecía unha barbaridade; parecíalle inventar cartos. Nós mobilizamos 500 millóns de euros, 226 millóns procedentes de xerar máis ingresos —que agora desglosarei, xa que o señor Puy tamén o pediu—, e o resto de reasignar partidas menos urgentes ou pouco concretadas, o que impide o seu control. Porque un dos problemas destes orzamentos é a pouca transparencia, o pouco concretado que está a onde van os cartos. Así é moi difícil saber se realmente teñen sentido e é moi difícil facer unha avaliación a posteriori das súas implicacións, de como afectan a todos os indicadores negativos que temos en Galicia, tanto dende o punto de vista social como económico. E tamén é un redireccionamento de moitos epígrafes que realmente, como xa se comentou de maneira reiterada aquí nas comi-



sións, non se chegan a executar nunca. Ou sexa, que son fume; escrito, negro sobre branco, iso si, pero fume.

Entre as non prioritarias podemos mencionar claramente, a pesar de que vostedes o rexeiten de maneira importante dende un punto de vista ideolóxico, unha redución do incremento dos concertos coa ensinanza privada, porque a prioridade ten que ser garantir o dereito ao ensino de calidade nos centros públicos; ou os canons e concertos coa sanidade privada, que non paran de medrar, como vimos recentemente, que están xa en 96,5 % do gasto sanitario en Galicia. E, claro, a sanidade privada quere máis, din que é insuficiente e queren ir moito máis alá.

Realmente, estes 500 millóns, efectivamente, son só un 5 % do orzamento non financeiro, que pode parecer moi pouco, pero, como se verá, poderían dar e ser o punto de partida para reverter a tendencia negativa á maioría das emerxencias que ten Galicia.

Na parte dos ingresos, plantexamos un incremento de 226 millóns, que virían dunha mellora das achegas do Fondo de Compensación Interterritorial, cun importe de 10 millóns —aquí xa se comentou que teñen vostedes tendencia a minusvalorar parte dos ingresos previstos, que é unha maneira de recortar pola porta de atrás—; novas medidas fiscais por valor de 126 millóns; unha revisión pormenorizada dos beneficios fiscais de 35 millóns —e non nas cousas que plantexou o señor Puy e nalgunhas outras que, verdadeiramente, si poderían revisarse—; un plan de loita contra a fraude fiscal de 15 millóns de euros; e modular a redución do endebedamento neto en 40 millóns de euros.

É verdade que hai que ir amortizando toda esa lousa de endebedamento que o Partido Popular deixa ao seguinte Goberno, pero consideramos que neste momento se podería limitar esa redución deixando dispoñibles outros 40 millóns de euros para cousas verdadeiramente imprescindibles.

Vou pararme só nas medidas fiscais: un incremento da tarifa do IRPF nos tramos superiores e non perder 19 millóns de euros entre patrimonio e sucesións, regalándolles aos máis ricos, que realmente non o necesitan; 2 millóns de euros sobre os depósitos nas entidades de crédito e unha cantidade moi importante —que en comisión se plantexou como ridícula tamén— de 70 millóns de euros entre o imposto sobre o dano ambiental da auga encorada e o do canon eólico. Non pode ser que empresas vendan o megavatio hora a 60 euros, cando o custo de produción está por debaixo dos 10 euros; ou sexa, non pode ser que se estean levando miles e miles de millóns de euros de beneficio todos os anos, caídos do ceo, e non poidamos plantexarlles uns canons verdadeiramente xustos, uns canons que en todo caso non chegarían nin ao 3 % dos seus ingresos, xa digo, cuns beneficios verdadeiramente descomunais.

Despois —vou resumir— está o imposto sobre grandes superficies comerciais e, por exemplo, tamén se fixo un pouco de chanza sobre o imposto de bebidas azucradas, que o estimamos en 15 millóns de euros. Bueno, en Cataluña recadaron 35 millóns, e proporcionalmente aquí, por poboación, sairían 15 millóns. Ao mellor é que aquí se bebe menos Coca-Cola, non o sei. A realidade é que en Cataluña con este imposto baixou o consumo un 22 %, con todo o que implica de aforro tamén de gastos sanitarios. E non supuxo o que dicía o señor Puy,



supuxo un 20 % de incremento nas botellas de 1 e 2 litros —ou sexa, en torno a 1 euro— e un 5 % nos botes. Aproximadamente, se custan 50 céntimos, pois da orde de 2,5 céntimos, e non as barbaridades que dixo agora o señor Puy.

¿E onde investir todos eses 500 millóns de euros? Pois, xa digo, nas emerxencias fundamentais, na emerxencia climática e ambiental, cun plan de defensa de protección medioambiental e un novo modelo de xestión de residuos. Non ten sentido que se siga apostando por unha xestión totalmente centralizada dos residuos de Galicia no país con maior dispersión poboacional. Calquera que escoite isto, non o podería crer.

Falamos do impulso do comercio de proximidade e de melloras da mobilidade, fundamentalmente para exixir a implantación das cercanías. Esta é unha necesidade evidente. Hoxe había un artigo moi curioso en *La Voz de Galicia*, de que as vacas van ver pasar o AVE. Pois si, menos AVE e máis precariedade. Co que custan 10 quilómetros de AVE arranxaríase toda a liña que vai desde Ferrol á Coruña, pasando por Miño, pasando por Pontedeume, O Burgo... Todo iso solucionaríase o problema dos 150.000 vehículos que entran cada día na Coruña, e, como escoitamos sorprendentemente hai uns días, A Coruña é unha das cidades con maior polución ambiental, provocada polo tráfico, de toda España.

Tamén, pola emerxencia social, en sanidade, un plan de mellora da garantía da sanidade pública universal, dotado con 81 millóns de euros, daría para reforzar eses cadros de persoal que ao mellor facían que máis médicos quedaran en Galicia; un plan de atención e mellora da atención primaria, dotado con 20 millóns. Non é razoable que se vendera un hospital como Povisa, imprescindible para a sanidade pública en Galicia, creo que foi por 22 ou 23 millóns de euros, cando en Galicia habería fondos para facelo público. E non creo iso que se comentou aquí neste pleno de que os traballadores do hospital de Povisa prefiren estar na privada que na pública. Pregúntenlles a ver se é verdade.

Tamén un plan de saúde bucodental, un plan de saúde mental, novos centros de saúde, un plan de atención para os trastornos aditivos e da ludomanía.

En educación, un plan de impulso e de mellora da recuperación do ensino público universal, a ampliación do profesorado de primaria e secundaria, un plan de inicio e extensión do ensino gratuíto de 0 a 3 anos. Vostedes só o queren poñer para o segundo fillo. ¿Saben vostedes que, de todas as mulleres galegas que teñen un fillo, só o vinte e cinco por cento teñen a posibilidade socioeconómica de plantexarse ter un segundo fillo? Acaba de saír a estatística hai dous días. Comedores escolares, plan de acceso a unha universidade pública universal para todos, porque non había máis cartos para poder aplicar esta partida, no canto de apoiar a implantación de universidades privadas en Galicia.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor CASAL VIDAL: Loita contra a pobreza e exclusión social dotada con cento catorce millóns de euros; sobre todo, incremento da Risga en sesenta e cinco millóns de euros.

Ben, non me dá tempo a seguir... Acceso á vivenda, melloras no rural por importe de corenta e seis millóns de euros, atención á emerxencia feminista, con plans por valor de máis de



corenta e cinco millóns de euros, emerxencia industrial —non pode ser o desleixo industrial, a caída en picado do índice de produción industrial—, incremento dos raquíuticos investimentos en I+D+i —se se gastaran—, un novo modelo produtivo de industria e enerxía por valor de máis de trinta e oito millóns de euros. E así...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CASAL VIDAL: ...ata duascenas corenta e catro emendas, que, evidentemente, en quince minutos é imposible resumir.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Xa digo, señores do Partido Popular, hai de onde sacar máis cartos e hai onde gastalos mellor.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Quixera saudar tamén os representantes políticos da comarca de Verín que nos acompañan hoxe: o tenente alcalde do Concello de Verín, o alcalde da Mezquita, concelleira de Oímbra e tamén as membras e membros da Plataforma a prol da sanidade pública de Verín.

(*Murmurios.*)

Sei que os pon nerviosos este tema (*Murmurios.*) pero vaian relaxándose porque non lles queda nada... (*Aplausos.*)

Quero agradecer a súa presenza, o seu alento e a súa capacidade de compromiso e de loita. Porque, efectivamente, o debate orzamentario é un debate moi serio e o do articulado —que debatemos agora o dos orzamentos— tamén é un debate importante e serio. Pero, miren, hoxe hai algo máis importante e moito máis serio que está fóra deste Parlamento, que é a dignidade de todas esas comarcas de Ourense, que non van dar un paso atrás en canto a Xunta de Galiza non rectifique. (*Aplausos.*) Entón teñen dúas opcións: poden seguir ancorados na soberbia e nas desculpas ou saír á rúa, escoitalos e ceder. Que xa van cedendo, porque desde o anterior pleno que tivemos xa foron rectificando as súas propias mentiras. E no anterior debate —cando o pechabamos hai apenas uns minutos—, o señor Pedro Puy, o voceiro do Partido Popular, dicía que algúns grupos fixeramos os deberes. Efectivamente, o BNG fixo os deberes, e vostedes van votar dentro dunhas horas en contra de incrementar en dous millóns máis de euros os recursos dese hospital, e van votar en



contra de incrementar en dous millóns de euros tamén os recursos do Hospital de Valdeorras.

Dicía como desculpa o voceiro do Partido Popular —e creo que é importante aclaralo por se alguén dos que nos acompaña o escoitou— que eses millóns se quedarían curtos se aceptamos unha emenda a unha moción que se presentou, etcétera, etcétera.... Decidirá a persoa que defende esa moción, a señora Solla, se a acepta ou non, pero hai brillantes ideas que nos achegan nesa emenda, como que lle van dar —¡atención!— cribado de cérvix ao Hospital de Verín. Pero a ver... ¿acaso non estamos a universalizar o cribado de cérvix para todas as mulleres galegas? ¿Que pasa, que tiñan pensado recortarlles tamén ese dereito ás mulleres de Verín? (*Aplausos.*) Se esas son as grandes propostas que nos fan, como quen entra nunha sala dá os bos días e pretende que aínda lle dean as grazas, pois desde logo nós non llelas comparamos.

En todo caso, veremos que fan coa nosa iniciativa, a que non emendaron. Eu imaxino que non a emendaron porque antes pola mañá vin algún alcalde de Ourense pasear polo Parlamento, algún deputado provincial, e imaxino que os viría intentar convencer de que teñen que votar a favor da iniciativa do BNG ou que se non romperán a disciplina de voto; verémolo. En todo caso, teñen unha oportunidade moi grande hoxe mesmo xa de rectificar esta decisión.

E isto do que estamos a falar ten moito que ver coas emendas ao articulado e ten moito que ver con este debate orzamentario porque, ao final, o que reflectimos nel son eses dereitos conquistados que vostedes están a vilipendiar ao longo desta década e que vostedes están a desmontar un a un pensando que non van ter contestación social. Pero claro que a teñen: social e tamén política. E unha forma desa contestación política é emendar, como fixemos, este articulado dos orzamentos —que non deixa de ser a súa espiña dorsal—, ao que presentamos un total de trinta e seis emendas, das que —¡oh, sorpresa!— ningunha mereceu a atención do grupo maioritario. E isto é algo que a nós nos parece moi grave, porque o certo é que se os orzamentos son continuístas, o articulado é continuísta e continuísta é a soberbia do Goberno galego nun momento que a nós nos parece moi complicado.

Primeiro, porque xa estamos a ver cales son os resultados dunha década de Goberno Feijóo, e o certo é que hoxe temos máis desigualdade social. Informes como o de FOESSA, que son obxectivos, referendados por toda a comunidade científica e avalados tamén política e socialmente, recollen que hai en exclusión social no noso país catrocentas setenta mil persoas; iso é case o dezaioito por cento da nosa poboación. Debera caerlles a cara de vergoña, porque din tamén que a pobreza está cronificada na nosa sociedade; que está cronificada porque está fallando o sistema de atención, e iso é responsabilidade do Partido Popular.

O resultado é tamén que, unha década despois, temos menos traballo e peor traballo. Dá igual que comparemos os datos co 2009 ou que comparemos os datos máis recentes. Pensen vostedes, por exemplo, nos datos de emprego do pasado mes de novembro: aumentou o paro en 1.352 persoas, baixaron as afiliacións á Seguridade Social en case catro mil e asináronse máis de setenta seis mil contratos. ¿Pero como se come iso? Pois cun mercado laboral que está baseado na precariedade e na temporalidade; ese é o resultado de que vostedes abraza- sen as políticas estatais de reformas laborais sen chiar, de que renunciáisen a intervir na



economía e de que tamén convertan a propia Administración pública —como explicarei despois— nun axente precarizador máis.

Pero o resultado destes dez anos tamén é unha enorme crise industrial. Falei antes da manifestación que hai ás portas deste Parlamento a prol dos servizos sanitarios de Verín, pero agora mesmo tamén se están manifestando traballadores e traballadoras nas Pontes por unha crise enorme e vostedes tamén van votar en contra das súas propostas. E todo isto nun proceso de debilitación económica que é enorme, que é na industria pero que afecta outros sectores, como o propio comercio. No que vai de lexislatura perdéronse catro mil establecementos no noso país; van a mil establecementos por ano, e non só non merece ningún tipo de atención do Goberno, senón que, máis alá, nos din que por arte de maxia se vai activar o consumo interno neste 2020.

E o resultado tamén é —e niso ten que ver moito a normativa que se estipula neste articulado— o baleirado dos servizos públicos. Falaremos tamén diso: da sanidade, do ensino, da propia Administración pública, do estado en que están.

Segundo, tamén quero facer fincapé en que é moi perigoso que vostedes nos presenten un articulado absolutamente repetitivo, porque demostra que vostedes están illados na súa torre de marfil e que parece que nada do que acontece no planeta ten que ver coa Xunta de Galiza. O articulado dunha lei de orzamentos non pode ser igual neste contexto histórico que hai tres anos, que hai catro, que hai cinco, que hai sete ou que hai oito; iso reflicte que o Goberno galego o que está facendo é ignorar un contexto moi delicado. Están ignorando un *brexit* que cando empezamos a ver o texto dos orzamentos non era seguro pero que agora xa o é; están ignorando unha guerra comercial enorme xa a nivel planetario; están ignorando tamén síntomas dunha evidente ralentización económica. Pero o máis grave é que, despois do seu paso pola Xunta de Galiza, a capacidade de resistencia a ciclos adversos das maiorías sociais e dos propios servizos públicos está nun momento peor do estaba cando vostedes chegaron en 2009, pero tamén do que estaba cando se constituíu este Parlamento en 2016. E iso é o que non corrixe este articulado, que non ofrece nada novo.

Por iso, nas nosas trinta e seis emendas o que propoñemos é un cambio de rumbo e un modelo alternativo. Porque —como deixamos de manifesto tamén nos debates anteriores— somos moi críticos e críticas con este marco político que limita a nosa capacidade orzamentaria, que limita a capacidade de decidir en que gastamos os nosos recursos ou que ten un sistema de financiamento absolutamente infradotado que nos fai perder máis de tres mil cincocentos millóns de euros cada ano simplemente porque a vostedes non lles apeteceu desde o 2014 molestar ao señor Rajoy para negociar un novo. Pero aínda así, entendemos que con este marco político cabería unha rectificación, unha folla de ruta diferente; e iso é o que propoñemos neste articulado.

A comezar por incrementar a recadación. Nós defendemos e seguimos defendendo nas nosas emendas —e complementámolo tamén coas emendas á lei de acompañamento que despois defenderá a miña compañeira Olalla Rodil— que é necesario incrementar a recadación e que hai marxe para facelo, porque outra cuestión que vostedes nos demostraron nestes catro últimos anos e tamén nesta última década é que a súa política fiscal é absolutamente regresiva.



Eu xa non me vou estender neses novos regalos fiscais aos ricos que nos fan desta volta pero si que sinalarei unha cuestión que me parece relevante. Se vemos tanto os últimos anos como a serie histórica, o que é evidente é que os impostos indirectos —que son os máis inxustos porque non teñen en conta a situación económica de cadaquén— non fan máis que medrar o seu peso nos orzamentos, e no 2020 estímase que máis do trinta por cento dos ingresos van vir por esa vía. Ao mesmo tempo, os directos perden capacidade de actuación, igual que durante este tempo o IRPF —o principal imposto— perdeu progresividade coas últimas reformas fiscais. Polo tanto, con estas emendas pretendemos reflectir que hai unha necesidade evidente de incrementar os recursos para a nosa comunidade. E iso é así porque necesitamos eses recursos para mudar despois as políticas que definen os orzamentos e dar prioridade realmente aos recursos que reforcen o público fronte ao privado. Os servizos públicos ante todo; por iso emendamos un ano máis ese artigo 9, absolutamente lesivo referido á adecuación de crédito.

Este artigo, basicamente, o que fai é traspoñer o espírito dese artigo 135 da Constitución española que os constitucionalistas cambiaron nunha noite de paixón no ano 2011. Nós rexeitamos frontalmente ese espírito e entendemos que o que é sostible, o que é estable, o que é garantía duns bos orzamentos é que antepoñan o gasto público e servizos como a sanidade, como o ensino e como a dependencia a seguir ingresando cartos na banca. Esa é a nosa prioridade e, desde logo, rexeitamos este artigo 9, que é antisocial e que é tamén é antiautogoberno. Porque, claro, durante estes días escoitamos moito outra vez a ladaíña dos setecentos millóns. Imos debater tamén outra vez neste Parlamento sobre esta cuestión, que a nós nos parece importante, pero o que nos preocupa son dúas cuestións: O Partido Popular di repetidamente que non vai recortar. Temos un escenario económico de incertezas, que non nos vai afectar. Despois din que non van recortar independentemente do que aconteza cos setecentos millóns. Pero, claro, xa que está de moda no día de hoxe falar das outras iniciativas que imos debater e xa que xa se reincorporou o señor Puy á sesión, a nós preocúpanos que haxa unha proposición non de lei do Partido Popular que xustifique a urxencia porque digan que periga a correcta prestación dos servizos públicos dependentes da Xunta de Galiza; a nós preocúpanos esta cuestión. Se vostedes teñen o compromiso de que non van recortar os servizos públicos pase o que pase coas negociacións co Goberno central, pois acepten esta emenda do BNG, comprométanse ao que non se comprometeron tampouco en época de crecemento do PIB, comprométanse a que non van minorar baixo ningún concepto as partidas que son de servizos públicos esenciais. Se hai que recortar, no lugar de recortar pediatras e paridoiros, será mellor que recorten no Xacobeo 2021, señores do Partido Popular.

En todo caso, nós entendemos que rexeitarán unha vez máis esta cuestión porque a súa folla de ruta está clara: que o peso do público sexa cada vez menor. Nós defendemos o contrario e por iso presentamos tamén esa emenda número 25, para non incrementar os concertos educativos, na dirección contraria do que estiveron facendo vostedes; esa emenda número 22, para poñer couto tamén ás colaboracións público-privadas. Esta emenda deféndese por si soa poñendo un exemplo enriba da mesa que está de plena actualidade neste 2019: Povisa. Só con dicir Povisa neste Parlamento debéra ser suficiente para que aprobaran esta emenda, que o que fai é poñer fin a esa deriva de perda do peso público en aspectos fundamentais como a sanidade que é cada vez máis innegable. Esta mesma semana pasada saía a propia patronal da sanidade privada, ademais de pedindo máis cota, certificando que xa representan o 26,5 % da atención hospitalaria que hai neste país; algo que debéra darlles vergonza.



En todo caso, hai outra cuestión na que tamén centramos unha batería de emendas importante, unha batería de emendas moi necesaria e que reflicte toda esta deriva de perda do público fronte ao privado que vostedes patrocinaron nesta década e nesta lexislatura, que é todo o que atinxe ao persoal público; e aquí quería determe un pouco antes de que se me esgote o tempo.

É obvio que os servizos públicos non se sosteñen do aire; é obvio que os sosteñen en boa parte as e os traballadores públicos. Por iso, queremos denunciar unha vez máis que hoxe a Xunta de Galiza é un axente máis de precarización. O Partido Popular non só non aproveitou a medra do cadro macroeconómico a partir de 2014 para restituír dereitos, para restituír persoal e para mellorar as condicións, senón que foi na dirección contraria. Iso é o que di a letra miúda dos orzamentos e iso é o que di —espero que este ano non se atrevan a volver negalo— o propio Instituto Galego de Estatística. É obvio que o goberno de Núñez Feijóo serviu para recortar persoal estable da Administración; hoxe en día, temos case dúas mil persoas menos traballando en postos de funcionariado —desde xaneiro de 2009 ata xaneiro deste ano—.

É moi importante porque, ademais, se observamos onde se dan os descenso, é precisamente nos postos de traballo estables; é dicir, persoal estatutario fixo, funcionariado de carreira ou laboral fixo. A caída é moi importante nestes ámbitos. E onde aumenta, pola contra, é precisamente nos ámbitos temporais.

Iso é algo que se ve tamén moi ben no ensino. Hoxe quero aproveitar tamén para poñer en valor as emendas que introducimos a respecto do persoal docente; un persoal docente que se tivo que pechar na Consellería para que vostedes o atendesen, un persoal docente que estivo manifestándose tamén a semana pasada pedindo máis tempo para facer mellor o seu traballo.

Vostedes volven outra vez, por segundo ano consecutivo —polo menos poderían disimular un pouco os titulares—, a anunciar a maior OPE da historia,...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...a maior OPE da historia do ensino, que crea cero prazas, ¡cero prazas! E é máis, se comparamos o número de docentes que vai haber en 2020 cos que houbo en 2019, o que temos é que eliminan corenta e cinco, e se facemos esa comparativa desde que chegaron ao Goberno son máis de cincocentas.

Por iso, en resumo, emendamos un ano máis este articulado porque entendemos que é o contrario do que precisa este país. Afonda na liña de debilitación do músculo público, tanto nos servizos públicos como no propio sistema de emprego público, e entendemos que prioriza o pagamento da débeda e o pagamento das exixencias que veñan de Madrid fronte ás necesidades sociais que hai neste país, que cada minuto que vostedes seguen en San Caetano non paran de aumentar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Común da Esquerda, señora Torregrosa.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Señor conselleiro, estamos aquí a reafirmarnos nas nosas cincuenta e nove emendas —cincuenta e oito restando a que tiveron a ben aceptar— ao texto articulado do Proxecto de lei de orzamentos para este remate da lexislatura.

¿Que é o que están entón dicindo con esta negativa? Que a súa soberbia non ten limites. As medidas que van aprobar hoxe coa súa maioría absoluta aplican as mesmas receitas anacrónicas, caducas, que asfixian o crecemento económico, sen escoitar e sen rectificar pese a acumular o peor balance da historia democrática de Galicia; un gravísimo balance de aumento da débeda pública, da desigualdade e da redución do emprego e dos servizos públicos. Os seus resultados son en materia económica peores que os do goberno de Emilio Pérez Touriño pero tamén peores que os dos gobernos do señor Fraga. Xa é duro dicir isto pero, en realidade, as taxas medias de crecemento do goberno do señor Fraga —do 1996 ao 2004— foron do 4 %; con Touriño, do 4 %; e co goberno do señor Feijóo á fronte do Goberno da Xunta, de apenas un 0,5 %.

Nun contexto de alerta máxima na contorna macro —segundo indica o propio informe económico-financieiro do seu proxecto de orzamentos— o crecemento dos investimentos reais está 1,1 puntos por debaixo do crecemento xeral do gasto non financeiro. Presenta un incremento dos gastos non financeiros dun 3 % con respecto aos créditos iniciais do orzamento vixente para o 2019; un incremento de 299 millóns de euros que nin sequera permite acadar o nivel de teito de gasto que vostedes mesmos propuxeron dende a Xunta de Galicia no pasado mes de outubro. Pero, é máis, deses 299 millóns de euros de incremento do gasto non financeiro, 266 millóns corresponden a gastos correntes; case nove de cada dez euros do incremento dos orzamentos da Xunta respecto de 2019 van destinados a gasto de funcionamento da propia Administración. En termos correntes, o gasto non financeiro contido neste proxecto de orzamentos segue a estar aínda 395 millóns de euros por debaixo do orzamento recibido por Feijóo en abril de 2009. Pero, se miramos en termos reais —que é como deben mirarse as cifras da evolución das magnitudes macroeconómicas—, o gasto non financeiro previsto para o 2020 supón un recorte en termos reais de 1.958 millóns de euros respecto dos orzamentos do 2009. Se restamos os gastos de funcionamento, o que nos queda como incremento do gasto non financeiro é apenas 39 millóns de euros: 18 millóns para investimentos reais e 22 millóns para transferencias de capital. Ese é o gran impulso ao esforzo investidor co que a Xunta vai dinamizar a economía do 2020 no Goberno de Galicia.

Como xa dixeramos na nosa emenda á totalidade, este proxecto de lei de orzamentos resulta, polo tanto, totalmente insuficiente para nin sequera pensar en comezar a darlle a volta a uns recortes que ao longo de dez anos foron minando a cerna dun estado de benestar que xa era moi incipiente. Insisten, por tanto, na estratexia neoliberal equivocada da perda de peso



do sector público na economía. Os seus orzamentos están carentes de alternativas de crecemento que veñan substituír o tirón da demanda externa dos últimos anos —os gastos non financeiros crecen por debaixo do crecemento nominal do PIB estimado pola Xunta de Galicia para o vindeiro ano—. Son continuístas, son restritivos, son antisociais. Continúan a aplicar as mesmas políticas austericidas que explican o actual estado de deterioración dos servizos públicos.

Iso é facer política, esa é a súa estratexia: dismantelar os servizos públicos para despois cedelos ao sector privado a prezo de saldo. As súas políticas son verdadeiramente un máster de como fomentar a precariedade, o desemprego, a desigualdade, a pobreza enerxética, o abandono do rural, a depredación, o envellecemento da poboación. ¿Incentivando o que? Pois incentivando os beneficios fiscais das grandes fortunas sobre as rendas do traballo e reducindo o investimento social a mínimos.

E ¿cal é o resultado que os galegos e as galegas están a sufrir no seu día a día? ¿Por que as nosas emendas piden un imprescindible incremento de investimentos? Porque o noso país non pode soportar máis os anos de precariedade do sistema público, que afectan xa directamente os limiares dos dereitos fundamentais e dunha vida digna. Unha de cada cinco persoas en Galicia —unhas catrocentas setenta mil— están en situación de exclusión. Soamente melloran os datos na exclusión severa, pero non porque mellore a situación, senón porque o conxunto da poboación empobrece e, polo tanto, as distancias son máis curtas.

Imos cara a unha Galicia a dúas velocidades: unha minoría que ten toda a riqueza do país fronte ao resto, que ten enormes dificultades para poder vivir dignamente. Non é AVE ou cercanías; agora é AVE ou ir a pé. Así o expresa claramente o informe AROPE. As súas políticas empobreceron o conxunto da poboación con excepción dos xa privilexiados, aos que vostedes favorecen cos seus beneficios fiscais específicos. As súas políticas só poden dar leccións de como fomentar a desigualdade. Como hoxe en Galicia o 1 % da poboación acumula cada vez unha maior porcentaxe da renda namentres un 30 % dos traballadores están xa na categoría de traballadores pobres, e como os ingresos do 1 % dos declarantes do IRPF é en Galicia igual aos ingresos declarados polo 31 % das persoas con menos ingresos, vostedes deciden renunciar de xeito voluntario a máis de 450 millóns de euros —preto de 380 millóns de euros— de contribucións que deixarán de ingresar polo imposto de sucesións e polo imposto de patrimonio. Como os seus orzamentos son os máis sociais da historia, destinan en termos reais novecentos millóns menos ás políticas sociais que nos orzamentos do ano 2009.

Tamén poden dar exemplo de como destruír emprego. Son vostedes o peor goberno tamén en termos de emprego na historia democrática de Galicia. Durante o goberno de Laxe creáronse 11.000 empregos; durante o goberno de Fraga, 70.000; e durante o goberno de Touriño, 37.000. Pero vostedes foron capaces de destruír 54.000 empregos en Galicia nestes dez anos. Do segundo semestre de 2009 ao segundo semestre de 2019 pasouse de 1.154.000 persoas empregadas en Galicia a 1.100.000, pero vostedes persisten nas mesmas liñas políticas. Con estas cifras, as súas políticas de emprego seguen a estar un 43,2 % por debaixo dos orzamentos iniciais de 2009 en termos reais. Son vostedes un verdadeiro perigo para o emprego.



Se a todo isto unimos o fracaso da estratexia de emprendemento da Xunta de Galicia, que presentaba o autoemprego como a solución a todos os males do mercado laboral galego, hoxe temos que se perderon 40.000 traballadores por conta propia —iso sen ter en conta o drama incrementado pola desprotección social deste sector—. A pesar desta situación, vostedes insisten en repetir as políticas que provocaron esta situación e non atenden as demandas da oposición de cambio de rumbo da política laboral. Por iso votaron en contra das nosas propostas de investir 69 millóns de euros nun plan de choque para reactivar o noso mercado laboral baseado en catro eixos fundamentais: a empregabilidade dos parados de longa duración, un plan de emprego para desempregados con idades superiores a 45 anos, un plan de emprego feminino para evitar a brecha salarial e a brecha no desemprego feminino respecto do dos homes e un plan de loita contra a precariedade.

Hoxe non só temos menos emprego, senón que é de peor calidade, con menos salarios e peores condicións laborais. En Galicia, un de cada dous traballadores é precario, ou porque é traballador temporal ou a tempo parcial ou porque ten menos ingresos. As elevadas taxas de temporalidade en Galicia danse polo modelo produtivo e económico fomentado polo seu goberno pero tamén por un alto grao de incumprimento da normativa. Por iso, faise imprescindible acadar mecanismos de control —que nós tamén pedimos— para acabar con ese tipo de fraude. Pero iso é difícil cando vostedes son os primeiros en facer fraude de lei, como acontece na sanidade, no ensino público ou nos servizos sociais de Galicia.

A súa estratexia política impídenos achegarnos aos obxectivos da Estratexia Europa 2020, que pretendía que, do colectivo de persoas entre 20 e 64 anos, o 75 % estivese ocupada. Este dato hoxe apenas chega ao 66,7 %, moi lonxe incluso do modesto obxectivo do Plan estratégico Galicia 2015-2020 —que se fixou no seu propio goberno—, que pretendía acadar o dato do 70 %. Tan modesto era acadalo que unicamente suporía recuperar a metade do emprego perdido no período 2008-2014.

No sector industrial tamén poden vostedes levar o premio a dar exemplo de como destruír emprego industrial. A perda de 22.000 empregos industriais no país dende o comezo dos mandatos Feijóo é un auténtico fiasco que demostra a falta de estratexias deste goberno de transición enerxética e de política industrial. Vostedes estragaron un de cada dez postos industriais en Galicia.

Falta de creación de emprego e de xestión industrial, falta de políticas impositivas xustas, mala repartición da riqueza... Sofren unha nula comprensión das problemáticas do noso país e esta situación xa non é sostible. As políticas do señor Feijóo están a provocar enormes desequilibrios dende a súa chegada: o peso dos salarios no PIB baixou seis puntos, as rendas do traballo perderon 3.580 millóns de euros en comparación con 2009. Este goberno foi quen de detraer dos petos da clase traballadora 3.580 millóns namentres aparecían nas roldas de prensa dicindo que baixaban os impostos para que a xente tivese máis cartos dispoñibles. É falso, baixan os impostos aos máis ricos. E ¿como se compensa? Compénsase con recortes e con débeda pública. As súas políticas neoliberais poñen en risco os nosos servizos públicos fundamentais: a educación, a sanidade, a dependencia. E non sabemos nin como non teñen vergonza en presentar estes orzamentos para 2020 dicindo que son os de maior gasto social da historia. Hai case 300 millóns de euros menos en educación, 200 en sanidade, 209 en po-



líticas de emprego, 162 en políticas de vivenda Esas son as distancias que nos separan en termos reais dos recursos destinados a estas políticas no 2009. Falamos de 900 millóns de euros de investimento en políticas sociais en termos reais.

Imos falar aquí de por que non aproveitaron ningunha das emendas da oposición. Basicamente, as nosas emendas eran coherentes coas modificacións que se plantexan no conxunto de emendas aos estados de ingresos e gastos, fundamentalmente en tres elementos. O primeiro consiste en adaptar os ingresos ao que nós consideramos imprescindible e necesario para esa modificación, cun incremento de investimento orzamentario de 560 millóns de euros, que saírían de tres puntos fundamentais: da reformulación e actualización da participación no modelo de financiamento no fondo de compensación territorial, da revisión do sistema fiscal galego e dun plan de loita contra a fraude fiscal. Un segundo punto, nas nosas emendas, estaría encamiñado a garantir os servizos públicos. Por iso, unha boa parte delas pretenden bloquear a nova formación de mecanismos de contratación ou prestacións de servizos mediante o modelo de colaboración público-privado, e tamén pretenden reducir os concertos no ensino ou na sanidade. E, por último, outra parte das nosas emendas pretende recuperar a negociación colectiva dos empregados públicos como medio único onde se acadan e se acordan as condicións de traballo dos empregados públicos, que tanto inflúen na calidade dos nosos servizos.

En definitiva, estamos ante uns orzamentos negativos para a maioría social de Galicia. Son malos porque non serven para enfrontarse ao cambio de ciclo da economía; porque favorecen unha minoría social que ten máis recursos; porque reducen o peso do sector público na economía; porque non dan solucións ao grave problema industrial que estamos sufrindo e porque non permiten reducir a desigualdade, a precariedade nin a pobreza.

Necesitamos un orzamento expansivo que medre por riba do PIB nominal para ir tapando o enorme burato das contas públicas provocado pola década da austeridade. A pesar do que temos escoitado, hai que dicilo con claridade: non é certo que o orzamento de gasto non financeiro de 2020 se aproxime xa ao de 2009, non o é. Faltan —e xa remato— case dous mil millóns de euros para recuperar o nivel previo á recesión. A suma dos recortes aplicados entre 2009 e 2020 son 26.000 millóns de euros.

Aproveitarei a segunda intervención para facer un apartado coas emendas máis divididas pero, como resumo, queremos engadir que estamos en contra destes orzamentos que exercen a forza do peso da súa maioría absoluta contra a maioría social.

Vou ler un pequeno parágrafo que me parece bastante adecuado como resumo ideolóxico e que pertence a un libro de Michel e Monique Pinçon, que se chama *La violence des riches*: «¿Que é a violencia? Non é só aquela dos golpes de puño ou das coiteladas das agresións físicas directas, tamén é a que se traduce na pobreza duns pola riqueza doutros; a que permite a distribución dos dividendos á vez que o despedimento dos que os produciron; a que autoriza remuneracións faraónicas e millóns de euros e revalorizacións do SMI que se contan en céntimos.»

É iso o que queremos dicir coa nosa exposición: uns orzamentos completamente inxustos.



Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Torregrosa.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Porrit.

A señora PORRIT LUEIRO: Grazas, presidente.

Bos días de novo, señorías.

Levámolo oíndo toda a mañá. Efectivamente, este é un debate repetitivo e, en certa maneira e medida, inútil, porque despois de dous meses de intenso traballo, despois de tanto tempo investido —digámolo entre comiñas— en discutir e debater neste Parlamento sobre os orzamentos para o próximo ano, ao final estamos practicamente no mesmo punto de saída. É un certo esforzo inútil o destes dous meses pero, dende logo, imos seguir facéndoo porque as galegas e os galegos o merecen, merecen outra alternativa e para iso estamos aquí. Estamos para tratar de mellorar a súa vida, porque estes orzamentos que hoxe se aprobarán, grazas á maioría absoluta do Partido Popular e —como vén sendo habitual— con toda a oposición en contra, marcarán o seu día a día ata as eleccións autonómicas do ano 2020.

Reafirmámonos nas setenta e cinco emendas presentadas ao texto articulado, que son unha impugnación á estratexia orzamentaria do Partido Popular, que se ten demostrado coma un fracaso en todos estes anos. Non compartimos o diagnóstico e discrepamos nas prioridades, tanto polo lado dos ingresos como dos gastos. É posible facer moito máis para impulsar a economía, para reducir as desigualdades, para incrementar os servizos públicos e o emprego. Pensamos que non fan todo o que poden.

Son uns orzamentos continuístas, uns orzamentos da compracencia que non apostan polo modelo social e económico que precisa Galicia e que non dan resposta aos problemas económicos, sociais e retributivos deste país. E iso a pesar de que o Partido Popular gobernou sempre con maiorías absolutas, e durante sete anos cun goberno da súa mesma cor política na Administración xeral do Estado, e, nos últimos anos, con taxas de crecemento positivas próximas ás existentes a nivel de España. Pese a todo iso, a situación económica e social de Galicia non mellorou substancialmente.

Xa entrando nas emendas, comezo polo final, por esa emenda 75 —unha emenda de supresión da epígrafe 1 da exposición de motivos—, porque non compartimos en absoluto esa realidade que vostedes presentan. Como xa dixen anteriormente, non coincidimos co diagnóstico que efectúa a Xunta de Galicia, que ten unha visión en exceso optimista e pouco realista da sociedade e da economía galega. É unha Xunta de Galicia illada da realidade económica e social. E cando non se coñece a realidade é imposible transformala.

Pedimos a supresión desta epígrafe porque nesa exposición din vostedes cousas como que son uns orzamentos que reforzan os gastos esenciais de sanidade, educación e servizos sociais, vinculados ao benestar dos galegos e das galegas; din que son uns orzamentos que van permitir implementar unha política económica dirixida á promoción da actividade empre-



sarial; que son uns orzamentos que permiten procurarlles aos cidadáns uns servizos públicos dirixidos a resolver os seus problemas e que lles facilitan un maior benestar para o desenvolvemento das súas actividades; que son uns orzamentos que manteñen a alta calidade do noso sistema sanitario e que propugnan unhas políticas dirixidas aos máis desfavorecidos, á atención das persoas dependentes e á infancia; que son uns orzamentos —din vostedes— cos cales as políticas dirixidas permitirán corrixir e darlle un impulso demográfico á nosa comunidade. En definitiva, é un conto. Non coñecen a realidade e, polo tanto, non poden transformala. (*Aplausos.*)

E como non estamos de acordo, vou darlles uns datos desta xestión da Xunta de Galicia.

Falemos de demografía —xa levamos moito tempo falando dela esta mañá—. Galicia presenta o peor saldo vexetativo de toda España: morren 89 persoas ao día e só nacen 42. Nunca houbo unha distancia tan ampla entre os dous indicadores. Segundo os datos do INE, no primeiro semestre rexistráronse 8.426 mortes máis que nacementos, o peor saldo vexetativo de Galicia desde que empezaron a rexistrarse datos fidedignos respecto diso en 1941. O emprego estable e de calidade —como xa se dixo esta mañá— é a mellor fórmula para dinamizar a demografía. É a economía a que modera a demografía e non ao revés.

Falemos de sanidade, un servizo que está a sufrir unha gravísima deterioración que se debe ás duras políticas de axustes, de recortes e de privatizacións que a Xunta de Galicia vén aplicando ano tras ano. Se se reduce iso en recursos orzamentarios, xa de por si deficitarios, se se recorta en persoal sanitario, médicos e médicas, enfermeiros e enfermeiras, auxiliares e persoal non sanitario e se se privatiza e trasladan servizos, non se pode esperar outra cousa que unha crecente deterioración da atención aos pacientes. E tendo en conta, ademais, as características da poboación galega, cunha poboación envellecida con gran dispersión, e cunha elevada ruralización, para corrixir iso, uns bos servizos de proximidade, de atención primaria e de asistencia a domicilio serían imprescindibles.

A realidade é que, detrás dese balance triunfalista da Consellería, se agochan uns orzamentos falaces. Diminuíu o persoal na sanidade pública cando as necesidades crecen polo avellentamento; hai menos profesionais e a oferta de emprego público prevista é un paliativo insuficiente. A Xunta promete as mesmas infraestruturas que anunciaba no ano 2019: rematar os centros de saúde do Milladoiro e da Estrada, que non teñen partidas concretas, o centro de saúde de Vilagarcía ou tamén infraestruturas fantasmas como a de Lalín, que só aparece cando goberna o Partido Popular.

Falemos de sanidade, de precariedade, de temporalidade, de taxas de reposición, de baixos salarios, de perda de dereitos, de contratos de un día ou de luns a venres. Falemos dos problemas de atención primaria ou das ambulancias. Falemos do peche do paridoiro de Verín —señor Puy, é falso que o Partido Socialista non emendase este tema; presentamos un plan específico para todos os hospitais comarcais—. Falemos de que a Xunta de Galicia, unha vez máis, se ve forzada a corrixir grazas á mobilización non só da cidadanía, tamén dos profesionais. Porque cando se producen estas manifestacións que denuncian a deterioración da sanidade galega ningún político responsable pode permanecer xordo ante este clamor.



Di o conselleiro, e tamén o presidente Feijóo, que o peche non é unha cuestión política senón que se debe á falta de pediatras, que se corresponde coas carencias no número de especialistas. (*A señora Porrit Lueiro le un documento.*) «Estaba a tentar coller o peito, quitáronllo á nai e levárono a Ourense.» Non sei se isto se debe á falta de pediatras ou á falta de sensibilidade cunha nai que acaba de parir o seu fillo. (*Aplausos.*) Son razóns políticas, como así o recoñece ata o propio Consello Galego de Colexios Médicos —nada sospeito, por certo, de esquerdismos nin de defender o público—, quen nega que o peche deste paridoiro sexa froito dunha decisión médica. Afirmo esta entidade que, de ningunha maneira, o peche do paridoiro de Verín é froito dunha decisión política. Estamos a falar do peche dun paridoiro que fai máis evidente aínda o suspenso da Xunta de Galicia en materia sanitaria.

Falemos do fracaso das políticas do Goberno para atender a pobreza. Xa sei que non comparten as cifras pero vou incidir nelas. Temos un 41,6 % de poboación galega que se atopa nunha situación de vulnerabilidade, 27.400 fogares sen ingresos, unha Risga insuficiente e indigna, excesivamente burocratizada e non individualizada, que fai que Galicia teña a segunda renda de inclusión máis baixa.

Se falamos de vivenda, en Galicia a exclusión no ámbito da vivenda disparouse. A Xunta tirou definitivamente a toalla na construción de vivendas de protección pública, así como nas axudas de alugueiro. Contamos cun programa de vivenda raquítrico e cunha execución só do 41 %.

Falemos do emprego: cada vez temos máis traballadores pobres nun mercado laboral no que predomina a cultura da temporalidade e do traballo a tempo parcial involuntario. A realidade —como xa comentou a miña compañeira— é que cae a taxa de emprego industrial, e a taxa de emprego xuvenil é inferior á española. Exportamos talento, esa xeración mellor formada. E as mulleres, xunto coa mocidade, somos o colectivo que máis sofre, e que sofre con máis virulencia.

O ano pasado, ante a maior subida da historia do salario mínimo interprofesional, xurdían moitas críticas, saltaron esas alarmas. Ía xerar desemprego, ía expulsar persoas novas non cualificadas do mercado laboral, pero a realidade é que o paro mingou, o emprego crece e, o máis importante, hoxe temos 87.000 traballadores e traballadoras que se beneficiaron dese incremento.

A Xunta de Galicia move fondos que son o 16 % do PIB e, polo tanto, debería ser o maior empregador do país e ser, ademais, o reflexo para os axentes económicos. Deixaron sen executar 368 millóns de euros nas partidas máis importantes de promoción do emprego. Repito que non coñecen a realidade e que, polo tanto, non poden transformala.

E xa entrando no resto das nosas emendas, emendas presentadas para tratar de corrixir esta diagnose equivocada, podemos falar dun primeiro bloque que ten que ver coa transparencia e o bo goberno. O Goberno da Xunta non é un instrumento de acción senón que é un instrumento de mera publicidade. O Goberno anuncia unha finalidade pero despois fai outra cousa grazas ás constantes modificacións orzamentarias; modificacións orzamentarias que son decisión do executivo, e, ademais, non hai unha execución real do gasto.



Presentamos moitas emendas: da 1 á 17, a 33, a 37... —non vou relatalas todas—. Son emendas que teñen que ver con esas modificacións orzamentarias nas que pedimos que a información se traslade con máis celeridade aos grupos parlamentarios, que pretenden que se cumpra esa Lei de transparencia e bo goberno; que as ditas modificacións se leven adiante mediante informe motivado da necesidade; e, sobre todo, que se informe ao Parlamento da súa necesidade e xustificación.

Falamos de persoal de gabinete, de subvencións nominativas, de gastos de publicidade e propaganda. Neste primeiro bloque aceptouse unha emenda, a emenda número 55, que ten que ver con informar respecto das modificacións do Instituto Galego de Promoción Económica, Xesgalicia ou Sodiga. O triste, realmente, é que teñamos que pedilo.

Un segundo bloque ten que ver co emprego público. Todas estas emendas van dirixidas a recuperar a cantidade e a calidade de emprego público. De nada serve abrir novas plantas de hospitais ou reformar paritorios como o de Verín se despois nos din que non hai persoal. Son emendas nas que apoiamos o papel negociador dos sindicatos, a negociación colectiva; son emendas en materia de contratación, de réxime redistributivo, de desenvolvemento do segundo convenio. E aquí quero facer referencia á emenda número 67, na que pedimos que se deixe sen efecto a suspensión do artigo 19 dese V Convenio colectivo para o persoal laboral. Mesmo o informe do Valedor do Pobo recomenda que se retomen as negociacións.

Un terceiro bloque ten que ver cos servizos públicos; uns servizos públicos que están directamente relacionados con todo o anterior, xa que o emprego público repercute directamente na cobertura destes. Por iso, é necesario un emprego público que permita satisfacer as necesidades do noso país, que permita dar respostas ás necesidades da cidadanía, e por iso é imprescindible un reforzo da Risga, da dependencia, e avanzar na gratuidade. E aquí podemos falar da emenda número 70, onde pedimos que as prestacións extraordinarias para as persoas beneficiarias de pensión non sexan inferiores a 200 euros, e non ese límite por riba que establece o texto; tamén da emenda 71, para que a Tarxeta Benvida se faga efectiva no prazo máximo dun mes; e da emenda 74, para que as solicitudes da Risga se resolvan nun prazo máximo de dous meses.

Apostamos polo reforzo do público e por iso tamén presentamos emendas respecto da forma de xestión. Apostamos pola universidade pública e opoñémonos absolutamente á creación dunha universidade privada, que vai en contra do principio de igualdade. O investimento en servizos públicos está claro que é insuficiente —e a continuación poderemos falar abertamente de fiscalidade—.

Un cuarto bloque ten que ver con dereitos laborais. Neste bloque presentamos, ao igual que o ano pasado, unha emenda que ten moito que ver coa igualdade, con rachar ese teito de cristal, porque as mulleres somos o 52 % da poboación, pero as cifras non o reflicten.

Presentamos tamén unha emenda relativa ás retribucións dos consellos de administración....

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.



A señora PORRITT LUEIRO: ...a emenda 64 —remato xa, señor presidente—, na que pedimos que se condicionen as posibles retribucións a que ningún dos sexos dos membros dos consellos de administración poida superar o 60 %.

Un quinto bloque ten que ver coas corporacións locais. O ano pasado dicíamos que a Xunta de Galicia invita e os concellos pagan, e este ano podemos repetilo. Son emendas dirixidas a reforzar os fondos das corporacións e a transparencia na repartición e nas subvencións.

E xa, como non teño tempo, vou deixar a última parte para a segunda rolda.

Moitas grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Porrirt.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Señorías, levamos dous meses debatendo sobre os orzamentos, e a verdade é que hoxe, que é o último día, me van permitir que repita algo que levamos dicindo dende o Grupo Parlamentario Popular durante todo este tempo. Galicia presentou, Galicia aprobará hoxe e Galicia executará o seu orzamento para o ano 2020 en tempo e forma. Pode parecer algo normal, pero o certo é que na España de Pedro Sánchez é algo inédito, só superado pola Comunidade de Andalucía o pasado venres. Esa é a realidade. Aprobar os orzamentos en tempo e forma converteuse na España de Pedro Sánchez en algo excepcional.

Hoxe aprobamos os quintos orzamentos da Xunta de Galicia nesta etapa expansiva da economía; orzamentos expansivos. Polo tanto, nós cremos que está fóra de lugar esa recreación dos grupos da oposición dunha Galicia apocalíptica, que eu teño que dicirlles que non existe. Vostedes viven e queren vivir nunha Galicia apocalíptica na que todo vai a peor, pero só vostedes viven nesa Galicia apocalíptica. É verdade que hai riscos e ameazas sobre o futuro, pero é verdade tamén que a maioría deses riscos e desas ameazas proveñen da inestabilidade política que provoca o Partido Socialista e os seus hipotéticos, futuribles, socios de goberno.

Eu teño que dicirlles que negar a recuperación económica que vive Galicia non é só criticar e negar o esforzo do Goberno galego, senón que é, ademais, criticar o esforzo de toda a sociedade galega durante os últimos anos para sacar a nosa comunidade, o noso país, da crise económica na que nos sumiron gobernos irresponsables como o de Rodríguez Zapatero durante toda esa etapa. (*Aplausos.*) A realidade é que aquí hai un goberno que goberna e en España temos un partido que está no Goberno estragando o que fixeron antes da súa chegada.

Polo tanto, chegados a este punto do debate, creo que convén plantexarse tres preguntas. A primeira: ¿que propuxeron o Goberno e a maioría parlamentaria que o sustenta? A segunda: ¿que propuxeron as catro minorías da oposición? E a terceira, en consecuencia: ¿que modelo é mellor para Galicia?



O Goberno trouxo á Cámara unhas contas que manteñen o temón fixado no rumbo e que os galegos validaron ata en tres ocasións nas urnas: no ano 2009, e validado e revalidado no ano 2012 e no ano 2016. Un rumbo que nos permite camiñar na senda do crecemento económico e na senda da baixada do desemprego. (E)/É, polo tanto, un modelo avalado nas urnas e avalado tamén cos datos e con resultados; un modelo que se basea en baixar impostos, en baixar a débeda, en incrementar os investimentos, en apostar pola cultura, especialmente na preparación do Ano Santo 2021, cun maior esforzo en política social —o maior esforzo en política social da nosa historia— e co maior esforzo tamén en sanidade pública de toda a historia da nosa autonomía. Eses son os orzamentos aos que vostedes hoxe votarán en contra.

Polo tanto, por resumilo en dúas ideas: a Xunta trouxo un orzamento pensado para satisfacer a preocupación da maioría dos galegos, un orzamento pensado para a Galicia dos próximos doce meses, pero tamén para a Galicia dos próximos doce anos.

É verdade que é moi difícil de dixerir por parte da esquerda parlamentaria este argumento porque vostedes, que non son capaces de manter os seus criterios, os seus principios, nin tan sequera doce días, ¿como van entender que este goberno e esta maioría parlamentaria pense na Galicia dos próximos doce meses ou dos próximos doce anos? Menos de doce días foi o tempo que tardou Pedro Sánchez en dicir que se Podemos entraba no Goberno non podería durmir; foi o tempo que tardou en aceptar a entrada e o condicionamento dos independentistas no Goberno de España.

Polo tanto, con esas referencias, coas referencias que ten a esquerda a nivel nacional, é normal que vostedes non saiban recoñecer un proxecto político serio, un proxecto político rigoroso, un proxecto político coherente, aínda que llelo poñamos diante e aínda que llelo expliquemos durante os últimos doce meses.

¿Que propón a oposición? Pois, basicamente, a oposición o que fai é propoñer o de sempre. Un ano máis a mellor crítica que se lles ocorre aos grupos da oposición é dicir que estes orzamentos son continuístas. Á oposición estráñalle que a Xunta persevere nas receitas que trouxeron crecemento económico e que permitiron baixar o paro na nosa comunidade. Á oposición estráñalle que a Xunta persevere nas receitas que converteron a Galicia na comunidade de referencia en toda España na xestión das contas públicas. Á oposición, en definitiva, estráñalle que a Xunta persevere nas receitas que apostan pola mellora dos servizos públicos ano tras ano.

Vostedes, que non entenden que este goberno sexa continuísta nos seus éxitos, si son continuístas nos seus fracasos; nesos fracasos que os levaron ás derrotas electorais de todas as citas electorais ata o momento. Vostedes trouxeron, agora si, un pouco o de sempre. Insisten en pegarlles un sablazo fiscal a todos os galegos; 700 millóns de euros é o que lles queren subir en impostos aos galegos, e insisten na teima de gobernar sen bolígrafos, sen folios, sen teléfono e insisten en crear impostos cos que noutras comunidades xa foron desautorizados pola xustiza, como o das bebidas azucradas. Por insistir, insisten ata nesa práctica absurda que fan todos os anos —e que veremos dentro dun pouco—: presentan emendas aos orzamentos e logo votan a favor das emendas dos outros grupos da oposición, aínda que



sexan contraditorias coas súas. Vostedes son unha oposición que, dende logo, de rigor entenden bastante pouco. (*Aplausos.*)

No articulado da Lei de orzamentos incorporáranse directamente tres emendas da oposición, e chegou a unha transacción con outra emenda do Grupo Socialista; catro sobre máis de duascenas emendas. O certo é que pode parecer pouca permeabilidade por parte deste grupo, pero eu creo que cómpre matizar e explicar o contido das emendas que presentou a oposición.

No caso do Grupo Común da Esquerda, 36 das 59 emendas —é dicir, o 61 % das emendas— son as mesmas que presentaron o ano pasado, e xa lles rexeitamos —corta e pega—. No caso do Grupo Socialista, 51 das súas 75 emendas son idénticas ás que xa lles rexeitamos no ano anterior, un 68 %. No caso do Grupo Mixto, 31 das 38 emendas que presentan son calcadadas das presentadas polo extinto grupo de En Marea; é dicir, o 81 % por cento. O Grupo Mixto é máis fiel á Marea orixinal que o Grupo Común da Esquerda, que quedou na Marea. ¡Vaia circo teñen vostedes montando! E no caso do BNG, 32 das 36 emendas —ou sexa, o 89 %— son exactamente as mesmas que rexeitamos o ano pasado. É dicir, moito non traballaron. O que fixeron foi ir ao arquivo, cortar e pegar e presentar. Esa é a realidade do grande esforzo que ten desenvolvido a oposición durante estes dous meses.

Polo tanto, en global, tres cuartas partes das emendas que presenta a oposición son xa, dende o primeiro momento, deliberadamente inaceptables, a non ser que se esperase de nós un cambio diametral de criterio, que, dende logo, adoitamos non practicar. Son emendas rexiistradas buscando iso, o rexeitamento, e, efectivamente, atoparon o rexeitamento.

Quedaría logo un total de 58 emendas que poderíamos considerar novas, deste exercicio, e, sen embargo, algunhas delas son modificacións dos totais dos estados de ingresos, dos beneficios fiscais ou das recadacións dos impostos, que, efectivamente, varían numericamente respecto do pasado ano pero que, en filosofía, manteñen a mesma formulación e, por tanto, idéntica resposta. Nós non cremos nas súas estimacións de ingresos, non cremos na súa proposta fiscal e, por tanto, preferimos manter o equilibrio orzamentario que propón o proxecto de lei que manda e remite o Goberno.

Algunhas non é que non as aceptemos por falta de vontade política, senón por certa lealdade institucional. Os incrementos de acción social para empregados públicos que propoñen varios grupos contradín explicitamente a normativa básica estatal, contraveñen a lei en vigor. Dálles igual. Xa o saben, ademais, e dálles exactamente igual. Outras non se aceptan porque son redundantes con outra lexislación, como a que solicita que se remita a este Parlamento unha información sobre contratación pública que xa está dispoñible, non para os grupos, para todos os cidadáns, na plataforma de contratos públicos da Xunta de Galicia, grazas a esa Lei de transparencia que aprobamos e que, por certo, non contou co apoio do grupo que presenta a emenda na mesma dirección. É dicir, contradinse vostedes mesmos e de forma permanente.

Tamén o Grupo Socialista propón unha serie de regulacións sobre o Fondo de Continxencia que non procede que estean nunha lei de vixencia anual, como é a do orzamento, porque xa



figuran nunha lei de vixencia indefinida como é a Lei de réxime financeiro e orzamentario. Sorprendentemente, o Grupo Socialista chega mesmo a solicitar a supresión da disposición transitoria sobre a dotación do fondo, a pesar de que a lexislación en materia de estabilidade orzamentaria dá un mandato claro de que hai que dotalo. Dálles igual, exactamente igual, non lles importa nada. Outras proveñen do descoñecemento. É o caso do Grupo Común da Esquerda, que nos solicita que no artigo de persoal dependente de entes instrumentais incluamos os gardacostas, que non dependen de ningún ente instrumental. Ese é o rigor das súas emendas, o rigor do seu discurso.

Por certo, vostedes veñen hoxe dicindo que menos discursos e máis recursos. Pois iso é o que facemos nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2020. En dependencia, 454 millóns de euros. En 2009, cando gobernaban vostedes, ¿serían máis? Non, eran moitos menos, 266 millóns de euros. Á familia e á infancia no ano 2020 adicaremos 160 millóns de euros. ¿Canto adicaban vostedes cando gobernaban? 106 millóns de euros. A inclusión adicamos 120 millóns de euros. ¿Canto adicaban vostedes? 87 millóns de euros. Efectivamente, menos discursos e máis recursos, iso é o que nós imos facer. *(Aplausos.)*

Señora Torregrosa, o certo é que teño que dicirlle que está moi ben o texto que lle prepararon, pero non é crible escoitar o grupo que vostede representa defender o emprego industrial cando veñen a este pleno a pedir o peche permanente de empresas. Protesta o señor Lago, que é o autor do texto, pero logo non vén aquí defendelo. *(Murmurios.)* Esa é a realidade.

Vostedes báixanlles os impostos aos ricos, pero non digan cuestións que non se sosteñen... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Murmurios.)*

¡Silencio, por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor TELLADO FILGUEIRA: Respecto do IRPF...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por favor, silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Baixamos o IRPF ás rendas baixas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Balbordo.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! ¡Por favor, silencio! ¡A todos! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Xa está, non escoitei ningún insulto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Señor Lago e señora Prado, por favor! Imos continuar. Isto é o debate de presupostos. ¡Silencio!

(Pronúncianse palabras que non se perciben.). ¡Silencio, señor Cal, por favor!

Señor Tellado, continúe.



O señor TELLADO FILGUEIRA: Din que baixamos os impostos aos ricos. ¡Pero se nós mantivemos o tramo autonómico dos tipos do IRPF exactamente igual nos tramos altos! Os que baixamos son os inferiores. Fixémolo nós, non o fixeron vostedes. Polo tanto, aquí o que hai é moita propaganda, pero o discurso non se sostén, dígaos quen o diga, dígaos o señor Lago, dígaos a señora Torregrosa; non se sostén este discurso baleiro de contido.

Vostedes falan permanentemente de que desmantelamos a educación; estamos atacando a educación pública, témola destrozada, privatizada, ¡todo un desastre! O certo é que cando teñen ocasión de facer emendas, o Grupo Socialista propón un incremento do 2,7 %, o BNG propón un incremento do 0,5 %, o Grupo Común da Esquerda —tan preocupado pola educación pública— propón un incremento do 0,1 %. Pois, mire, a realidade é que nós subimos o orzamento da educación un 2,3 % para o ano 2020. *(Aplausos.)* Vaian vostedes dar leccións a outra parte.

Din que a sanidade está fatal, que a sanidade sofre un ataque permanente por parte do Goberno do Partido Popular, que faltan profesionais a milleiros, infraestruturas a ducias e que faltan moitísimos recursos. O certo é que cando teñen ocasión de facer emendas, o Grupo Común da Esquerda incrementa o orzamento de sanidade un 2,5 %, o BNG incrementa o orzamento de sanidade un 1,5 %, o Grupo Mixto, un 1,4% e o Grupo Socialista —señor Torrado, isto é unha emenda a vostede mesmo—, que di que está todo tan mal, cando ten ocasión de modificar o orzamento da sanidade, adícalle un 1,1%. Miren, nós subimos o orzamento de sanidade un 3,1 %. Temos o maior orzamento en sanidade da historia da nosa comunidade. *(Aplausos.)* ¡O maior orzamento! Unha sanidade de 4.109 millóns de euros e unha sanidade que contará no ano 2020 con 122 millóns de euros máis que neste ano 2019. Polo tanto, é o orzamento sanitario máis alto da historia de Galicia. Esa é a realidade.

As catro minorías da oposición afrontan todo o proceso de trámite parlamentario facendo trampas sobre os ingresos —unha boa mostra do rigor que presidiría as súas decisións se algún día chegasen ao Goberno, ¡Deus non o queira!— e presentando centos de emendas imposibles de aprobar se queremos manter a seriedade e viabilidade da nosa comunidade.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Eu quero rematar recordándolles a que van votar que non. Vostedes, ao final desta mañá, votarán que non ao orzamento máis social da historia de Galicia: 7.400 millóns de euros adicados ao gasto social, o 80 % do orzamento da Xunta de Galicia. Vostedes van votar que non a máis políticas de emprego xuvenil. Vostedes van votar que non a un crecemento do 5 % en I+D+i. Vostedes van votar que non á ampliación da Tarxeta Benvida. Vostedes van votar que non a un incremento do 6 % dos recursos de atención á dependencia e a que se dupliquen as casas do maior. Vostedes votarán que non ás rebaixas de impostos no rural e vostedes pretenden votar que non á aprobación de plans integrais de prevención de incendios. Vostedes pretenden votar que non ao maior orzamento da historia da nosa comunidade adicado á sanidade pública galega. ¡Alá cadaquén! Nós, dende logo, estamos para servir a Galicia, non aos nosos partidos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.



O señor TELLADO FILGUEIRA: Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Réplica dos grupos emendantes para definirse sobre as emendas dos demais grupos.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Pois si, señor Tellado, votamos non. Votamos non porque de verdade si pensamos na Galicia, xa non de dentro de doce anos, de dentro de vinte e cinco anos; pensamos na Galicia do 2050. E, verdadeiramente, estes orzamentos supoñen unha traizón aos nosos fillos e aos nosos netos.

¿Como será Galicia medioambientalmente e territorialmente no 2050? Pois, probablemente, un país sometido a grandes corporacións extractivas, coas modificacións de lei das que despois falaremos na Lei de medidas fiscais e administrativas. ¿Cantas galegas e galegos vivirán en Galicia no ano 2050? Sabe vostede que cada día morren en Galicia 97 persoas de media e só nacen 43. A este ritmo —que parece que a vostedes non lles parece un problema e por iso pechan paritorios— haberá 611.000 galegas e galegos menos no ano 2050, cun nivel de envellecemento que fará inviable este país. Si que pensamos no ano 2050, e estas políticas levan a estes resultados.

Chamounos antes a atención o señor Puy a respecto de que non fixeramos unha emenda específica para o Hospital de Verín. Eu xa expliquei que a decisión do peche e da supresión das urxencias pediátricas en Verín foi posterior ao peche da data de orzamentos. Vostedes, efectivamente, incrementan o presuposto de sanidade en 122 millóns, pois nós o que dicimos é que se pode incrementar en outros 81 millóns. Non dicimos non aos 122, dicimos si aos 203. Esa é a nosa emenda. (*Aplausos.*) E vostedes van dicir non a esa emenda. Ademais, dicímoslles de onde saen os 81 millóns de euros: de cousas tan aberrantes como de incrementar un pouquiño, unhas décimas, a tarifa autonómica nos tramos do IRPF dos máis ricos, (*Murmurios.*) 9 millóns de euros no imposto do patrimonio desas 6.000 persoas máis ricas de Galicia —non creo que vaian pasar fame por eses 9 millóns de euros—; 10 millóns de euros do imposto de sucesións a quen herda máis de 700.000 euros —tampouco creo que vaian quedar na pobreza por ter que pagar unha pequena aportación á sociedade—; e un imposto sobre os depósitos nas entidades de crédito, tamén por unhas décimas, que suporía uns 2 millóns de euros. Iso si, unha das partidas importantes é moderar a redución do endebedamento —¿por que, se hai estas carencias, que todos recoñecen, parece que vostedes tamén?— por valor de 40 millóns de euros.

Di vostede que o imposto de bebidas azucradas está rexeitado. Efectivamente, o Tribunal Superior de Justicia de Cataluña parouno provisionalmente. ¿Que fixo un goberno como o Goberno de Cataluña, tendo en conta que eses cartos ían destinados directamente a sanidade? Pois publicar inmediatamente outra lei que recolle os mesmos aspectos e corrixe os problemas técnicos e procedementais que dicía o xulgado. Ese é un goberno que actúa: 80 millóns de euros deste imposto para a sanidade catalá. Os 15 millóns que nós plantexamos para Galicia non van chegar, e a xente volverá ter incidencias de saúde por esas bebidas. Hai un caso paradigmático en Chile onde o imposto é brutal —alí si que é brutal—, incremen-



touse case un 50 % o valor das bebidas azucradas. O éxito e o recoñecemento da sociedade é absoluto.

Tamén lles plantexamos un plan de recuperación do medio rural con 46 millóns de euros máis, e dicimos de onde sairían: dos canons ao dano ambiental da auga encorada e do canon eólico. Non pode ser que as grandes empresas, que monopolizan ademais as concesións... Porque nin a Xunta de Galicia nin o decreto que o Goberno do Partido Popular no seu día sacou para facer as poxas de enerxías renovables favorecía os pequenos produtores, favorecía as cooperativas, favorecía as cooperativas rurais. Non, favorecía a quen máis poxaba: se un vén con 1.000 megavatios ten prioridade fronte a un que pide 10 megavatios, cando tiña que ser todo o contrario, como pasa en moitos países. E así regálase toda a potencia eólica e toda a potencia hidráulica de Galicia a dúas empresas, fundamentalmente a dúas ou tres empresas, que despois non reverten nada no benestar no medio rural.

Plantexamos moitas iniciativas de que facer con eses 46 millóns de euros.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

O señor CASAL VIDAL: Tamén plantexamos uns trinta e oito millóns de euros para cousas moi concretas, entre elas, quince propostas concretas para As Pontes e Meirama, ás que vos tedes van votar que non.

Despois din que non van falar por alí. ¡Claro que van falar! Falan cos camioneiros e dinlles que van facer cousas concretas. ¿Onde está a epígrafe relativa a que vai posibilitar a transición, o cambio de modelo produtivo dos camioneiros das Pontes? ¿Onde está esa partida orzamentaria? Eu non a encontrei.

Pois, xa digo, se queren plantexamos votar á parte estas quince emendas dedicadas á transición enerxética xusta...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: ...porque, se non, ¿xusta para quen?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CASAL VIDAL: Xusta, ao mellor, para Endesa e para Naturgy, pero para a xente das comarcas das Pontes e Meirama, desde logo que non.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

O señor CASAL VIDAL: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

O señor Tellado repetiuse un pouco, pero o certo é que, cando menos, estivo un pouco comedido xa que non nos dixo que era heroico presentar os orzamentos da Xunta de Galiza. Pero, xa que vostede insiste, eu volvo insistir: señor Tellado, *no cuela*. Por moito que queiran facer da normalidade un feito extraordinario e excepcional no mundo mundial polo que lles temos que dar os parabéns, non nos convencen; de verdade que non nos convencen. É absolutamente normal presentar os orzamentos da Xunta de Galiza e non lles imos dar os parabéns por que os presenten e, menos aínda, polo contido, unha vez avaliado, señor Tellado.

O que si lles digo é que xa, polo menos, apelen a ter un pouco de coherencia interna vostedes. Porque, ¡claro!, aquí levamos dous meses escoitando falar das contradicións das emendas da oposición e non sei que, non sei canto, e vostedes polo día —«Galiza, néboa en Pedrafitas»— din que non vai haber ningún tipo de repercusión de nada do que poida pasar no contorno macro; no parágrafo seguinte dos orzamentos falan directamente dun apartado de alerta máxima no contorno macro; e despois vén vostede falarnos de etapa expansiva da economía, de que está todo marabilloso. En fin, o mesmo goberno que rebaixou a súa propia previsión de crecemento para este 2019.

Señor Tellado, os do rigor igual vostedes non son. Isto recorda á canción *Revolta en el frenopático*, de Kortatu, na que se reúne a asemblea de *majaras* e decide que «mañá sol». Pero a vida non é tan sinxela e a economía, tampouco, señor Tellado.

Despois di que gobernan e deciden estes orzamentos para a maioría dos galegos. Eu dubido que exista —e, cando menos, iso é o que nos din os datos obxectivos— unha maioría de galegos que cada tres meses herde un millón de euros. Señor Tellado, desde logo, esa non é a Galicia real que hai aí fóra; polo tanto, debería revisar un pouco as súas propias afirmacións.

Logo din que a oposición cambiamos cada doce días de criterio. Eu supoño que estaba a falar do Parlamento galego —non sei se segue obsesionado con Madrid e quere facer puntos para que o fiche o señor Sánchez—. Claro, di que nós cambiamos cada doce días de opinión. Non, así son vostedes, que hai doce días dicían que en Verín había un problema de seguridade e agora xa non é un problema de seguridade, xa é un problema de prazas pediátricas. Xa algo imos aproximándonos, e non perdemos a esperanza de seguir facendo que poidan ver a realidade.

En todo caso, a min hai unha constante no seu discurso que me molesta especialmente, que é que diga que a oposición non traballamos. ¡Claro, porque o articulado dos seus orzamentos, que é o que estamos debatendo agora, é unha innovación literaria, orzamentaria e metafórica! Señor Tellado, é o mesmo articulado repetitivo de ano tras ano, co mesmo espírito económico; por iso dicimos que son continuístas. Efectivamente, un ano despois seguimos querendo que se limiten os concertos educativos deste país, en vez de aumentalos. Un ano despois seguimos pensando que hai que poñer cotas ás colaboracións público-privadas. Se iso é repetirse e autocopiarse, pois seguiremolo facendo, señor Tellado, non se preocupe. Cando teñamos opción de poñelo en marcha, tamén o faremos, non se preocupe por esa cuestión.



En todo caso, tamén quero que quede no *Diario de Sesións* que dixeron que non ás emendas de fondo político, pero tamén a aquelas máis rudimentarias porque, un ano máis, non fomos abenzoados e abenzoadas no BNG con que nos aceptara esa emenda recorrente que todos os grupos presentamos nalgún momento con algunha petición de que a información orzamentaria, ou a información do Igape —como xa saía aquí—, se remita nalgún formato do século XXI. Imos xa camiño de iniciar a segunda década do século XXI e seguimos clamando neste Parlamento polo *Excel*. Este ano aceptaron unha, xa non recordo se era do Grupo Común da Esquerda ou do Partido Socialista, pero dentro dun ano, estea quen estea neste Parlamento, se vostedes seguen gobernando —que eu espero que non, aínda que non vou facer unha aclamación a Deus, que non son crente—, eu só espero que, cando menos, avancemos cara a algún formato do século XXI.

Pero, en todo caso, esta brincadeira é demostrativa de que vostedes o que non queren é dialogar. Por iso veu vostede precisamente facer iso que criticaba, ese exercicio de demagogia, e tivo que acabar falando do estado de gastos e da emenda transversal, porque non tiña argumentos para o articulado. Non tiña argumentos para desmentir o que nós afirmamos aquí, que é que nesta década destruíron 2.000 postos de traballo fixos na Administración pública. Non veu explicar por que...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS:—igual pode pedir a palabra a conselleira de Ensino—, malia falaren vostedes da maior OPE da historia no ensino, vai haber en 2020 45 docentes menos que no 2019 e máis de cincocentos menos que hai dez anos. Esa foi a realidade que vostede non quixo desmentir aquí, señor Tellado.

Polo tanto, claro que imos votar non. Imos votar non a que se siga perdendo emprego público. Imos votar non a que se sigan baleirando servizos públicos mentres aumenta a privada, como acontece cos datos que lles demos da sanidade. Imos votar non a uns orzamentos que dende o punto de partida infravaloran as circunstancias económicas estatais internacionais. Imos votar non tamén a uns orzamentos que supeditan, un ano máis, que cumpramos o déficit e que cumpramos coa débeda que nos exige o Estado español, en vez de cumprir coas necesidades...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...dos galegos e das galegas; unhas necesidades que, ademais —como xa dixemos— son crecentes.

Polo tanto, claro que si, que votamos non, porque dicimos que si a unha Galiza diferente.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Común da Esquerda, a señora Torregrosa.



A señora TORREGROSA SAÑUDO: Moitas grazas.

Señor Tellado, entendo que, visto que vostede [*é un machista recoñecido*] (*Expresión retirada do Diario de Sesiós polo señor presidente ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.*), lle gustou o meu discurso, porque, evidentemente...,

O señor PRESIDENTE: Non. Imos retirar esa expresión.

Señora Torregrosa, perdón.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Non, perdón. Foi un machismo que considerara... (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Non. Eu iso considero que non é como para que o insulte de «machista». Imos reconducir o debate por aí e retirar esa expresión.

(*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Silencio, por favor! Xa falei coa señora Torregrosa e iso non é así. Xa está, por favor.

Imos continuar co debate, que temos que votar dentro dun momento. Grazas.

Prosiga, señora Torregrosa. ¡Silencio!

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Prosigo.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señora Chao e señor Vega, por favor. Imos terminar isto.

Grazas.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Queremos insistir...

O señor PRESIDENTE: Por favor, non intercambien entre vostedes nada. Está no uso da palabra a señora Torregrosa. Respectemos a quen está no uso da palabra. É así de sinxelo. Nada máis.

Grazas.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Prosigo.

Como xa se dixo aquí, o 95 % do seu articulado repítase ano tras ano; logo, é lóxico que a nosa resposta sexa sempre a mesma se non aceptan ningunha das emendas que presentamos dende a oposición. Dende o noso punto de vista, cremos que non será posible superar a atrofia dos servizos públicos esenciais, adoptar as medidas necesarias para evitar unha recaída na crise e empezar a mellorar as condicións de vida da maioría social de Galicia mentres non



se aposte por un crecemento forte e sostido do gasto público. Nós cremos no gasto público. O Proxecto de orzamentos para 2020 é totalmente insuficiente para provocar ese cambio de rumbo.

É por iso que formulamos as nosas emendas, é por iso que presentamos unha emenda á totalidade e é por iso que imos rexeitalo. Non é nada persoal contra vostedes, ao contrario, é o que parece contra nós.

Miren, por dicir un exemplo concreto, a única emenda que aceptaron, que tiveron a ben aceptar, é unha emenda que, de feito, non fai máis que reflectir un pouco en que consisten as súas críticas, en evidenciar que as súas críticas non teñen ningún sentido. Unha das xustificacións preferidas por vostedes cando critican a oposición en xeral é que non coincidimos coas previsións orzamentarias e partidas concretas, cando estamos coincidindo nunha visión política concreta, pero rexéitana porque o orzamento preciso non coincide. Pois vou dicirles que a única emenda que aceptaron do noso grupo, a 48, é unha emenda de carácter técnico que o único que fai é facilitar, porque é unha ferramenta de edición dixital para evitar o enorme traballo que supón o seguimento das modificacións orzamentarias entre os seus orzamentos executados e os aprobados; quere dicir que é imprescindible.

Entón, ¿que máis podemos dicirles? Creo, señor Tellado, que vostedes saben perfectamente que todo isto que acabo de dicir respecto das necesidades é verdade. Creo que, no fondo, incluso coincidiríamos. Entón, o problema é por que non aceptan emendar uns orzamentos que xa saben que van facer este ano máis difícil a vida dunha gran cantidade de xente en Galicia —moita desa xente incluso pode ser que os votase—. Pois, lamentablemente, é porque vostedes non queren velo. Quero dicir, prefiren invisibilizar a xente que, dalgunha maneira, lles pode facer non cadrar as contas.

¿É absoluta verdade que vostede se sente tan orgulloso de que o seu rodillo de maioría absoluta vaia deixar, sen mover unha ficha, uns orzamentos que está máis que demostrado que son uns orzamentos fracasados e anacrónicos? Non é algo como para encherse de orgullo; creo que non. Entón, queren invisibilizar a xente de a pé, a xente da rúa, a oposición; queren facernos desaparecer. Para vostedes son invisibles, pois, tanto as familias do paritorio de Verín cando se manifestan, son invisibles os pacientes que están nas listas de espera, son invisibles os profesionais da atención primaria, os pensionistas, os dependentes, os mozos e mozas que en Galicia teñen que gastar un 94 % do salario en poder ter un alugueiro, que traballan no emprego precario; as 14.000 demandantes en listas de espera de vivenda social; o profesorado que reclamaba nas rúas un horario que lles permita atender mellor o alumnado; as mulleres que están sufrindo a violencia machista; as familias que precisan conciliación; as galegas e os galegos que queren un goberno que defenda a cultura e a lingua propias; a xente do mar, que cada vez está máis abandonada fronte ao gran capital e a grande empresa; a xente que espera un servizo público de transporte. Inhíbense tamén da xente que...

O señor PRESIDENTE: Vai rematando, por favor.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: ...cre que hai unha emerxencia climática. A vostedes dálles igual o medio ambiente; a mobilidade sustentable tampouco lles importa. Queren invisibi-



lizar a xente que si paga a AP-9. Non sabemos por que. Supoño que o que queren é beneficiar os seus amigos privilexiados. Pero nós preferimos representar esa maioría que está agora mesmo nas rúas berrando polos seus dereitos.

Con isto xa remato. Como posdata diríalle, señor Tellado, que deixen, por favor, o hábito de solucionar os problemas deste país con cheques. Creo que hai outras maneiras políticas e outras estratexias para solucionar os problemas que non sexan os cheques. Dá moi mala imaxe.

Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Porrirt.

A señora PORRITT LUEIRO: Grazas, presidente.

Señor Tellado, eu creo que os que viven nunha realidade distinta, nese continente illado ao que fan referencia, son vostedes. Pero o resto das galegas e dos galegos vivimos no mundo real, nun mundo con desemprego, con precariedade laboral, con pobreza e exclusión social. Por iso o Partido Socialista non vai apoiar estes orzamentos, porque outra política orzamentaria é posible. É posible corrixir as carencias e rectificar as prioridades equivocadas da Xunta de Galicia. Realmente, falar de negociar e de debater é practicamente un chiste.

E vou continuar co que me quedou pendente na anterior intervención. Imaxino que cambiarán de opinión respecto da emenda número 54, despois de aprobar por unanimidade a proposición non de lei presentada por este grupo parlamentario e debatida na Comisión 2ª o pasado día 12.

E si quero —para rematar xa— falar da emenda transaccionada, da emenda número 36 ao artigo 37. Ano tras ano, cando presentamos as nosas emendas, dinnos que os nosos orzamentos alternativos non son realistas, que propoñen máis impostos, máis débeda e máis déficit. Pero nesta ocasión foi o Partido Popular quen recollía nos seus orzamentos un déficit do 0,1 %. Pois ben, este grupo parlamentario manifestou desde o primeiro momento que resultaba criticable o cambio de criterio na xestión do déficit público, cando este ano o Goberno galego, a diferenza do resto das comunidades autónomas, se permitía dispoñer dunha décima adicional de déficit de 68 millóns de euros adicionais ao evitar acollerse ás previsións dos orzamentos de Montoro, aínda en vigor. A explicación xa a dabamos: a urxencia por dispoñer de fondos adicionais en crédito para gastos que consideren necesarios unicamente para o ano 2020, tendo en conta que haberá eleccións autonómicas.

O ano pasado podía incorrer en déficit. Este grupo presentou unha emenda na que se solicitaba que se aproveitase esa marxe de déficit, que era lexítima, e o señor conselleiro dixo que non. Non o fixeron, e este ano presentan ese déficit do 0,1 %, que tiveron que corrixir para salvar os seus orzamentos recorrendo a unha das nosas emendas, a número 36, transaccionada; transaccionada para non ter que recoñecer que a aceptaban na súa totalidade. Pero o certo é que aceptaron a literatura. ¿Ou van utilizar eses 68 millóns de euros? ¿Están



de acordo con que o déficit será do 0,1 % ou do 0 %? ¿Van endebedarse nesos 68 millóns, incumprindo a legalidade vixente? ¿Vai actuar de xeito distinto Galicia ao resto de comunidades autónomas?

E preguntoo porque —como xa dixen— a literatura aceptárona, pero o montante de gasto, eses 68 millóns de euros, non se corrixiu no orzamento. Tampouco se corrixiu a exposición de motivos. Na comisión o señor Puy dixo que a nosa emenda 75 non era aceptable porque non presentabamos un texto alternativo. Pois ben, na exposición de motivos, na páxina 214, segue aparecendo ese 0,1 % de endebedamento do PIB.

Señor Tellado, os que fan un corta e pega son vostedes. A explicación que nos deu hoxe xa llela escoitamos na comisión ao señor Puy e non nos convenceu daquela e tampouco nos vai convencer hoxe. Realmente, está dándonos a razón; nós estamos dicindo que son uns orzamentos continuístas e por iso presentamos as mesmas emendas.

Dixo tamén, señor Tellado, que o imposto destinado a gasto social se incrementou. Non faga trampas; falemos de gasto por cidadán, porque desgraciadamente o número de persoas dependentes é maior e temos unha poboación envellecida e dispersa que precisa máis recursos. A violencia de xénero non foi a menos, senón, desgraciadamente, a máis. O que non medrou foi a taxa de natalidade e, a pesar diso, temos listas de agarda nas escolas infantís.

Este grupo parlamentario presentou moitas emendas ao articulado; ratificámonos nelas, e non imos apoiar estes orzamentos porque insistimos en que fallan na diagnose, e non coincidimos nas prioridades. Non coñecen vostedes a realidade do país e, polo tanto, non poden transformala.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Porritt.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Señora Torregrosa, eu cóntolle o que pasa: o señor Lago escribe para outras persoas o que el non ten o valor de dicir nos plenos (*Protestas.*). Isto xa o facía co señor Villares e fíxese como acabou. ¡E agora que non o faga con vostede! Iso é o que eu quería dicir (*Aplausos.*); e iso, polo tanto, non se pode considerar un comentario machista. ¡Síntoo moito! ¡Porque tamén llo diciamos ao señor Villares! ¡Exactamente igual! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Mire, nós sentímonos orgullosos de darlle a Galicia a estabilidade que os partidos da esquerda non son capaces de darlle a España. Nestes días, ademais, creo que queda perfectamente claro. Sentímonos orgullosos de darlle estabilidade a Galicia e cremos que a aprobación dos orzamentos, en tempo e forma, é a mellor demostración de como facelo. É verdade que queda moito por facer, e por iso estamos traballando día a día dende o Goberno con esta maioría parlamentaria que o sustenta e que lle dá estabilidade.



Eu teño que dicir neste debate que toca felicitar o Bloque Nacionalista Galego e a señora Ana Pontón. Por fin os independentistas galegos conseguen liderar a oposición en Galicia. Aínda que co peor resultado do nacionalismo galego, esa é a realidade. É verdade isto; pero tamén o é que lideran, de facto, a oposición en Galicia.

As Mareas saíronse da pista —tan rupturistas eles—, decidiron empezar por si mesmos e converteron o PSdeG-PSOE en líder accidental e accidentado da oposición. Pero durou pouco tempo. Hoxe, unha vez máis, o presunto líder dos socialistas galegos deu unha nova espartada; no debate económico e político máis importante do ano, o señor Caballero decidiu non participar. ¡Non está! ¡Ausente! Participaron todos os voceiros dos grupos menos o voceiro do Partido Socialista.

Eu diríalle ao señor Caballero, se estivese aquí, de secretario a secretario... Eu diríalle que, sinceramente, entendo que non quixese debater co profesor Puy de economía e dos orzamentos do ano 2020; pero tampouco quixo debater comigo. Esa é a maneira que ten o señor Caballero de entender a política. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Tan pouco respecta o señor Caballero este Parlamento...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA:o certo é que conseguiu botar o señor Leiceaga. (*Aplausos.*) E, total, para isto: para logo non asumir as súas responsabilidades e non participar neste debate tan importante, non asumindo o que lle correspondía como responsabilidade máxima.

Hoxe neste debate enfróntanse dous modelos políticos antagónicos: o que defende o Partido Popular, o da estabilidade, e o que defenden as catro minorías que conforman a oposición. Dun lado, está un modelo comprometido con Galicia, e doutro lado está o modelo comprometido con Sánchez e con vostedes mesmos. Esa é a realidade. Nós, comprometidos co emprego e coa industria e vostedes, exercendo de cómplices e palmeiros dos que queren pechar as electrointensivas, os que queren pechar as centrais térmicas, os que queren pechar Alcoa e Ferroatlántica e os que queren pechar As Pontes.

Nós, comprometidos cos servizos públicos e reivindicando eses trescentos setenta millóns de euros que o Goberno de Sánchez lle endebedada a Galicia e vostedes, como sempre, callando e outorgando e practicando aquilo de «Caballero, chitón». Esa é a realidade. ¿Van vostedes defender Galicia algunha vez? É unha pregunta retórica; dende logo, sei que ao líder do socialismo galego non lle gusta que lle pregunten cousas incómodas.

Pero o certo é que o modelo da esquerda é o mesmo modelo aquí en Galicia que en España. O seu modelo é exactamente o mesmo que o de Pedro Sánchez: o modelo do Partido Socialista é que gobernen os independentistas e os populistas con tal de que vostedes poidan seguir no Goberno. Esa é a súa oferta electoral. En política hai que elixir sempre. (*Risos.*) E vostedes xa elixiron. (*Murmurios.*) Elixiron representar esa política frívola, tacticista, partidista e interesada.

O señor PRESIDENTE: Silencio.



O señor TELLADO FILGUEIRA: Señor Caballero, portavoz ausente, se vostede fose algún día presidente da Xunta —Deus non o queira—, vostede sería unha ameaza para a saúde pública galega. Vostede sería unha ameaza para a saúde pública galega porque —xa nolo dixó— tomaría decisións facilonas; decisións electoralistas en contra da opinión dos técnicos e dos profesionais. ¡Porque vostede sabe máis de pediatría que os pediatras! Esa é a realidade.

Aínda que lle dixesen que parir en Verín non é seguro porque non hai pediatras, vostede mantería os partos alí sen seguridade, ¿verdade? ¡Que irresponsabilidade, que insensatez e que electoralismo! (*Aplausos.*) Vostede non dubida en politizar a Xustiza, a Fiscalía, e poñela ao servizo do seu propio partido. Vostede é o delegado en Galicia dese partido que pasou dos cen anos de honradez aos trescentos anos de inhabilitación en Andalucía.

O señor PRESIDENTE: Remate, remate por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Supoño que estarán fachendosos diso.

Vostede, señor Caballero, que hoxe claudicou na defensa dun proxecto alternativo ao noso, non compareceu nesta Cámara simplemente porque non ten un proxecto alternativo ao noso. Esa é a realidade. Non o ten vostede, non o ten ningún dos grupos e non o teñen nin sequera todos xuntos, porque os seus proxectos son contraditorios...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado. Terminou o seu tempo.

O señor TELLADO FILGUEIRA: O noso proxecto, señorías, chámase Galicia; o noso proxecto e o noso compromiso: unha Galicia que medrará en 2020 cuns orzamentos expansivos, co maior gasto social da historia de Galicia e co maior gasto en sanidade pública da historia de Galicia. Nós sentímonos orgullosos. E lamentamos profundamente que vostedes vaian votar en contra desa Galicia social... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado. Rematou o seu tempo.

(*A señora Torregrosa Sañudo pide a palabra.*)

Señora Torregrosa, ¿para que quere a palabra?

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Paréceme que as acusacións que fixo o señor Tellado en relación coa ponencia que eu fixen... Parécenme de carácter claramente machista e discriminatorio. (*Protestas.*) ¡É unha falta de respecto a unha deputada desta Cámara! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É unha falta de respecto a unha deputada desta cámara, e sen ter proba ningunha non pode facer este tipo de acusacións nesta cámara.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. (*Murmurios.*) Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señor Cal, señor Cal, silencio, por favor. Señora Prado e señor Cal. ¡Señora Prado e señor Cal! Vounos chamar á orde aos dous. Vounos chamar á orde aos dous. Silencio.



Eu entendín perfectamente o que quixo dicir a señora Torregrosa: o señor Tellado posiblemente utilizou algo metafórico. Posiblemente. (*Risos.*) Si, si; eu non son quen para dicir o discurso, pero se o fixo vostede aquí quedou claro —medianamente claro— que o tiña feito vostede. Eu entendín o que el dixo coma unha crítica sen máis, pero non por iso podo compartir que iso sexa un comportamento machista; porque nesta Cámara non caben comportamentos machistas e eu tería que chamar á orde. Iso si que o tería feito. (*Murmurios.*) Nada máis.

Señor Tellado, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: A crítica que fixemos sobre quen lle facía os papeis é unha crítica que lle fixemos tamén ao señor Villares, e polo tanto o que lle dixen é que (*Murmurios.*) lía os papeis que elabora o señor Lago e que o señor Lago xa levou por diante ao señor Villares, que non caía na mesma trampa.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Señor Torregrosa, quedou claro que o discurso o fixo vostede. Punto. Terminouse. Vamos votar.

Vamos votar, aínda que isto se utiliza de forma retórica e non ten máis asunto.

I. Votación dos estados de gastos

O señor PRESIDENTE: É unha votación un pouco complexa. Silencio, por favor.

Propoñolles un pouco de atención, a ver se nos pode saír. Señora Prado, por favor, pídlolle silencio. Se queren que votemos... Isto todo o único que vai facer é que dilatemos isto moito máis. Eu non teño problema; imos ir todos con calma. Tranquilos —¡se temos ata as doce da noite!—, non hai problema ningún.

Entón, vamos votar, se lles parece. O esquema é: primeiro imos votar os estados de gastos e despois votaremos o articulado. Iniciamos a votación dos estados de gastos, propoñemos unha votación conxunta ás emendas de cada un dos grupos parlamentarios ás seccións, agás aquelas votacións separadas que eu irei lendo.

Entón comezamos.

Votación das emendas aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais

O señor PRESIDENTE: Votación das emendas do Grupo Parlamentario Mixto. Sométense a votación as emendas do Grupo Parlamentario Mixto. O Grupo Parlamentario Socialista pide que se voten por separado as emendas número 110 á 133.

Votamos este grupo de emendas que pide que se separen o Grupo Parlamentario Socialista.



Votación das emendas 110 á 133 do G. P. Mixto aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora unhas emendas que pide por separado o propio Grupo Parlamentario Mixto, en concreto —¡atención, por favor!— a número 32, a 82, a 83, a 94, a 99, a 109, a 84, a 85, a 86, a 100 e a 108 —que se corresponde coa Axencia Galega de Innovación—.*

Votación das emendas 32, 82, 83, 84, 85, 86, 94, 99, 100, 108 e 109 do G. P. Mixto aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *O mesmo Grupo Parlamentario Mixto pide tamén por separado as emendas 158, 162, 166 e 173.*

Votación das emendas 158, 162, 166 e 173 do G. P. Mixto aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *E, por último, a emenda 195.*

Votación da emenda 195 do G. P. Mixto aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: *Agora votamos o resto das emendas do Grupo Parlamentario Mixto.*



Votación conxunta das emendas do G. P. Mixto aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais, agás as emendas deste grupo xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

O Grupo Parlamentario Socialista pediu por separado que se votasen as emendas números 80 á 121, 365 á 368, 179 á 181, 203 á 209, 212 á 217, 220 á 234, 236 e 313.

Votación das emendas 80 á 121, 365 á 368, 179 á 181, 203 á 209, 212 á 217, 220 á 234, 236 e 313 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *E agora votamos o resto das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*

Votación conxunta das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais, agás as emendas deste grupo xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Común da Esquerda.*

Pediu o Grupo Parlamentario Socialista que se votasen por separado as emendas 18, 27, 167 á 208 e a 244.

Votación das emendas 18, 27, 167 á 208 e a 244 do G. P. do Grupo Común da Esquerda aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 39; abstencións, 14.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto das emendas do Grupo Parlamentario Común da Esquerda.

Votación conxunta das emendas do G. P. do Grupo Común da Esquerda aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais, agás as emendas deste grupo xa votadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o conxunto das emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia aos orzamentos das seccións e das entidades públicas instrumentais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votación dos orzamentos de todas as seccións e de todas as entidades públicas instrumentais

O señor PRESIDENTE: Votamos agora —tamén mediante votación conxunta— os orzamentos de todas as seccións e de todas as entidades públicas instrumentais.

Hai unha petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego para separar algunhas seccións. ¿Pódense votar conxuntamente todas estas? (*Asentimento.*)

Entón, en concreto, sería separar a sección 1, que é o Parlamento; a sección 2, o Consello de Contas; a sección 3, o Consello da Cultura Galega; e a sección 20, o Consello Consultivo. (*Murmurios.*)

Vamos ver, é unha votación conxunta... (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) (*Prodúcese un erro na votación.*) (*Murmurios.*)

Eu xa dixen que había que estar atentos e entendeuse mal. (*Murmurios.*) Pero hai que repetir esta votación. (*Balbordo.*) ¡Por favor, home!, ¡por favor! ¡Non ten volta de folla, home! ¡Non ten volta de folla! (*Fortes murmurios.*)



¡A ver!, ¡veña! Volvemos votar. (*Balbordo.*) Volvemos votar porque, entre outras cousas, quedaría sen aprobar o do Parlamento. (*Risos.*)(*Murmurios.*) ¡Por favor! Vamos ser un pouco sensatos coas cousas. (*Murmurios.*)

Vamos votar outra vez. É que houbo un erro e ao mellor isto foi mal entendido. Estamos xa na votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e todas as entidades públicas. (*Murmurios.*) Entón, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego pediu por separado as que dixen: Parlamento, Consello de Contas, Consello da Cultura Galega e Consello Consultivo. (*Murmurios.*)

Votación dos orzamentos da sección 01 (Parlamento de Galicia), da sección 02 (Consello de Contas), da sección 03 (Consello da Cultura Galega) e da sección 20 (Consello Consultivo de Galicia)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 14; abstencións, 20.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os orzamentos destas seccións.

O señor PRESIDENTE: Votamos os das entidades públicas instrumentais de consulta e asesoramento, que tamén o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego pediu por separado. Neste caso sería o Consello Económico e Social e o Consello Galego de Relacións Laborais.

Votación dos orzamentos do Consello Económico e Social e do Consello Galego de Relacións Laborais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 14; abstencións, 20.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os orzamentos destas entidades.

O señor PRESIDENTE: E votamos agora conxuntamente os orzamentos do resto de seccións e entidades públicas.

Votación conxunta dos orzamentos de todas as seccións e entidades públicas instrumentais, agás os das seccións e entidades votados previamente.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os orzamentos de todas estas seccións e entidades públicas instrumentais.



II. Votación do texto articulado

O señor PRESIDENTE: Agora pasamos á votación do texto articulado do ditame, e procedemos á votación conxunta das emendas de cada grupo parlamentario ao articulado. Non hai neste caso peticións de votación por separado.

Entón, votamos, en primeiro lugar, as emendas do Grupo Parlamentario Mixto.

Votación conxunta das emendas do G. P. Mixto ao articulado do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación conxunta das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao articulado do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas do Grupo Común da Esquerda.

Votación conxunta das emendas do G. P. do Grupo Común da Esquerda ao articulado do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao articulado do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E agora —atención— votamos o texto articulado do ditame coas emendas aceptadas se fose o caso —que non o é—.

Votación do texto articulado do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 34.

O resultado da votación é positivo.



En consecuencia, queda aprobado o texto articulado do ditame.

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, quedan aprobados os orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2020. *(Aplausos.)*

Agora deberíase de levantar a sesión, pero non se pode levantar porque temos que seguir —como ben saben—. Pero o pleno específico de orzamentos rematou.

Remata a sesión ás tres e corenta e cinco minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

